

# Eugénie Grandet

Honoré de Balzac

Tradución de Emma Lázare Rodríguez



# Honoré de Balzac

## Eugénie Grandet

Versión galega de Emma Lázare Rodríguez

A María<sup>1</sup>

*O voso retrato é o máis fermoso ornamento desta obra, que o voso nome sexa tamén nela coma unha rama de buxo bendito, collida dunha árbore calquera, pero santificada pola relixión, sempre verde e renovada por mans piadosas, para protexe-la casa.*

DE BALZAC

Nalgunhas cidades de provincias encóntranse casas que a súa contemplación inspira unha melancolía igual á que provocan os claustros máis sombríos, as landas máis devastadas ou as ruínas máis tristes. Tal vez haxa nesas casas o silencio do claustro, a aridez das landas e as osamentas das ruínas á vez: nelas a vida e o movemento son tan sosegados que un forasteiro crería que están deshabitadas, se non atopase de pronto coa ollada pálida e fría dunha persoa inmóbil, co rostro, case monacal, sobresaíndo do peitoril da ventá, ó ruído dun paso descoñecido.

Estes signos de melancolía danse na fisionomía dunha mansión situada en Saumur, ó cabo da rúa empinada que leva ó castelo, na parte alta da vila. Esa rúa, agora pouco frecuentada, calorosa no verán, fría no inverno, escura nalgúns tramos, é notable pola sonoridade do seu vulgar pavimento miúdo, sempre limpo e seco, pola angostura do seu percorrido tortuoso e a paz das súas casas, que pertencen á parte vella da cidade e que están dominadas polas murallas. Vivendas tres veces seculares, ben que construídas en madeira, aínda se manteñen sólidas, e as súas diversas configuracións contribúen á orixinalidade que fai recomendable esa parte de Saumur á atención de anticuarios e de artistas.

É difícil pasar ante esas casas sen admira-los enormes madeiros

cos extremos presentando estrañas figuras talladas e que coroan, cun baixorrelevo negro, a planta baixa da maioría delas. Aquí, uns paos traveseiros cubertos de lousa debuxan liñas azuis sobre as febles paredes dunha vivenda rematada nun teito de madeira que os anos pregaron e as súas viguetas podres retorceu a acción alternativa da choiva e do sol. Alí aparecen peitorís de ventá gastados, ennegrecidos, con delicadas esculturas que a penas se distinguen e que semellan lixeiros de máis para o testo de arxila parda do que xorden os caraveis ou as roseiras dunha pobre obreira. Acolá, son portas gornecidas de cravos enormes, onde o xenio dos nosos antecesores trazou xeroglíficos domésticos dos que xamais se descubrirá o significado. Ora un protestante asinou alí a súa fe, ora un conxurado da Liga maldiciu a Henrique IV. Algún burgués gravou alí as insignias da súa *nobreza de campás*<sup>2</sup>, a gloria da súa época esquecida de rexedor. A historia de Francia está alí toda enteira. A carón da trémula casa de muros recheos de cascote onde o artesán deificou a súa garlopa, álzase a mansión dun xentilhome, na que aínda se poden ver, sobre o arco pétreo da porta, vestixios do seu escudo de armas, deteriorado polas diversas revolucións que, desde 1789, axitaron o país.

Nesa rúa, as plantas baixas comerciais non son nin tendas nin almacéns, os amigos da Idade Media recoñecerían alí os obradoiros dos nosos pais en toda a súa inxenua simplicidade. Esas salas baixas, que non teñen escaparate, nin mostrador, nin cristais, son profundas, escuras e carecen de ornamentos, exteriores ou interiores. A súa porta, groseiramente ferrada, ábrese en dúas partes, a superior reprégase cara a dentro e a inferior, provista dunha campaiña con espiral, vai e vén constantemente. O aire e maila luz chegan a esa especie de antro húmido ou pola parte alta da porta ou polo espacio que queda entre a bóveda, o piso e un murete no que encaixan uns sólidos postigos, retirados pola mañá e repostos á noite, e mantidos cunhas barras de ferro aparafusadas. Ese murete serve para expoñe-las mercadorías do negociante. Alí non hai charlatanería. Segundo a natureza do comercio, as mostras consisten en dous ou tres caldeiros cheos de sal e de bacallao, algúns paquetes de tea para velas, cordame, latón pendurado das trabes do piso e en aros ó longo da parede, ou ben algunhas pezas de pano nuns andeis.

Entrade. Unha moza limpa, resplandecente de xuventude, cun pano branco na cabeza e os brazos colorados, deixa a súa calceta, chama por seu pai ou por súa nai, que veñen onda vós e véndenvo-lo que desexedes, flegmática, compracente ou arrogantemente, segundo o seu carácter, sexan dous céntimos, sexan vinte mil francos de mercadoría. Veredes un comerciante

de madeiras sentado á porta, xirando os polgares en tanto que parola cun veciño; non posúe en aparencia máis ca unhas ruíns táboas de botellas e dous ou tres paquetes de taboíñas; pero no porto, o seu depósito cheo abastece a tódolos toneleiros do Anxou; sabe, táboa máis ou menos, con cantas barricas *pode* se a colleita é boa; un día de sol enriquece, un tempo chuvioso arruínao: nunha soa mañá os pipotes valen once francos ou baixan a seis libras.

Nese país, coma na Turena, as vicisitudes da atmosfera dominan a vida comercial. Viticultores, propietarios, madeireiros, toneleiros, pousadeiros, mariños, todos andan ó asexo dun raio de sol; tremen cando se deitan por se ó día seguinte comprobán que xeou durante a noite; temen a choiva, o vento, a seca e queren auga, calor ou nubes, á súa fantasía. Hai un duelo constante entre o ceo e os intereses terrestres. O barómetro ora entristece, ora anima, ora alegra as fisionomías. Dun extremo ó outro daquela rúa, a antiga Grand'rue de Saumur, estas palabras: "¡Vai un tempo de ouro!" circulan de porta en porta. Así que cada un respóndelle ó veciño: "Choven luíses", sabendo o que lle achegan un raio de sol ou unha oportuna choiva.

No verán, ós sábados contra o medio día, cando vai bo tempo, non conseguiriades un patacón de mercancía nas casas destes bravos industriais. Todos teñen a súa viña, a súa finca, e van pasar dous días ó campo.

Alí, como todo está previsto, a compra, a venda e o proveito, sucede que os comerciantes teñen case todo o día para dedicalo a alegres partidas, observacións, comentarios e espionaxes continuas. Unha ama de casa non pode comprar unha perdiz sen que os veciños non lle pregunten ó marido se estaba no seu punto. Unha moza non se asoma á ventá sen ser vista por tódolos grupos de desocupados. Alí, polo tanto, as conciencias están á luz do día, igual que esas casas impenetrables, negras e silenciosas, non teñen misterios.

A vida case sempre transcorre ó aire libre: cada familia senta á porta, xanta, cea e discute alí. Non pasa ninguén pola rúa que non sexa estudiado. Coma noutrora, cando un forasteiro chegaba a unha capital de provincias, tomábanlle o pelo de porta en porta. De aí os chistes, de aí a sona de burlóns dos habitantes de Anxers, que sobresaían nesas mofas urbanas. As antigas mansións da cidade vella están situadas na cima daquela rúa, antigamente habitada polos xentilhomes da comarca.

A vivenda chea de melancolía onde sucederon os

acontecementos desta historia era precisamente unha daquelas casonas, restos venerables dun século no que as cousas e os homes tiñan ese carácter de simplicidade que os costumes franceses perden día a día. Tras segui-las reviravoltas daquel pintoresco camiño, cos seus menores accidentes que espertan lembranzas e o seu efecto xeral que tende a sumir a un nunha especie de abstracción maquinal, albiscaredes un declive bastante sombrío, no medio do cal se esconde a porta da casa *Grandet*. É imposible comprender-lo valor desa expresión provinciana sen explica-la biografía do señor Grandet.

O señor Grandet gozaba en Saumur dunha reputación da que as causas e efectos non poderán comprender perfectamente as persoas que non teñan, nin pouco nin moito, vivido en provincias. O señor Grandet, ó que algúns vellos, dos que o número diminuíra sensiblemente, aínda chamaban tío Grandet, era en 1789 un mestre toneleiro moi acomodado, que sabía ler escribir e contar. Cando a República Francesa puxo en venda os bens do clero no distrito de Saumur, o toneleiro, que andaba daquela polos corenta anos, acababa de casar coa filla dun rico tratante en madeiras. Grandet, provisto da súa fortuna en metálico e do dote, dous mil luíses de ouro, foi ó distrito onde, mediante douscentos dobres luíses ofrecidos polo seu sogro ó feroz republicano que vixiaba a venda das propiedades nacionais, conseguiu por un bocado de pan, legalmente, se non lexitimamente, os máis fermosos viñedos do distrito, unha vella abadía e algunhas casas de labor. Como os habitantes de Saumur eran pouco revolucionarios, o tío Grandet pasou por ser un home moi ousado, un republicano, un patriota, un espírito ó que se lle daban as novas ideas, mentres que ó toneleiro dábanselle simplemente as viñas.

Foi nomeado membro da administración do distrito de Saumur e a súa influencia pacífica fíxose sentir política e comercialmente. Politicamente protexeu ós antigos nobres e impediu no que puido a venda dos bens dos emigrados; comercialmente abasteceu os exércitos republicanos con mil ou dous mil pipotes de viño branco, e fixo que lle pagasen en soberbias praderías dependentes dunha comunidade de relixiosas, que se reservaran para un derradeiro lote. Baixo o Consulado, o bo de Grandet chegou a ser alcalde, administrou sabiamente, vendimou aínda mellor; baixo o Imperio, converteuse no señor Grandet.

A Napoleón non lle gustaban os republicanos: substituíu ó señor Grandet, que pasaba por ter levado o gorro frixio, por un gran terratenente, un home de apelido con "de", un futuro barón do Imperio. O señor Grandet abandonou os honores municipais sen ningún pesar. Mandara facer, en interese da vila, excelentes

camiños que conducían ás súas propiedades. A súa casa e os seus bens, con moita vantaxe rexistrados no catastro, pagaban impostos moderados. Trala clasificación das súas diferentes fincas, as súas viñas, gracias ós constantes coidados prodigados, puxéranse á cabeza do país, expresión técnica en uso para designa-los viñedos que producen o viño da mellor calidade. Podería ter solicitado a cruz da Lexión de Honor.

O acontecemento tivo lugar en 1806. O señor Grandet andaba entón polos cincuenta e sete anos e a súa muller polos trinta e seis, máis ou menos. Unha filla única, froito dos seus lexítimos amores, tiña dez anos.

O señor Grandet, que a Providencia quixo sen dúbida consolar da súa desgracia administrativa, herdou sucesivamente durante aquel ano da señora de La Gaudinière, de solteira La Bertellière, nai da señora Grandet; despois, do anciá señor La Bertellière, pai da defunta; e aínda da señora Gentillet, avoa pola banda materna: tres sucesións de importancia que non foi coñecida por ninguén. A avaricia daqueles tres vellos era tan extremada que levaban moito tempo amontoando cartos só para podelos contemplar en segredo. O vello señor La Bertellière chamáballe prodigalidade a un investimento, pois atopaba intereses máis elevados no aspecto do ouro que nos beneficios da usura. De maneira que, a vila de Saumur estimou o valor dos aforros considerando as ganancias dos bens visibles.

O señor Grandet conseguiu entón o novo título de nobreza que a nosa manía igualitaria non borrará xamais, converteuse no *maior contribuínte* do distrito. Explotaba cen fanegas de viñas, que nos anos fértiles producían de sete a oitocentas barricas de viño. Posuía trece propiedades, unha vella abadía na que, por aforrar, mandara tapiar ventás, oxivas e vidreiras, cousa que as conservou, e cento vinteseite fanegas de praderías nas que medraban e engrosaban tres mil álamos plantados en 1793. En fin, a casa na que vivía era súa. Así se estableceu a súa fortuna visible.

En canto ós seus capitais, dúas únicas persoas podían vagamente estima-la súa importancia: unha era o señor Cruchot, o notario encargado dos investimentos usureiros do señor Grandet; a outra, o señor des Grassins, o banqueiro máis rico de Saumur, nos beneficios do cal participaba o viñateiro á súa conveniencia e en segredo. Aínda que o vello Cruchot e o señor des Grassins fosen donos desa fonda discreción que orixina en provincias a confianza e a fortuna, testemuñábanlle publicamente ó señor Grandet tanto respecto que os observadores podían medi-

la extensión dos capitais do antigo alcalde polo alcance da obsequiosa consideración da que era obxecto. Non había en Saumur ninguén que non estivese convencido de que o señor Grandet non tivese un tesouro particular, un acubillo ateigado de luíses e de que non se entregase con nocturnidade ós inefables gozos que procura a contemplación dunha gran masa de ouro. Os avariciosos tiñan case a convicción cando vían os ollos do bo home ós que o dourado metal semellaba ter comunicado os seus matices. A ollada dun home acostumado a sacar dos seus capitais un interese enorme contrae necesariamente, coma a do voluptuoso, a do xogador ou a do cortesán, certos hábitos indefinibles, movementos furtivos, ávidos, misteriosos, que non escapan ós seus correligionarios. Esa linguaxe secreta forma, dalgún xeito, a francmasonería das paixóns.

Por iso, o señor Grandet inspiraba a estima respectuosa que merecía un home que non lle debía nunca nada a ninguén, que, como vello toneleiro e vello viñateiro, adiviñaba coa precisión dun astrónomo cando había que fabricar para a súa colleita mil barricas ou soamente cincocentas; que non perdía unha soa especulación, que sempre tiña toneis para vender incluso se valían máis caros có produto que se ía almacenar, que podía garda-la súa vendima nas adegas e esperar polo momento de da-la barrica a douscentos francos, cando os pequenos propietarios daban as súas a cinco luíses. A súa famosa colleita de 1811, sabiamente almacenada, lentamente vendida, producíralle máis de duascentas corenta mil libras.

Financeiramente falando, o señor Grandet tiña algo de tigre e de boa: sabía deitarse, acazaparse, observar longo tempo a súa presa, saltar sobre ela; despois, abría as fauces da súa bolsa, engulía unha carga de escudos e deitábase tranquilamente, coma a serpe que fai a dixestión, impasible, frío, metódico. Ninguén o vía pasar sen experimentar un sentimento de admiración mesturado con respecto e terror. ¿Non sentira cada un, en Saumur, a rabuñadura cortés das súas poutas de aceiro? A este, o notario Cruchoy procuráralle o diñeiro necesario para a compra dunha propiedade, pero ó once por cento; a aquel o señor des Grassins descontáralle unhas letras de cambio, pero a un interese espantoso.

Poucos días pasaban sen que o nome do señor Grandet non fose pronunciado, sexa no mercado, sexa nas reunións, nas conversacións da vila. Para algunhas persoas a fortuna do vello viñateiro era obxecto dun orgullo patriótico. De modo que, máis dun negociante ou dun pousadeiro ldicía ós forasteiros con certa satisfacción:

—Señor, aquí temos dúas ou tres casas millonarias, pero en canto ó señor Grandet, ¡nin el mesmo coñece a súa fortuna!

En 1816, os máis hábiles calculadores de Saumur estimaban os bens territoriais do bo home nuns catro millóns; pero, dado que, desde 1793 ata 1817, debiera gañar, por termo medio, cen mil francos ó ano coas súas propiedades, era presumible que posuise en metálico unha suma case igual á dos seus bens inmobles. Así que, se despois dunha partida de boston, ou dalgunha conversa sobre os viñedos, se daba en falar do señor Grandet, as persoas máis informadas dicían:

—¿O tío Grandet?... o tío Grandet debe ter cinco ou seis millóns.

—É vostede máis listo ca min, eu nunca puiden sabe-lo total – respondían o señor Cruchot ou o señor des Grassins, cando oían estes propósitos.

¿Que algún parisiense falaba dos Rothschild ou do señor Laffitte?, a xente de Saumur preguntaba se eran tan ricos coma o señor Grandet. Se o parisiense soltaba sorrindo unha desdeñosa afirmación, ollábanse meneando a cabeza con incredulidade.

Tamaña fortuna cubría cun manto de ouro tódalas accións daquel home. Se, ó principio, algunhas particularidades da súa vida deran lugar ó ridículo e á burla, a burla e o ridículo acabáranse. Nos seus mínimos actos, o señor Grandet tiña a favor del a autoridade da cousa xulgada. A súa palabra, a súa vestimenta, os seus xestos, o seu chiscar de ollos, facían a lei na comarca, onde todos, despois de estudialo como un naturalista estudia os efectos do instinto nos animais, puideran recoñecer a profunda e muda sabedoría dos seus máis lixeiros movementos.

—O inverno vai ser duro –dicían–, o tío Grandet puxo as luvas forradas: hai que vendimar.

—O tío Grandet merca moita madeira para doelas, vai haber viño este ano.

O señor Grandet nunca mercaba nin carne nin pan. Os caseiros traíanlle como renda cada semana unha provisión suficiente de capóns, polos, ovos, manteiga e trigo. Posuía un muíño, e o arrendatario, amais de paga-lo arrendamento, debía ir á súa casa por unha certa cantidade de gran e levarlle logo o farelo e maia fariña. A gran Nanon, a súa única servente, que xa non era nova, cocía tódolos sábados o pan da casa. O señor Grandet acordara cos horticultores, arrendatarios seus, que lle subministrasen as



hortalizas. En canto á froita, era tal a cantidade que collía que mandaba vender unha gran parte no mercado. A leña para quentarse cortábase nas súas sebes ou collíase nas vellas árbores medio podres á beira dos seus campos; e os caseiros carretábanlla partida á vila e colocábanlla amablemente no leñeiro, recibindo só o seu agradecemento. Os seus únicos gastos coñecidos eran o pan bendito, a roupa da súa muller e da súa filla e o pagamento das súas cadeiras na igrexa, a luz, o salario de Nanon, a estañadura das potas, a liquidación da contribución, as reparacións dos seus edificios e os gastos das súas explotacións. Tiña seiscentas fanegas de bosques recentemente comprados que lle vixiaba o garda dun veciño, ó que lle prometía unha compensación. Só desde esta adquisición comía caza.

Os modais daquel home eran moi sinxelos. Falaba pouco. Xeralmente expresaba as súas ideas con pequenas frases sentenciosas e ditas con voz suave. Desde a Revolución, época na que se fixo coñecido, o bo home tateaba de maneira fatigosa en canto tiña que disertar longamente ou soste unha discusión. Ese farfallar, a incoherencia da súas frases, o fluxo de palabras nas que afogaba o seu pensamento e a súa aparente falta de lóxica, atribuídos á súa carencia de educación, eran simulados e serán suficientemente explicados por algúns acontecementos desta historia. Por outra banda, catro frases exactas coma fórmulas alxebrista servíanlle habitualmente para abarcar e resolver tódalas dificultades da vida e do comercio: "Non sei", "non podo", "non quero", "xa veremos". Nunca dicía *si* ou *non* e non escribía nunca. Se lle falaban, el escoitaba friamente, co queixelo na man dereita, apoiando o cóbado dereito no dorso da man esquerda e, sobre o asunto que fose, formaba opinións que nunca rectificaba. Meditaba longamente as máis mínimas transaccións.

Cando, tras prudente conversa, o seu adversario xa lle entregara o segredo das súas pretensións crendo telo convencido, el respondíalle:

—Non podo concluír nada sen consultar coa miña muller.

A súa muller, que el reducira a un ilotismo case completo, era a máis cómoda cobertura nos seus negocios.

Nunca ía á casa de ninguén, non querendo nin recibir nin invitar a ninguén; nunca facía ruído, e parecía aforrar todo, mesmo o movemento. Non molestaba nas casas dos demais por un respecto constante da propiedade. Sen embargo, pese á suavidade da súa voz e ó seu comportamento circunspecto, a

linguaxe e os costumes do toneleiro impoñíanse, sobre todo cando estaba na súa casa, onde se cohibía menos que en ningunha outra parte.

Fisicamente, Grandet era un home de cinco pés de alto<sup>3</sup>, rexo, cadrado, cunha barriga da perna de doce polgadas<sup>4</sup> de circunferencia, rótulas nodosas e anchos ombreiros; a súa faciana era redonda, curtida, picada das vixigas; o queixelo recto, os labios non ofrecían ningunha sinuosidade e os seus dentes eran brancos; os ollos tiñan a expresión tranquila e devoradora que o pobo atribúe ó basilisco; a súa fronte sucada de engurras transversais non carecía de protuberancias significativas; os cabelo amarelento e agrisado era branco e ouro, como dicía algunha xente nova que ignoraba a gravidade dunha broma sobre o señor Grandet. O nariz, de punta avultada, soportaba un lobiño venoso que o común da xente dicía, non sen razón, que estaba cheo de malicia. Aquela cara anunciaba unha perspicacia perigosa, unha probidade sen calor, o egoísmo dun home habituado a concentra-los seus sentimentos no goce da avaricia e no único ser que lle importase realmente algo, a súa filla Eugénie, a súa única herdeira. Actitude, maneiras, modo de andar, todo nel, polo demais, aseveraba esa fe en si mesmo que dá o costume de triunfar sempre nas súas empresas. De xeito que, aínda que de hábitos simples e mansos en aparencia, o señor Grandet tiña un carácter de bronce.

Sempre vestido da mesma maneira, os que o vían hoxe víano tal como andaba en 1791. Ataba os fortes zapatos con amallós; levaba, inverno e verán, medias tecidas de la, calzón curto de grosso pano marrón con fibelas de prata, chaleco de veludo alternando raias verdes e cor pulga, abotoado de arriba abaixo, ampla levita marrón de grandes faldróns, gravata negra e sombreiro de cuáquero. As luvas, sólidas coma as dos xendarmes, durábanlle vinte meses e, para conservalas limpas, pousábaas na aba do sombreiro, sempre no mesmo sitio, cun xesto metódico.

Saumur non sabía nada máis sobre aquel personaxe. Soamente seis habitantes tiñan dereito a ir a aquela casa. O máis notable dos tres primeiros era o sobriño do señor Cruchot. Desde o seu nomeamento como presidente do Tribunal de Primeira Instancia de Saumur, aquel mozo unira ó nome de Cruchot o de Bonfons, e afanábase por facer prevalecer Bonfons sobre Cruchot. Xa asinaba C. de Bonfons. O litigante tan desinformado como para chamarlle "señor Cruchot" na audiencia, axiña se decatara da súa estupidez. O maxistrado protexía ós que lle dicían "señor presidente", pero favorecía cos seus máis graciosos sorrisos ós

aduladores que lle chamaban "señor de Bonfons". O señor presidente tiña trinta e tres anos, posuía o dominio de Bonfons (*Boni Fontis*) cun valor de sete mil libras de renda; esperaba a herdanza do seu tío o notario e a do seu tío o abade Cruchot, dignitario do cabido de Saint-Martin de Tours, ámbolos dous con sona de seren abondo ricos. Eses tres Cruchot, sustentados por un bo número de primos, emparentados con vinte casas da vila, formaban un partido, como antano en Florencia os Médicis; e, coma os Médicis, os Cruchot tiñan os seus Pazzi<sup>5</sup>.

A señora des Grassins, nai dun mozo de vintetrés anos, ía asiduamente xoga-los naipes coa señora Grandet, coa esperanza de casa-lo seu querido Adolphe coa señorita Eugénie. O señor des Grassins, o banqueiro, favorecía vigorosamente as manobras da súa muller cos constantes servicios que lle prestaba en segredo ó vello avaro e chegaba sempre a tempo ó campo de batalla. Eses tres des Grassins tiñan igualmente os seus adeptos, primos e aliados fieis.

Por parte dos Cruchot, o sacerdote, o Talleyrand da familia, firmemente auxiliado polo seu irmán, o notario, disputáballe enerxicamente o terreo á financeira, e intentaba reservarlle a rica herdanza ó seu sobriño o presidente. Este combate sixiloso entre os Cruchot e os des Grassins, o prezo do cal era a man de Eugénie Grandet, ocupaba apaixonadamente ós diversos grupos sociais de Saumur.

¿A señorita Grandet casará co señor presidente ou co señor Adolphe des Grassins? A este dilema, uns respondían que o señor Grandet non lles daría a súa filla nin a un nin ó outro.

O antigo toneleiro, devorado pola ambición, dicían, buscaba para xenro algún par de Francia, ó cal trescentas mil libras de renda farían aceptar tódolos toneis pasados, presentes e futuros dos Grandet. Outros replicaban que o señor e maila señora des Grassins eran nobres, inmensamente ricos, que Adolphe era un cabaleiro ben xentil e que, a menos que Grandet tivese un sobriño de papa na manga, unha alianza tan conveniente debía satisfacer a unha xente tan vulgar, a un home que todo Saumur vira desbastadora en man, e que, por outra banda, levara o gorro frixio. Os máis sensatos facían observar que o señor Cruchot de Bonfons podía entrar a calquera hora na vivenda, mentres que o seu rival só era recibido alí os domingos. Estes sostiñan que a señora des Grassins, máis unida ás mulleres da casa Grandet cós Cruchot, podía inculcarlle certas ideas que lle farían, cedo ou tarde, ter éxito. Aqueles replicaban que o padre Cruchot era o home máis insinuante do mundo e que muller contra cura, a

partida atopábase igualada.

—Están empatados —diciá un home sagaz de Saumur.

Mellor instruídos, os vellos da comarca pretendían que os Grandet eran demasiado astutos como para deixar saír da familia os seus bens, a señorita Eugénie Grandet de Saumur casaría co fillo do señor Grandet de París, rico comerciante de viños por xunto. A isto, os cruchotiños e os grassinistas respondían:

—En primeiro lugar, os dous irmáns non se viron nin dúas veces en trinta anos. Despois, o señor Grandet de París ten altas pretensións para o seu fillo. É alcalde de distrito, deputado, coronel da garda nacional, xuíz do Tribunal de Comercio; renega dos Grandet de Saumur e pretende aliarse con algunha familia ducal pola gracia de Napoleón.

¿Que non se diría dunha herdeira da que se falaba en vinte leguas á redonda e ata nos coches públicos, incluso nos de Anxers a Blois?

A comezos de 1818, os cruchotiños conseguiron unha sinalada vantaxe sobre os grassinistas. A terra de Froidfond, notable polo seu parque, o seu admirable castelo, as súas fincas, ríos, estanques, bosques, e que valía tres millóns, foi posta en venda polo marqués novo de Froidfond obrigado a liquida-lo seu capital. O letrado Cruchot, o presidente Cruchot e maiño abade Cruchot, axudados polos seus partidarios, conseguiron impedi-la venda en pequenos lotes. O notario concluíu co marqués mozo unha transacción de ouro convencéndoo de que habería innumerables demandas que dirixir contra os adxudicatarios antes de conseguir cobra-lo prezo dos lotes; máis valía venderlle ó señor Grandet, home solvente e capaz, ademais, de pagar toda a propiedade en efectivo. O fermoso marquesado de Froidfond foi entón transportado ó esófago do señor Grandet, quen, para grande asombro de Saumur, o pagou, cun desconto, ó contado, despois das formalidades. Aquel negocio deu que falar en Nantes e Orleáns. O señor Grandet foi ve-lo seu castelo aproveitando unha carreta que regresaba para alá. Tras botarlle á propiedade a ollada do amo, volveu para Saumur, convencido de ter gañado o cinco por un co seu investimento e engaiolado pola magnífica idea de redondea-lo marquesado de Froidfond uníndolle tódolos seus bens. Logo, para encher de novo o seu tesouro case baleiro, decidiu cortar tódalas súas árbores, os seus bosques e explota-los álamos das súas praderías.

Agora é doado comprender todo o valor desta expresión: *a casa*

*Grandet*, aquela casona descolorida, fría, silenciosa, situada na parte alta da vila e abrigada polas ruínas das murallas. Os dous piares e a bóveda que formaban o oco da porta, foran, coma a casa, construídos en toba, pedra calcaria característica das ribeiras do Loira e tan branda que a súa duración media é de a penas douscentos anos. As fendas desiguais e numerosas que as inclemencias do tempo practicaran estrañamente nela dábanlle á cimbra e ós esteos desa abertura a aparencia das pedras vermiculadas da arquitectura francesa e certo parecido co pórtico dunha prisión. Por riba da cimbra reinaba un longo baixorrelevo esculpido en pedra dura, que representaba as catro estacións, coas figuras xa gastadas e ennegrecidas. Este baixorrelevo estaba dominado por un plinto saínte, sobre o que medraba unha variada vexetación debida ó azar, parietarias amarelas, correolas, convolvuláceas, chantaxe e unha pequena cerdeira xa bastante crecida.

A porta, de carballo macizo, parda, resequida, agretada por todas partes, fráxil en aparencia, estaba solidamente sostida por un sistema de gonzos que figuraban debuxos xeométricos. Unha reixa cadrada, pequena, pero de barrotes moi xuntos e vermellos de ferruxe, ocupaba o centro da porta bastarda e servía, por así dicir, de motivo a un petador unido a ela por un anel e que petaba na cabeza xesticulante dun cravo mestre. Ese petador, de forma oblonga e do xénero deses que os nosos antepasados chamaban *Jaquemart*, parecía un gran signo de admiración; examinándoo con atención, un anticuario atoparía nel algúns indicios da figura esencialmente bufa que representaba noutrora e que o dilatado uso borrara. Pola pequena fenda destinada a recoñecer-los amigos no tempo das guerras civís, os curiosos podían albiscar, ó fondo dunha bóveda escura e verdosa, uns chanzos degradados polos que se subía a un xardín pintorescamente delimitado por grosas paredes, húmidas, chorreantes, e cheas de matas de arbustos raquíuticos. Eran as paredes da muralla sobre a que se elevaban os xardíns dalgunhas casas veciñas.

Na planta baixa da casa, a peza máis notable era unha *sala* coa entrada que se atopaba baixo a bóveda da porta cocheira. Poucas persoas coñecen a importancia dunha sala nas pequenas vilas do Anxou, da Turena e do Berry. A sala é, á vez, antecámara, salón, despacho, tocador e comedor; é o teatro da vida doméstica, o fogar común; alí ía o barbeiro do barrio dúas veces ó ano cortarlle o pelo ó señor Grandet; alí entraban os caseiros, o cura, o subprefecto, o mozo do muíño. Aquela peza, con dúas fiestras que daban á rúa, estaba revestida de madeira; cuberta de arriba abaixo por paneis grises con molduras antigas; o teito estaba composto de vigas vistas, igualmente pintadas en gris, con

espacios intermedios dun branco de borra amarelecido.

Un vello reloxo de parede en cobre con incrustacións de arabescos de nácara adornaba o lintel da cheminea en pedra branca ordinariamente esculpida, sobre a que había un espello verdoso no que os bordos, biselados para mostrar o seu grosor, reflectían un fío de luz ó longo dun marco gótico de aceiro damasquinado. Os dous candeeiros de cobre dourado que decoraban cada un dos ángulos da cheminea servían para dous fins; quitándolle as rosas que facían de arandelas, adaptándose a súa rama principal a un pedestal de mármore azulado con adornos de cobre vello, ese pedestal constituía un candeeiro para os días correntes.

Os asentos, dun modelo antigo, estaban gornecidos dunha tapicería que representaba as fábulas de La Fontaine; pero había que sabelo para recoñece-los temas, pois dificilmente se apreciaban con aquelas cores esvaecidas e as figuras cribadas de zurcidos. Os catro ángulos daquela sala ocupábanos unhas cantoneiras, especie de aparadores rematados por estantes graxentos. No espacio entre as ventás había unha vella mesa de xogo en marquetería, cun taboleiro de xadrez na tapa. Por riba daquela mesa achábase un barómetro oval, con orla negra e adornado cuns lazos de madeira dourada nos que as moscas rebrincaran tan licenciosamente que distingui-lo dourado era un problema.

Na parede oposta á cheminea, dous retratos ó pastel supostamente representaban o avó da señora Grandet, o vello señor de La Bertellière, co uniforme de tenente das gardas francesas e a defunta señora Gentillet, vestida de pastora. Das dúas fiestras colgaban as cortinas de pano de Tours vermello, suxeitas cuns cordóns de seda con borlas. Esta luxosa decoración, tan pouco en harmonía cos hábitos de Grandet, fora incluída na compra da casa, así coma o espello co seu marco, o reloxo, os mobles tapizados e mailas cantoneiras en pao de rosa.

Na ventá máis próxima á porta había unha cadeira de palla coas patas montadas sobre tacos, a fin de elevar á señora Grandet a unha altura que lle permitise ve-los que pasaban. Diante do peitoril estaba instalada unha mesa de costura en pao de cerdeira descolorido e xunto a ela achábase a pequena butaca de Eugénie Grandet. Dende había quince anos, tódolos días da nai e da filla transcorreron apracibles naquel lugar, nun traballo constante de abril a novembro. O día primeiro deste último mes, podían trasladarse ós seus sitios de inverno cabo da cheminea. Só ese día, Grandet permitía que se acendese o lume na sala e mandaba

que se apagase o trinta e un de marzo, sen reparar nin nos primeiros fríos do outono, nin nos da primavera. Un quentapés, mantido con brasas provenientes da cociña que a gran Nanon lles reservaba habilmente, axudaba á señora e á señorita Grandet a pasa-las mañás ou os seráns máis frescos dos meses de abril e de outubro. Nai e filla cosían toda a roupa branca da casa e empregaban tan concienciadamente os días nese verdadeiro labor de obreira que, se Eugénie quería bordarlle unha gorgueira á súa nai tiña que sacar horas do sono escondéndose de seu pai para ter luz. Había moito tempo que o avaro lles distribuía as buxías de sebo á súa filla e á gran Nanon, da mesma maneira que distribuía pola mañá o pan e os artigos necesarios para o consumo diario.

A gran Nanon era quizá a única criatura humana capaz de aceptalo despotismo do seu amo. Toda a vila lla envexaba ós señores Grandet.

A gran Nanon, así chamada por mor da súa elevada estatura de cinco pés e once polgadas, pertencíalle a Grandet dende había trinta e cinco anos. Aínda que non tivese máis ca sesenta libras de soldo, tiña sona de ser unha das criadas máis ricas de Saumur. Aquelas sesenta libras, acumuladas durante trinta e cinco anos, permitíranlle colocar recentemente catro mil libras en renda vitalicia na notaría de Cruhot. Ese resultado das longas e persistentes economías de Nanon pareceu xigantesco. Cada criada, véndolle á pobre sesaxenaria pan para os seus vellos días, tíñalle envexa sen pensar na dura servidume coa que fora adquirido. Á idade de vintedous anos, a pobre moza non se puidera colocar en ningunha casa, tan repulsiva resultaba a súa cara; e certamente ese sentimento era ben inxusto: a súa cara sería moi admirada sobre os ombros dun granadeiro da garda; pero para todo cómpre, disque, a oportunidade.

Obrigada a abandonar unha casa de labor incendiada, na que gardaba as vacas, foi a Saumur buscar onde servir, animada por ese robusto valor que non se para ante nada. O tío Grandet pensaba, daquela, en casar e xa quería poñer casa. Advertiu aquela moza rexeitada de porta en porta. Xuíz da súa forza corporal na súa calidade de toneleiro, adiviñou o partido que se podía sacar dunha criatura femia construída coma Hércules, plantada sobre os seus pés coma un carballo de sesenta anos sobre as súas raíces, de cadeiras anchas, lombo cadrado, con mans de carreteiro e unha honradez vigorosa como o era a súa virtude intacta. Nin as verrugas que adornaban aquel rostro marcial, nin o cute cor ladrillo, nin os brazos nervudos, nin os farrapos que cubrían a Nanon espantaron ó toneleiro, que se

atopaba aínda na idade en que o corazón se sobresaíta. Entón, vestiú, calzou, alimentou á pobre moza, deulle un soldo e empregouna sen a maltratar demais. Ó verse así acollida, a gran Nanon chorou de alegría en segredo e tomoulle un sincero cariño ó toneleiro que, por outra banda, explotouna dun xeito feudal. Nanon facía todo: a cociña, a bogada, ía lava-la roupa ó Loira, traíaa ó lombo; erguíase ó amencer, deitábase tarde; facía de comer para tódolos vendimadores durante as colleitas, vixiaba os portadores; defendía coma un can fiel o ben do seu amo; en fin, chea dunha confianza cega nel, obedecía sen murmurar as súas máis absurdas fantasías. Con ocasión do famoso ano de 1811<sup>6</sup>, no que a colleita custou traballos inauditos, despois de vinte anos de servicios, Grandet resolveu regalarlle o seu vello reloxo a Nanon, único agasallo que ela recibiu xamais del. Aínda que lle deixaba os seus zapatos vellos (a ela servíanlle), é imposible considera-lo aproveitamento trimestral dos zapatos de Grandet como un regalo, de tan gastados como estaban. A necesidade volveu aquela pobre moza tan avara que Grandet terminou por querela como se quere a un can, e Nanon deixárase poñer ó pescozo un colar de púas con puntas que xa non a picaban. Se Grandet cortaba o pan cun pouco de parsimonia, non se queixaba; participaba alegremente do proveito hixiénico que procuraba o réxime severo da casa, onde nunca estaba enfermo ninguén. Ademais, a Nanon formaba parte da familia: ría cando Grandet ría, entristecía-se, pasaba frío, quentábase, traballaba canda el. ¡Cantas doces compensacións había naquela igualdade! Nunca lle reprochara o amo á criada nin a pavía, o pexego, as ameixas ou os melocotóns que comía baixo a árbore.

—Veña, aproveita Nanon —dicíalle os anos en que as pólas se pregaban de tal modo co peso da froita que os caseiros se vían obrigados a darlla ós porcos.

Para unha moza do campo que na súa mocidade non sufrira máis que malos tratos, para unha pobre recollida por caridade, o riso equívoco do tío Grandet era un verdadeiro raio de sol. Ademais, no corazón simple, na cabeza limitada de Nanon só podían caber un sentimento e unha idea. Despois de trinta e cinco anos, seguíase a ver chegando ante o obradoiro do tío Grandet, descalza, en farrapos, e seguía oíndo o toneleiro que lle dicía: "¿Que quere, filliña?" E o seu agradecemento nunca envellecía. Ás veces Grandet, pensando en que aquela pobre criatura nunca oíra a máis mínima palabra afagadora, que ignoraba tódolos sentimentos doces que inspira a muller, e que podía comparecer un día ante Deus máis casta cá mesma Virxe María, Grandet sentíase compasivo e dicía, mirándoa:



—¡Esta pobre Nanon!

A exclamación sempre era seguida por unha mirada indefinible da vella criada. Aquela frase, pronunciada de cando en vez, formaba desde había moito tempo unha cadea de amizade ininterrompida, á que cada exclamación engadía un elo. Esa compaixón, situada no corazón de Grandet e aceptada con tanto agrado pola pobre vella, tiña un non sei que de horrible. Atroz compaixón de avaro, que espertaba mil praceres no corazón do vello toneleiro e que era para Nanon o summum da felicidade. Quen non dirá tamén: "¡Pobre Nanon!" Deus ha recoñece-los seus anxos nas inflexións da súa voz e nas súas misteriosas penas.

En Saumur había gran cantidade de familias nas que os criados eran mellor tratados, pero nas que, non por iso, os amos recibían máis agradecemento. De aí, esta outra frase: "¿Que lle farán, logo, os Grandet á súa gran Nanon para que lles sexa tan fiel? ¡Deixaríase queimar por eles!"

A súa cociña, coas ventás enreixadas que daban ó patio, sempre estaba limpa, nidia, fría, verdadeira cociña de avaro onde nada se debía perder. Cando Nanon lavara a louza, gardara os restos da cea e apagara o lume, saía da cociña, separada da sala por un corredor, e ía fia-lo liño para onda os amos. Á familia chegáballe unha buxía soa para a velada. A criada durmía no fondo daquel corredor, nun rocho iluminado por unha luz agónica. A súa robusta saúde permitíalle habitar impunemente aquela especie de burato, onde podía oír-lo menor ruído, dado o fondo silencio que reinaba día e noite na casa. Coma un can policía, debía durmir cun ollo aberto e descansar mentres vixiaba.

A descrición das outras partes da vivenda atoparase ligada ós acontecementos desta historia; pero o esbozo da sala onde brillaba todo o luxo da casa pode facer sospeitar de antemán a nudez dos pisos superiores.

Un día de mediados do mes de novembro de 1819, contra o principio da tardiña, a gran Nanon acendeu o lume por primeira vez. O outono fora moi fermoso. Aquel era un día de festa ben coñecido de cruchotiños e grassinistas. Así que se preparaban os seis antagonistas para ir, equipados con tódalas súas armas, encontrarse na sala e excederse en probas de amizade.

Pola mañá, todo Saumur vira a señora e a señorita Grandet, acompañadas de Nanon, acudir á igrexa parroquial para oír misa e todos lembraron que aquel día era o aniversario da señorita Eugénie. Así que, calculando a hora en que debía acaba-la cea, o

letrado Cruchot, o padre Cruchot e o señor C. de Bonfons apresurábanse a chegar antes cós des Grassins para felicitar á señorita Grandet. Os tres levaban enormes ramos de flores cortadas nos seus pequenos invernadoiros. Os talos das flores que o presidente lle quería regalar ían enxeñosamente envoltos cunha fita de satén branco, adornada con flocos de ouro. Pola mañá, o señor Grandet, seguindo o seu costume dos días memorables do aniversario e do santo de Eugénie, fora sorprendela á cama, e ofrecéralle solemnemente o presente paterno, consistente dende había trece anos nunha moeda de ouro rara. A señora Grandet adoitaba regalarlle á súa filla un vestido de inverno ou de verán, segundo a circunstancia. Eses dous vestidos e as moedas de ouro que recibía polo Aninovo e polo santo do seu pai, constituían uns pequenos ingresos de arredor de cen escudos, que Grandet gustaba de lle ver amontoar. ¿Non era pasa-lo seu diñeiro dunha caixa para a outra e, por así dicir, formar a pouquiños a avaricia da súa herdeira, á que lle pedía, por veces, contas do seu tesouro, antano engrosado polos La Bertellière? Dícialle:

—Esta será a túa *ducia* de voda.

A *ducia* é un antigo costume aínda en vigor e santamente conservado nalgunhas rexións do centro de Francia. No Berry, no Anjou, cando unha moza casa, a súa familia ou a do esposo debe ofrecerlle unha bolsa na que se encontran, segundo as fortunas, doce moedas ou doce ducias de moedas ou doce centos de moedas de prata ou de ouro. A máis pobre das pastoras non casaría sen a súa *ducia* de arras, aínda que só estea composta de patacóns. Aínda se fala en Issoudun dunha *ducia* ofrecida a unha rica herdeira e que contiña cento corenta e catro portuguesas de ouro. O papa Clemente VII, tío de Catarina de Médicis, fíxolle o presente, cando a casou con Henrique II, dunha *ducia* de antigas medallas de ouro de altísimo valor. Durante a cea, o pai, todo ledo de ve-la súa Eugénie tan favorecida co seu vestido novo, exclamara:

—¡Xa que é o aniversario de Eugénie, imos acende-lo lume, traeranos sorte!

—A señorita ha casar neste ano, seguro –dixo Nanon retirando os restos dunha oca, ese faisán dos toneleiros.

—Non vexo partidos para ela en Saumur – respondeu a señora Grandet mirando para o seu marido cun aire tímido que, dada a súa idade, acusaba a completa servidume conxugal baixo a que xemía a pobre muller.

Grandet contemplou a súa filla e exclamou alegremente:

—Hoxe fai vintetrés anos a nena, vai haber que ocuparse axiña dela.

Eugénie e súa nai cruzaron silenciosamente unha ollada de intelixencia.

A señora Grandet era unha muller seca e fraca, amarela coma un marmelo, torpe, lenta; unha desas mulleres que parecen feitas para seren tiranizadas. Tiña os ósos grandes, o nariz grande, a fronte grande, os ollos grandes, e ofrecía, de entrada, unha vaga semellanza con eses froitos laídos que non teñen nin sabor nin zume. Os seus dentes eran negros e escasos, a boca engurrada, o queixelo afiado e curvado para arriba. Era unha excelente muller, unha auténtica La Bertellière. O abade Cruchot sabía encontra-las ocasións de lle dicir que non estivera demasiado mal, e ela críao. Unha dozura anxélica, unha resignación de insecto atormentado polos nenos, unha piedade rara, un inalterable equilibrio de alma e o seu bo corazón provocaban a compaixón e o respecto universal. O home non lle daba nunca máis de dez francos xuntos para os seus pequenos gastos. Aínda que ridícula en aparencia, aquela muller que, polo seu dote e as súas herdanzas, lle achegara ó tío Grandet máis de trescentos mil francos, sempre se sentira tan profundamente humillada por unha dependencia e un illamento contra os que a dozura da súa alma lle impedía rebelarse, que nunca pedira un céntimo nin fixera ningunha observación sobre as actas que o notario Cruchot lle presentaba para asinar. Ese orgullo estúpido e secreto, esa nobreza de alma constantemente ignorada e ofendida por Grandet, dominaban a conducta daquela muller.

A señora Grandet levaba sempre un vestido de levantina verdosa, que xa se acostumara a facer durar case un ano, un gran pano de algodón branco, un sombreiro de palla cosida e poñía, case sempre, un mantelo de tafetá negro. Como saía pouco da vivenda, a penas gastaba os zapatos. En fin, nunca pedía nada para ela. De maneira que, Grandet, presa ás veces dun fondo remordemento ó recorda-lo longo tempo transcorrido desde a última vez que lle dera seis francos, estipulaba sempre uns cartos para alfinetes cando vendía as colleitas do ano. Os catro ou cinco luíses ofrecidos polo holandés ou polo belga que adquirían a vendima Grandet formaban a meirande parte das ganancias anuais da señora Grandet. Pero cando recibía os cinco luíses, o seu home dicíalle a miúdo, coma se a súa bolsa fose común:

—¿Pódesme prestar algúns cartos?

E a pobre muller, feliz de poder facer algo polo home que o seu confesor lle presentaba como seu amo e señor, devolvíalle, ó longo do inverno, algúns escudos dos cartos dos alfinetes. Cando Grandet sacaba do peto a moeda de cen patacóns asignada ó mes para os gastos miúdos da súa filla, o fío, as agullas e maila roupa, despois de abotoa-lo peto, nunca deixaba de dicirlle á súa muller :

—¿E ti, a nai, queres algo?

—Amigo meu –espondía a señora Grandet movida por un sentimento de dignidade maternal–, xa veremos.

¡Sublime xesto perdido! Grandet críase moi xeneroso coa súa muller. Os filósofos que atopan as Nanon, as señoras Grandet, as Eugénie, ¿non teñen dereito a opinar que a ironía é o fondo do carácter da Providencia?

Despois daquela cea, onde, por primeira vez, se falou do casamento de Eugénie, Nanon subiu buscar unha botella de licor de casís ó cuarto do señor Grandet e ó baixar pouco lle faltou para caer pola escaleira.

—Grandísima parva –díxolle o amo–, ¿vas caer coma calquera outra, ti?

—Señor, é este chanzo que se move.

—Ten razón –dixo a señora Grandet–. Xa hai moito que debería vostede telo mandado arranxar. Onte, Eugénie case escorda un pé.

—Vaia –díxolle Grandet a Nanon, véndoa moi pálida–, xa que é o aniversario de Eugénie e que estiveches a piques de caer, toma unha copiña de casís para que te repoñas.

—Abofé que a teño ben ganada –dixo Nanon–. Hai ben xente que, no meu sitio, rompería a botella; pero eu antes rompía o cóbado, por mantela no aire.

—¡Esta pobre Nanon! –dixo Grandet, servíndolle o licor.

—¿Mancácheste? –preguntou Eugénie, mirándoa con interese.

—Non, porque aguantei cos cadrís.

—¡Pois, ben! xa que é o aniversario de Eugénie –dixo Grandet–, vouvos arranxa-lo chanzo. Vosoutras non sabedes poñe-lo pé na

esquina, na parte onde aínda está sólido.

Grandet colleu a buxía, deixou a muller, a filla e maila criada sen outra luz cá da cheminea que ardía alegremente e foi ó seu forno buscar unhas táboas, cravos e ferramenta.

—¿Axúdolle? —berrou Nanon cando o oíu petar na escaleira.

—¡Non, non! disto sei eu —respondeu o antigo toneleiro.

No momento en que Grandet estaba reparando el mesmo a abichada escaleira e asubiaba moi alto en lembranza dos seus anos mozos, os tres Cruchot petaron á porta.

—¿É vostede, señor Cruchot? —preguntou Nanon, mirando pola reixa.

—Son —respondeu o presidente.

Nanon abriu a porta, e o resplandor da cheminea, que se reflectía baixo a bóveda, permitiu ós tres Cruchot albisca-la entrada da sala.

—¡Ah, que festeiros! —díxolles Nanon ó uli-las flores.

—¡Perdoen, señores —berrou Grandet, ó recoñece-la voz dos seus amigos—, agora estou con vostedes! Non lles son orgulloso, estou amañando eu mesmo un chanzo da miña escaleira.

—Siga, siga, señor Grandet. *Cada un é alcalde na súa casa* —dixo sentenciosamente o presidente rindo el só da súa alusión, que ninguén comprendeu.

A nai e maila filla puxéronse en pé. O presidente, aproveitando a escuridade, díxolle a Eugénie:

—Señorita, ¿permíteme que lle desexe, hoxe, día do seu aniversario, unha chea de anos felices e que os siga aproveitando con saúde?

E regaloulle un gran ramo de flores raras en Saumur; despois, apertándolle os cóbados á herdeira, bicouna a ámbolos lados do colo, cunha compracencia que avergonzou a Eugénie. O presidente, que parecía un gran cravo enferruxado, pretendía así facerlle as beiras.

—Non se molesten —dixo Grandet, volvendo—. ¡Como se pon vostede os días de festa, señor presidente!

—E que, coa señorita —respondeu o abade Cruchot enarborando o seu ramo— tódolos días serían para o meu sobriño días de festa.

O abade bicou a man de Eugénie. En canto ó notario Cruchot, bicou a moza sinxelamente nas dúas meixelas e dixo:

—¡Como nos empuxan! Cada ano doce meses.

Ó volver poñe—a luz diante do reloxo, Grandet, que non deixaba nunca unha broma e que a repetía ata a saciedade se lle parecía graciosa, dixo:

—¡Xa que é o aniversario de Eugénie, imos acende-los candeeiros!

Quitou coidadosamente os brazos dos candeeiros, puxo a arandela en cada pedestal, colleu de mans de Nanon unha buxía nova co extremo envolto nun papel, cravouna no burato, asegurouna, acendeuna e foi sentar a carón da súa muller, mirando, un tras outro, os seus amigos, a súa filla e as dúas buxías. O abade Cruchot, homiño gordecho, repoludo, cunha perruca roxa e deslucida e cara de xogadora vella, dixo, estirando os pés ben calzados nuns fortes zapatóns con presillas de prata:

—¿Os des Grassins non viñeron?

—Aínda non —dixo Grandet.

—Pero, ¿van vir? —preguntou o vello notario, xesticulando coa súa cara furada coma unha espumadeira.

—Iso creo —respondeu a señora Grandet.

—¿E xa rematou a vendima? —preguntoulle o presidente de Bonfons a Grandet.

—¡Toda! —dixo o vello viñateiro, levantándose para pasear ó longo da sala, dilatando o tórax cun movemento cheo de orgullo coma a súa voz—. ¡Toda!

Entón, pola porta do corredor que ía á cociña, viu a Nanon, sentada xunto ó lume, cunha buxía e preparándose para fiar alí, por non se mesturar cos da festa.

—Nanon —dixo, avanzando polo corredor—, ¿queres apaga-lo lume e a luz e vir onda nós? ¡Recoiro!, a sala é grande abondo para todos.

—Pero, señor, terá aí toda esa xente elegante.

—¿Non vales ti tanto coma eles?, son da costela de Adan, coma ti.

Grandet volveu onda o presidente e preguntoulle:

—¿Vendeu vostede a súa colleita?

—Non, abofé, gárdoa. Se agora o viño é bo, dentro de dous anos será mellor. Os propietarios, vostede sábeo ben, xuraron mantelos prezos acordados e este ano os belgas non nos van ganar. Se marchan, pois ¡xa volverán!

—Si, pero temos que ter coidado —dixo Grandet, cun ton que fixo estremecerse ó presidente.

"¿Andará el en tratos?", pensou Cruchot.

Nese momento unha aldrabada anunciou a familia des Grassins e a súa chegada interrompeu unha conversa iniciada entre a señora Grandet e o abade.

A señora des Grassins era unha desas mulleriñas animadas, gordechadas, branca e rosa que, gracias ó réxime claustral das provincias e ós hábitos dunha vida virtuosa, se conservan mozas aínda ós corenta anos. Son coma esas últimas rosas de final de temporada, agradables á vista, se ben os seus pétalos teñen unha especie de frialdade e o seu perfume debilítase. Vestía bastante ben, encargaba as modas a París, marcaba a pauta na vila de Saumur e organizaba veladas no seu salón. O seu home, apousentador da garda imperial retirado, gravemente ferido en Austerlitz, conservaba, malia a súa consideración por Grandet, a franqueza aparente dos militares.

—Ola, Grandet —díxolle ó viticultor, apertándolle a man e afectando unha sorte de superioridade coa que sempre esmagaba ós Cruchot—. Señorita —díxolle a Eugénie despois de saudar á señora Grandet—, vostede segue a ser fermosa e boa, a verdade, non sei que se lle pode desexar.

Despois ofreceulle unha pequena caixa que portaba o seu criado e que contiña un breixo do Cabo, flor recentemente importada a Europa e moi rara.

A señora des Grassins bicou moi afectuosamente a Eugénie, apertoulle a man e díxolle:

—Adolphe encargouse de darlle o meu pequeno recordo.

Un mozo alto, louro, pálido e feble, de bastantes bos modais, tímido en aparencia, pero que acababa de gastar en París, onde fora face-la carreira de dereito, oito ou dez mil francos a maiores da súa pensión, avanzou cara a Eugénie, bicouna nas dúas meixelas e ofreceulle un estoxo de costura con tódolos utensilios en prata sobredourada, auténtica mercancía de pacotilla, malia o escudo sobre o que as iniciais góticas E.G. bastante ben gravadas podían facer pensar nun traballo moi coidado. Ó abril, Eugénie sentiu unha desas alegrías inesperadas e completas que lles fan ruborizarse, estremecerse, tremer de satisfacción ás mocías. Volveu os ollos cara a seu pai como para preguntar se lle estaba permitido aceptar, e o señor Grandet dixo un "¡Cólleo, miña filla!" cun acento que tería ilustrado a un actor.

Os tres Cruchot quedaron estupefactos ó ve-la ollada gozosa e viva proxectada sobre Adolphe des Grassins pola herdeira, á que semellantes riquezas lle pareceron inauditas. O señor des Grassins ofreceulle a Grandet un chisco de rapé, colleu el outro, sacudiu os grans que lle caeran na fita da Lexión de Honor suxeita ó ollal da súa levita azul, despois contemplou ós Cruchot cunha fachenda que parecía dicir: "¡Apañade esa!"

A señora des Grassins levou a vista ós floreiros azuis nos que estaban os ramos dos Cruchot, buscando os seus regalos coa boa fe finxida dunha muller burlona. Nesa delicada conxuntura, o padre Cruchot deixou que a sociedade sentase en círculo diante do lume e foi pasear ó fondo da sala con Grandet. Cando aqueles dous vellos chegaron á ventá máis afastada dos des Grassins, o sacerdote díxolle ó avaro ó oído:

—Esa xente tiran os cartos polas ventás.

—¿E que importa se caen na miña adega? —replicou o viñateiro.

—Se lle quixera regalar vostede unhas tesoiras de ouro á súa filla, sobraríanlle os medios —dixo o abade.

—Doulle cousas mellores ca unhas tesoiras —respondeu Grandet.

"O meu sobriño é parvo", pensou o abade, mirando ó presidente no que os cabelos espeluxados acentuaban a torpeza da súa cara morena. "¿Non se lle podía ter ocorrido traer unha pequena bobada de prezo?"

—Imos xoga-a súa partida, señora Grandet —dixo a señora des Grassins.



—Pois, estamos todos, podemos preparar dúas mesas...

—Xa que é o aniversario de Eugénie, xoguen á lotería todos —dixo o tío Grandet—, estes dous rapaces tamén xogarán.

O antigo toneleiro, que non xogaba nunca a nada, sinalou á súa filla e á Adolphe.

—Veña, Nanon, pon as mesas.

—Ímoslle axudar, señorita Nanon —dixo alegremente a señora des Grassins, moi animada pola ledicia que lle causara a Eugénie.

—Nunca na miña vida levei tal alegría —díxolle a herdeira—. Nunca vin nada tan bonito en ningures.

—Foi Adolphe quen o trouxo de París e quen o escolleu —díxolle a señora des Grassins ó oído.

"¡Dálle, dálle, condenada intrigante!", pensaba o presidente; "¡como teñades algunha vez un proceso, ti ou o teu home, o caso havos ir bo!"

O notario, sentado no seu recanto, ollaba para o clérigo cun aire tranquilo pensando: "Por moito que fagan os des Grassins, a miña fortuna, a de meu irmán e maila do meu sobriño elévase en total a un millón cen mil francos. Os des Grassins posúen, como moito, a metade e teñen unha filla: ¡poden regala-lo que queiran...!, herdeira e regalos, todo ha ser para nós un día."

Ás oito e media, dúas mesas estaban dispostas. A bonita señora des Grassins conseguira poñe-lo seu fillo a carón de Eugénie. Os actores desta escena chea de interese, aínda que vulgar en aparencia, provistos duns cartóns esborranchados e numerados e dunhas fichas de vidro azul, semellaban escoita-las chanzas do vello notario, que non sacaba un número sen facer un comentario; pero todos pensaban nos millóns do señor Grandet.

O ex toneleiro contemplaba vaidosamente as plumas rosa, o atavío fresco da señora des Grassins, a cabeza marcial do banqueiro, a de Adolphe, a do presidente, a do abade, a do notario e dicíase interiormente: "Están aquí polos meus escudos. Véñense aburrir aquí pola miña filla. ¡He!, ¡a miña filla non será nin para uns nin para os outros e toda esta xente sérvenme de arpóns para pescar!"

Aquela ledicia familiar, naquel vello salón gris, mal iluminado por dúas buxías; aqueles risos, acompañados do ruído da debandoira

de Nanon e que non eran sinceros máis que nos labios de Eugénie ou da súa nai; aquela mesquindade unida a tan grandes intereses; aquela moza que, coma eses paxaros vítimas do alto prezo que lles poñen e que eles ignoran, atopábase acosada, apremada por enganosas probas de amizade; todo aquilo contribuía a face-la escena tristemente cómica. ¿Non é, por outra parte, unha escena de tódolos tempos e lugares, pero reducida á súa máis simple expresión? A cara de Grandet explotando o falso afecto das dúas familias, sacando enorme proveito, dominaba ese drama e iluminábao. ¿Acaso non era o único deus moderno no que se teña fe, o Diñeiro en todo o seu poder, expresado nunha única fisionomía? Os doces sentimentos da vida non ocupaban alí máis que unha praza secundaria; animaban tres corazóns puros, os de Nanon, de Eugénie e da súa nai. Se ben, ¡canta ignorancia na súa inxenuidade! Eugénie e maila súa nai non sabían nada da fortuna de Grandet, non estimaban as cousas da vida máis que á luz das súas pálidas ideas e nin apreciaban nin menosprezaban o diñeiro, estando como estaban acostumadas a prescindir del. Os seus sentimentos, ofendidos sen que o soubesen, pero vivaces, e o segredo da súa existencia, constituían curiosas excepcións naquela reunión de xente cunha vida puramente material. ¡Horrible condición do home! Non ten un momento de felicidade que non proveña dunha ignorancia calquera.

No momento en que a señora Grandet ganaba un premio de dezaseis patacóns, o máis considerable que se tivese xamais apostado naquela sala e cando a gran Nanon ría feliz vendo á señora empetar aquela elevada suma, retumbou unha aldrabada na porta da casa e fixo tal rebumbio que as mulleres deron un chimpo nas súas cadeiras.

—Non é un home de Saumur o que chama así —dixo o notario.

—¿Como se pode petar así? —dixo Nanon—. ¿Quérennos parti-la porta?

—¿Quen diaño será? —exclamou Grandet.

Nanon colleu unha das dúas buxías e foi abrir, acompañada de Grandet.

—¡Grandet!, ¡Grandet! —exclamou a súa muller que, impulsada por un vago sentimento de medo, abalanzándose cara á porta da sala.

Miráronse tódolos xogadores.

—¿E se fosemos nós tamén? —dixo o señor des Grassins—. Esa aldrabada paréceme mal intencionada.

A penas lle foi permitido ó señor des Grassins albisca-la cara dun home novo acompañado dun mozo da dilixencia, que levaba dous baúis enormes e arrastraba unhas bolsas de viaxe. Grandet virou bruscamente cara á súa muller e díxolle:

—Señora Grandet, volva a súa lotería. Deixe que eu me entenda co señor.

Despois tirou vivamente pola porta da sala, onde os xogadores axitados volveron ós seus sitios, pero sen continuaren o xogo.

—¿É alguén de Saumur, señor des Grassins? —preguntoulle a súa muller.

—Non, é un viaxeiro.

—Só pode vir de París. En efecto —dixo o notario sacando o seu vello reloxo de dous dedos de grosor que parecía un navío holandés— son as nove. ¡Diaño! a dilixencia do Grand Bureau nunca atrasa.

—¿E ese señor é novo? —preguntou o abade Cruchot.

—É —respondeu o señor des Grassins—. Trae unha equipaxe que debe pesar polo menos trescentos quilos.

—Nanon non volve —dixo Eugénie.

—Só pode ser un dos seus parentes —observou o presidente.

—Apostemos —exclamou con dozura a señora Grandet—. Pola voz vin que o señor Grandet estaba contrariado, se cadra non lle gustaría saber que falamos dos seus asuntos.

—Señorita —díxolle Adolphe á súa veciña—, ha ser o seu curmán Grandet, un mozo ben guapo que vin no baile do señor de Nucingen.

Adolphe non continuou, súa nai pisoulle un pé; despois pedíndolle en voz alta dúas moedas para a súa aposta, díxolle ó oído:

—¡Queres calar, paspán!

Nese momento, Grandet regresou sen Nanon, os pasos da cal e mailos do mozo da dilixencia resoaron nas escaleiras; ía seguido

do viaxeiro que, dende había uns instantes, excitaba tanta curiosidade e preocupaba tan vivamente as imaxinacións, que a súa chegada a aquela vivenda, no medio daquela xente, pode ser comparada á caída dun caracol nunha colmea, ou á introducción dun pavón nalgún escuro curral de aldea.

—Sente onda o lume —dixo Grandet.

Antes de sentar, o xuvenil forasteiro saudou moi graciosamente á asemblea. Os homes levantáronse para responder cunha cortés inclinación e as mulleres fixeron unha cerimoniosa reverencia.

—Seguro que ha ter frío, señor —dixo a señora Grandet—, se cadra chega vostede de...

—¡Velaí as mulleres! —dixo o vello viñateiro, abandonando a lectura dunha carta que tiña na man—, deixen descansar ó señor.

—Pero, pai, se cadra o señor necesita algo —observou Eugénie.

—Ten lingua —respondeu o viñateiro, con severidade.

O descoñecido foi o único sorprendido por esta escena. As outras persoas estaban afeitas ás maneiras despóticas do bo home. Sen embargo, tras intercambiar aquelas dúas preguntas e respostas, o descoñecido púxose de pé, virou de costas ó lume, alzou un dos pés para quenta-la sola das botas e díxolle a Eugénie:

—Curmá, agradézollo, comín en Tours. E —agregou ollando para Grandet— non necesito nada, nin sequera estou canso.

—¿O señor vén da capital? —preguntou a señora des Grassins.

Charles, que así se chamaba o fillo do señor Grandet de París, sentindo que o interpelaban, colleu un pequeno monóculo que levaba pendurado ó colo por unha cadea, púxoo no ollo dereito para examinalo que había sobre a mesa e as persoas que estaban alí sentadas, botoulle unha ollada bastante impertinente á señora des Grassins e dixo despois de observar todo:

—Si, señora. ¿Ah, xogan á lotería, tía? —engadiu—. Rógollo, continúen co xogo, é divertido abondo como para deixalo...

"Estaba segura de que era o curmán", pensaba a señora des Grassins botándolle olladiñas.

—Corenta e sete —berrou o vello abade—. Marque, logo, señora des Grassins, ¿non é o seu número?

O señor des Grassins puxo unha ficha no cartón da súa muller que, presa de tristes sentimentos, observou sucesivamente ó curmán de París e a Eugénie, sen pensar na lotería. De cando en vez, a moza herdeira lanzaba furtivas miradas ó seu curmán nas que a muller do banqueiro puido facilmente descubrir un *crescendo* de asombro ou de curiosidade.

O señor Charles Grandet, guapo mozo de vintedous anos, producía nese momento un singular contraste cos bos provincianos que xa as súas maneiras aristocráticas revolucionaban pasablemente e que todos estudiaban para burlarse del. Isto require unha explicación.

Ós vintedous anos, a rapazada aínda está suficientemente próxima á nenez como para caer nalgúns infantilismos. Así que, tal vez entre cen deles se atopasen ben noventa e nove que se comportarían como se comportaba Charles Grandet. Algúns días antes daquela velada, seu pai díxerlle que fose pasar uns meses á casa do seu irmán en Saumur. Quizá o señor Grandet de París pensase en Eugénie. Charles, que caía na provincia por primeira vez, tivo a idea de aparecer alí coa superioridade dun mozo á moda, de asombrar ó distrito co seu luxo, de facer época e de importar alí as invencións da vida parisiense. En fin, por explicalo nunha palabra, quería pasar máis tempo a puli-las unllas en Saumur que en París e facer alarde da excesiva afectación na vestimenta que ás veces un home elegante abandona por unha negligencia que non carece de gracia. Así que levou o máis bonito traxe de caza, a máis bonita escopeta, a máis bonita navalla coa máis bonita funda de todo París. Levou a súa colección de chalecos máis enxeñosos: habíaos grises, brancos, negros, de color escaravello, con reflexos dourados, de abelorios, con debuxos chineses, dobres, con chal ou de colo recto, con colo volto, abotoados ata arriba, con botóns de ouro. Levou toda a variedade de colos e de gravatas á moda naquela época. Levou dous traxes de Buisson<sup>7</sup> e a súa roupa interior máis fina. Tamén o seu lindo estoxo de aseo, de ouro, agasallo da súa nai e os seus trebellos de dandi, sen esquecer un encantador recado de escribir regalo da máis amable das mulleres, para el polo menos, unha gran dama que el chamaba Annette e que viaxaba maritalmente, aburrida, por Escocia, vítima dalgunhas sospeitas ás que había que sacrificar momentaneamente a felicidade, ademais dunha gran cantidade de lindo papel de cartas para lle escribir cada quince días. Había, en fin, un cargamento de futilidades parisienses tan completo como era posible levar e no que, desde a fusta que serve para comezar un duelo, ata as fermosas pistolas ciceladas que o rematan, encontrábanse tódolos instrumentos de labranza que utiliza un mozo ocioso para labra-la súa vida. Como

seu pai lle dixeran que viaxase só e modestamente, viñera no cupé da dilixencia reservado para el só, bastante contento de non ter que estragar un delicioso coche de viaxe encargado para ir ó encontro da súa Annette, a gran dama que... etc., e coa que se debía reunir no mes de xuño seguinte nas Augas de Baden.

Charles contaba con atopar cen persoas na casa do seu tío, cazar a cabalo nos bosques do seu tío, en fin, levar unha vida palaciana; non esperaba atopalo en Saumur, onde só se informara sobre el para preguntar polo camiño de Froidfond; pero, ó saber que estaba na vila, pensou encontralo nun gran pazo.

Para entrar convenientemente na casa do seu tío, fose en Saumur, fose en Froidfond, puxera a súa máis coqueta indumentaria de viaxe, a máis sinxelamente rebuscada, a máis adorable, por emprega-la palabra que naquel tempo resumía as perfeccións especiais dunha cousa ou dun home. En Tours, un barbeiro acababa de lle rizar de novo o seu fermoso cabelo castaño; alí mudara de roupa interior e puxera unha gravata de satén negro combinada cun colo redondo, de xeito que enmarcase agradablemente a súa cara branca e risoña. Unha levita de viaxe a medio abotoar axustábaselle ó van e deixaba ver un chaleco de caxemira con chal, baixo o cal levaba un segundo chaleco branco. O reloxo, neglixentemente abandonado ó chou nun peto, uníase por medio dunha corta cadea de ouro a un dos ollais. O pantalón gris abotoábase polos lados, coas costuras adornadas con debuxos bordados en seda negra. Charles manexaba con gracia un bastón con pomo de ouro cicelado que non alteraba en nada a limpeza das luvas grises. A súa gorra, en fin, era dun gusto excelente. Unicamente un parisiense, un parisiense da esfera máis elevada, podía arranxarse dese modo sen parecer ridículo e dar unha harmonía á fatuidade de todas aquelas bagatelas, que sostíña ademais cun aire grave, o aire dun mozo que ten unhas fermosas pistolas, o disparo certo e a Annette.

Agora, se queren comprende-la sorpresa respectiva dos habitantes de Saumur e do mozo parisiense, ver perfectamente o vivo brillo que a elegancia do viaxeiro botaba no medio das sombras grises da sala e das figuras que compoñían o cadro de familia, intenten representarse ós Cruchot.

Os tres aspiraban rapé e xa había moito que non pensaban en limpar nin o nariz, nin as migallas negras que sementaban os encaixes das súas camisas pardas, de colos retortos e pregues amarelentos. A gravatas brandas enrolábanse coma cordas en canto as poñían ó pescozo. A enorme cantidade de roupa interior

que posuían e que lles permitía non face-la bogada máis que cada seis meses e gardala no fondo dos armarios, deixáballe ó tempo imprimir nela os seus tons grises e avellentados. Había entre eles unha perfecta conivencia de falta de gracia e de senilidade. As caras, tan murchas coma os traxes raídos, tal engurradas coma os seus pantalóns, semellaban gastadas e reseca e xesticulaban. A negligencia xeral dos traxes, todos incompletos, deslucidos, como o son as roupas de provincias, onde se chega insensiblemente a non vestirse uns para os outros e a escatimar no prezo dun par de luvas, concordaba co descoido dos Cruchot. O horror pola moda era o único punto sobre o que grassinistas e cruchotiños se entendesen perfectamente.

O parisiense collía o monóculo para examina-los singulares accesorios da sala, a soleira, o ton das madeiras nas que os puntos imprimidos polas moscas e o seu número bastarían para puntua-la *Encyclopédie Méthodique* e o *Moniteur*, e axiña os xogadores de lotería levantaban o nariz e observábano coa mesma curiosidade que manifestarían por unha xirafa. O Señor des Grassins e mailo seu fillo, para os que a figura dun home á moda non era descoñecida, asociáronse, nembargantes, ó asombro dos seus veciños, ben porque sentisen a indefinible influencia dun sentimento xeral, ben porque o aprobasen dicíndolles ós seus compatriotas con olladas cheas de ironía: "Velaí como son os de París. Polo demais, todos podían observar a Charles a pracer, sen temor de molestar ó dono da casa. Grandet estaba absorto na longa carta que tiña entre as mans e para lela collera o único candeeiro da sala, sen preocuparse nin dos hóspedes nin do seu xogo. Eugénie, á que semellante perfección, no arranxo ou na persoa, era enteiramente descoñecida, creu ver no seu curmán unha criatura descendida dalgunha rexión seráfica. Aspiraba con delicia os perfumes exhalados por aquela cabeleira tan brillante, tan graciosamente ondulada. Gustaríalle poder toca-la pel branca daquelas lindas luvas finas. Envexaba as pequenas mans de Charles, o seu cute, o frescor e maila delicadeza dos seus riscos. En fin, se esta imaxe pode resumi-las impresións que o mozo elegante produciu sobre unha ignorante rapaza ocupada sen cesar en zurcir medias, en remenda-lo gardarroupa do seu pai e da que a vida transcorrera entre aqueles graxentos revestimentos de madeira sen ver naquela rúa silenciosa máis de un transeúnte por hora, a vista do seu curmán fixo xurdir no seu corazón as emocións de fina voluptuosidade que lle causan a un mozo as fantásticas figuras de mulleres debuxadas por Westall nos Keepsake ingleses e gravadas polos Finden cun burel tan hábil que un teme que un sopro sobre o papel vitela faga voar esas aparicións celestes.

Charles tirou do peto un pano bordado pola gran dama que viaxaba por Escocia. Ó ver aquel lindo traballo, feito con amor durante as horas perdidas polo amor, Eugénie mirou ó seu curmán para saber se realmente o ía utilizar. Os modais de Charles, os seus xestos, a maneira de colle-lo monóculo, a súa afectada impertinencia, o seu desprezo polo estoxo que acababa de gustarlle tanto á rica herdeira e que el atopaba evidentemente sen valor ou ridículo; en fin, todo o que sorprendía ós Cruchot e ós des Grassins gustáballe tanto que, antes de adormecer debeu soñar moito tempo con aquel fénix dos primos.

Os números sacábanse moi lentamente, pero pronto parou a lotería. A gran Nanon entrou e dixo moi alto:

—Señora, vaime ter que dar unhas sabas para facerlle a cama a este cabaleiro.

A señora Grandet seguiu a Nanon. A señora des Grassins dixo entón, en voz baixa:

—Gardémo-los cartos e deixémo-la lotería.

Cadaquén recolleu os seus dous patacóns do vello prato escunchado no que os puxera; despois a asemblea moveuse en masa e conversou unha migalla onda o lume.

—¿Xa remataron, logo? —preguntou Grandet, sen deixa-la carta.

—Si, si —respondeu a señora des Grassins indo sentar onda Charles.

Eugénie, impulsada por unha desas ideas que nacen no corazón das mozas cando un sentimento se aloxa neles por primeira vez, abandonou a sala para iralles axudar a súa nai e a Nanon. Se fose interrogada por un confesor hábil, sen dúbida habíalle revelar que non pensaba nin en súa nai nin en Nanon, senón que se apoderara dela un punxente desexo de inspecciona-lo cuarto do seu curmán para ocuparse alí del, para poñer alí o que fose, para reparar algún esquezo, para previr todo, a fin de deixalo, na medida do posible, elegante e limpo. Eugénie xa se cría a única capaz de comprende-los gustos e as ideas do seu curmán. E, en efecto, chegou felizmente a tempo para convencer a súa nai e mais a Nanon, que volvían pensando deixar todo arranxado, de que todo estaba por arranxar. Deulle a idea á gran Nanon de quentar as sabas cun quentador con brasas da cociña; cubriu ela mesma a vella mesa cun tapete e insistiu moito a Nanon en que cambiase ese tapete tódalas mañás. Convenceu á súa nai da



necesidade de acender un bo lume na cheminea e determinou a Nanon a que subise, sen lle dicir nada a seu pai, un bo brazado de leña ó corredor. Correu buscar nunha das cantoneiras da sala unha bandexa antiga de laca que procedía da herdade do defunto señor de La Bertellière, colleu igualmente un vaso de cristal de seis caras, unha culleriña desdourada, un frasco antigo cuns amores gravados e puxo, triunfalmente, o conxunto sobre a cheminea. Xurdiranlle máis ideas nun cuarto de hora que desde que estaba no mundo.

—Mamá —dixo— o meu curmán non soportará o olor dunha buxía de sebo. ¿E se comprasemos unha buxía de cera...?

Foi, lixeira coma un paxaro, sacar da propia bolsa o escudo de cen céntimos que recibira para os seus gastos do mes.

—Toma, Nanon —dixo— vai axiña.

—Pero, ¿que dirá o teu pai?

Esta obxección terrible foi proposta pola señora Grandet ó ve-la súa filla armada dun azucreiro antigo de Sèvres que Grandet trouxera do castelo de Froidfond.

—¿E de onde vas saca-lo azucre? ¿Estás tola?

—Mamá, Nanon comprará azucre ademais de buxías.

—Pero, ¿e teu pai?

—¿Estaría ben que o seu sobriño non puidese beber un vaso de auga azucrada? Ademais non prestará atención.

—Teu pai veo todo —dixo a señora Grandet, movendo a cabeza.

Nanon dubidaba, ela coñecía ó seu amo.

—¡Ale, vai Nanon, xa que é o meu aniversario!

Nanon deixou escapar unha risada oíndo a primeira broma que a súa ama nova tivese feito xamais e obedeceulle.

Mentres que Eugénie e a súa nai se esforzaban por embelece-lo cuarto destinado polo señor Grandet ó seu sobriño, Charles era obxecto das atencións da señora des Grassins, que adoptaba maneiras afectadas.

—É vostede ben valente, cabaleiro —díxolle—, deixa-los praceres

da capital durante o inverno para vir vivir a Saumur. Pero, se non lle damos demasiado medo, xa verá como tamén se pode un divertir aquí.

Lanzoulle unha verdadeira mirada provinciana, na que, habitualmente, as mulleres poñen tanta reserva e prudencia nos seus ollos que lles comunican a larpeira concupiscencia característica das dos eclesiásticos, para quen todo pracer semella un roubo ou un pecado.

Charles atopábase tan fóra de lugar naquela sala, tan lonxe do vasto castelo e da fastosa existencia que lle supoñía ó seu tío, que, mirando atentamente á señora des Grassins, descubriu por fin unha imaxe medio borrosa das caras parisienses. Respondeu con gracia á especie de invitación que lle era dirixida e entrou con naturalidade nunha conversación na que a señora des Grassins foi baixando gradualmente a voz para harmonizala coa natureza das súas confidencias. Existía nela e en Charles unha mesma necesidade de confianza. Por iso, despois dalgúns momentos de parola coqueta e de bromas serias, a destra provinciana púidolle dicir, sen crer que a oísen as outras persoas que falaban da venda dos viños da que se ocupaba nese momento todo saumurés:

—Señor, se nos quere face-lo honor de nos vir visitar, certamente agradeceranos moito tanto ó meu marido coma a min. O noso salón é o único en Saumur no que encontrará reunidos os comerciantes ricos e a nobreza: pertencemos ás dúas sociedades que só se queren encontrar nel, porque alí se divirten. O meu marido, dígoos con orgullo, está tan ben considerado por uns coma por outros. Así que procuraremos entrete-lo aburrimiento da súa estancia aquí. Se quedase na casa do señor Grandet, ¿que sería de vostede?, ¡meu Deus! O seu tío é un avaro que só pensa nos seus bacelos, a súa tía é unha beata que non sabe atar dúas ideas e a súa curmá é unha pequena necia, sen educación, vulgar, sen dote e que pasa a vida mendando trapos.

"É interesante, esta muller", dixo para si Charles Grandet, respondendo ás solermas da señora des Grassins.

—Paréceme, muller, que queres acapara-lo señor —dixo, rindo, o grande e groso banqueiro.

Ante esta observación, o notario e mailo presidente dixeron unhas palabras máis ou menos maliciosas; pero o abade mirounos con aire entendido e resumiu os seus pensamentos collendo un chisco de rapé e ofrecendo a súa caixiña á rolda:

—¿Quen mellor cá señora –dixo– podería facerlle ó cabaleiro os honores de Saumur?

—¡Ah!, ¿en que sentido di vostede iso, señor abade? –preguntou o señor des Grassins.

—Dígoo, señor, no sentido máis favorable para vostede, para a señora, para a vila de Saumur e para o cabaleiro –engadiu o astuto vello, virando cara a Charles.

Sen parecer que prestase a máis mínima atención, o abade Cruchot adiviñara a conversación de Charles e da señora des Grassins.

—Cabaleiro –díxolle por fin Adolphe a Charles, cun aire que quería parecer indolente–, non sei se conserva algún recordo de min; tiven o pracer de estar fronte a vostede nun baile que deu o señor barón de Nucingen e...

—Perfectamente, señor, perfectamente –respondeu Charles, sorprendido de ver que era obxecto das atencións de todo o mundo.

—¿O señor é seu fillo? –preguntoulle á señora des Grassins.

O abade mirou maliciosamente á nai.

—É, señor –dixo ela.

—¡Logo, era vostede ben novo cando foi a París! –continuou Charles, dirixíndose a Adolphe.

—Que lle quere, señor –dixo o cura–, mandámosos a Babilonia desque están destetados.

A señora des Grassins interrogou ó abade cunha ollada de asombrosa profundidade.

—Hai que vir á provincia –continuo el– para atopar mulleres de trinta e tantos anos tan fragrantas como a señora despois de ter fillos a piques de licenciarse en Dereito. Aínda me parece estar nos días en que a xente nova e as damas subían ás cadeiras para vela danzar no baile, señora –engadiu o abade volvéndose cara ó seu adversario feminino–. Para min, os seus éxitos son de onte...

"¡Oh, o vello perverso!", pensou a señora des Grassins, "¿adiviñaría o que penso?"

"Parece que vou ter moito éxito en Saumur", pensaba Charles, desabotoando a levita, poñendo a man no chaleco e botando a ollada a través do espacio para imita-la pose dada a lord Byron por Chantrey.

A falla de atención do tío Grandet, ou, mellor dito, a preocupación na que o sumía a lectura da carta, non escaparon nin ó notario nin ó presidente que trataban de facer conxecturas sobre o seu contido polos imperceptibles movementos da cara do bo home, entón intensamente iluminada pola buxía. O viñateiro mantiña dificilmente a calma habitual da súa fisionomía. Por outra banda, cada un poderá imaxinar cal sería o continente afectado por aquel home ó le-la fatal carta que segue:

*Irmán:*

*Vai para vintetrés anos que non nos vemos. O meu casamento foi o obxecto da nosa última entrevista, despois separámonos ledos, un e o outro. Certamente, eu non podía prever que ti serías un día o único sostén da familia, á prosperidade da cal ti aplaudías entón. Cando esta carta estea entre as túas mans, eu xa non existirei. Na posición en que me encontraba non puiden sobrevivir á vergonza dunha quebra. Mantívenme ó bordo do abismo ata o último momento, sempre esperando sostirme a flote. Houbo que caer. As bancarrota reunidas do meu axente de cambio e de Rougin, o meu notario, lévanme os últimos recursos e non me deixan nada. Teño a dor de deber preto de catro millóns sen poder ofrecer máis do vintecinco por cento do activo. Os meus viños almacenados experimentan neste momento a baixa ruinosa causada pola abundancia e a calidade das vosas colleitas. Dentro de tres días, París dirá: ¡"O señor Grandet era un canalla!" Durmirei, eu, tan honrado, nun sudario de infamia. Arrebátolle ó meu fillo non só o seu nome, que mancho, senón a fortuna da súa nai. El non sabe nada, ese infeliz rapaz que eu idolatro. Despedímonos cariñosamente. El ignoraba, por sorte, que as derradeiras vagas da miña vida se derramaban naquel adeus. ¿Non me maldicirá un día? Irmán, irmán, a maldición dos nosos fillos é espantosa; eles poden apelar contra a nosa, pero a deles é irrevogable. Grandet, ti es máis vello ca min, debesme a túa protección: ¡fai que Charles non lance ningunha palabra amarga sobre a miña tumba! Irmán, se eu che escribise co meu sangue e coas miñas bágoas, non habería tanta dor coma a que poño nesta carta; pois choraría, sangraría, estaría morto, xa non sufriría máis; pero sufro e vexo a morte cos ollos enxoiitos. ¡Agora es ti o pai de Charles!, non ten parentes por parte materna, ti sabes por qué. ¿Por que non obedecín ós prexuízos sociais? ¿Por que cedín ó amor? ¿Por que casei coa filla natural dun gran señor? Charles xa*

non ten familia. ¡Oh, meu desgraciado fillo!, ¡meu fillo! Escoita, Grandet, non che veño implorar por min; ademais os teus bens, se cadra, non son cuantiosos abondo para soportar unha hipoteca de tres millóns; ¡pero, si polo meu fillo! Quero que saibas, meu irmán, que as miñas mans suplicantes se xuntan pensando en ti. Grandet, confíoches a Charles na miña morte. En fin, miro as miñas pistolas sen dor pensando que ti serás un pai para el. Charles queríaime moito e eu era tan bo para el, non o contrariaba nunca: non me maldicirá. Ademais, xa o verás, é doce, parécese á nai, nunca che ha causar ningún desgusto. ¡Pobre fillo! acostumado ó goce do luxo, non coñece ningunha das privacións ás que nos condenou a ti e a min a nosa primeira miseria... E aí o tes, arruinado, só. Si, tódolos seus amigos fuxirán del, e eu serei a causa das súas humillacións. ¡Ah!, quixera te-lo brazo forte abondo para mandalo dun só golpe ós ceos xunto a súa nai. ¡Loucura!, volvo á miña desgracia, á de Charles. Envíocho para que lle anuncies convenientemente a miña morte e a súa sorte futura. Se un pai para el, un bo pai. Non o arrinques de golpe da súa vida ociosa, mataríalo. Pídolle de xeonllos que renuncie ás débedas que en calidade de herdeiro da súa nai podería facer valer contra min. Pero é un rogo superfluo; el é un home de honor e darase conta de que non se debe unir ós meus debedores. Fai que renuncie á miña sucesión en tempo útil. Revélalle as duras condicións da vida que lle deixo: e, se me conserva o cariño, dille no meu nome, que non todo está perdido para el. Si, o traballo, que nos salvou a nós dous, pódelle devolver-la fortuna que eu lle levo; e, se quere escoita-la voz de seu pai, que por el quixera saír un momento da tumba, que marche, que vaia ás Indias. Irmán, Charles é un mozo honrado e valoroso: ti procuraraslle algunha pacotilla, morrería antes de non devolverche os primeiros fondos que lle prestases; ¡porque llos has prestar, Grandet! senón remorderíache a conciencia. ¡Ah!, ¡se o meu fillo non atopase nin recursos nin cariño en ti, pediríalle eternamente vinganza a Deus pola túa dureza! Se puidese ter salvado algúns valores, tería dereito a entregarlle unha suma sobre os bens da súa nai; pero os pagamentos de fin de mes absorberon tódolos meus recursos. Non quería morrer na dúbida sobre a sorte do meu fillo; teríame gustado sentir santas promesas no calor da túa man, que me había confortar; pero non me queda tempo. Mentres que Charles viaxa, estou obrigado a presenta-lo balance. Trato de probar coa boa fe que preside os meus negocios que non hai no meu desastre nin culpa nin falta de probidade. ¿Non é iso ocuparme de Charles? Adeus, irmán. Que tódalas beizóns de Deus te alcancen pola xenerosa tutela que che confío e que ti aceptas, non o dubido. Haberá unha voz que pregará sen cesar por ti no mundo ó que temos que ir todos un día, e no que eu estou xa.

*Victor-Ange-Guillaume GRANDET.*

—¿Charlan, logo? —dixo o tío Grandet, dobrando con exactitude a carta polos mesmos pregues e meténdoa no peto do chaleco.

Mirou para o seu sobriño cun aire humilde e temeroso baixo o que escondeu as súas emocións e os seus cálculos.

—¿Entrou en calor?

—Entrei, querido tío.

—¡Eh, ben! ¿Onde están logo as nosas mulleres? —dixo o tío, esquecendo xa que o seu sobriño durmía na casa.

Nese momento, Eugénie e maola señora Grandet volveron.

—¿Está todo arranxado aló enriba? —preguntou o bo home, recuperando a calma.

—Está, pai.

—Pois, ben, sobriño, se está canso, Nanon vaino conducir ó seu cuarto. ¡Diantre, non será un aposento para un señorito!, pero desculpará a uns pobres viñateiros que nunca teñen un can. Os impostos cómennolo todo.

—Non queremos ser indiscretos, Grandet —dixo o banqueiro—. Se cadra ten que falar co seu sobriño, desexámoslle boas noites. Ata mañá.

Con estas palabras levantouse a asemblea, e cada un fixo a reverencia segundo o seu carácter. O vello notario foi á porta busca-lo seu farol e veuno acender, ofrecéndose a acompañar ós des Grassins. A señora des Grassins non previra o incidente que debía facer rematar prematuramente a velada e o seu criado non chegara aínda.

—¿Concédame o honor de acepta-lo meu brazo, señora? —díxolle o abade Cruchot á señora des Grassins.

—Gracias, señor abade. Teño ó meu fillo —respondeu ela secamente.

—Comigo, as damas non se comprometen —dixo o abade.

—Dálle, logo, o brazo ó señor Cruchot —díxolle o seu home.

O abade conduciu a bonita dama coa suficiente presteza como para encontrarse uns pasos por diante da caravana.

—Está moi ben ese mozo, señora —díxolle, apertándolle o brazo—. ¡*Adeus, cestos, a vendima xa está feita!* Ten que despedirse da señorita Grandet, Eugénie será para o parisiense. A menos que ese curmán non ande namoriscado dalgunha parisiense, o seu fillo Adolphe vai atopar nel o rival máis...

—Cale, señor abade. Ese mozo non tardará en decatarse de que Eugénie é unha necia, unha moza sen gracia. ¿Fixouse nela?, esta noite estaba amarela coma un marmelo.

—Se cadra xa llo fixo notar vostede ó curmán.

—E non lle me importou...

—Póñase vostede sempre a carón de Eugénie, señora, e non terá moito que lle dicir a ese mozo contra a súa curmá, el mesmo fará unha comparación que...

—Xa me prometeu vir cear pasado mañá á miña casa.

—¡Ah!, se vostede quixese, señora... —dixo o abade.

—¿E que quere que queira, señor abade? ¿Quéreme dar malos consellos? Non lle cheguei á idade de trinta e nove anos, cunha reputación sen mácula, a Deus gracias, para comprometela, mesmo que se tratase do imperio do Gran Mongol. Estamos nunha idade, un e o outro, na que sabemos de que falamos. Para ser un eclesiástico ten vostede, en verdade, unhas ideas ben incongruentes. ¡Quite de aí!, iso é digno de Faublas.

—¿E logo leu a Faublas?

—Non, señor abade, quería dicir *As Amizades Perigosas*.

—¡Ah!, ese libro é infinitamente máis moral —dixo o cura rindo—. ¡Pero fahme vostede tan perverso coma un mozo de hoxe! Eu queríalle simplemente...

—Atrévase a dicirme que non pensaba en aconsellarme malas cousas. ¿Non está ben claro? Se ese mozo, que está moi ben, estou de acordo, me cortexase, non pensaría na súa curmá. En París, seino, algunhas boas nais sacrificanse así pola felicidade e pola fortuna dos seus fillos; pero nós estamos na provincia, señor abade.

—Si, señora.

—E –proseguiu ela– eu non quería, nin Adolphe mesmo quería cen millóns comprados a ese prezo...

—Señora, eu non falei de cen millóns. A tentación estaría quizá por riba das nosas forzas, de un e do outro. Soamente, creo que unha muller honrada se pode permitir, con todo honor, pequenas coqueterías sen consecuencia, que forman parte dos seus deberes en sociedade e que...

—¿Vostede cre?

—¿Non debemos, señora, tratar de sermos agradables uns ós outros?... Permita que me asoe. Asegúrolle, señora –continuou– que a examinaba a vostede cun aire un pouco máis afagador que cando me miraba a min; pero perdóolle que prefira honrar á beleza cá vellez...

—Está claro –decía o presidente coa súa grosa voz– que o señor Grandet de París envía o seu fillo a Saumur con intencións extremadamente matrimoniais...

—Pero entón o curmán non tería caído coma unha bomba –respondía o notario.

—Iso no quere dicir nada –dixo o señor des Grassins– o vello é disimulado.

—Des Grassins, amigo meu, eu inviteino a cear, ó mozo ese. Terás que ir chamar ós señores de Larsonnière e ós du Hautoy, coa bela señorita du Hautoy, por suposto; con tal de que se vista con xeito ese día. ¡A súa nai por celos lévaa tan mal arranxada! Espero, señores, que nos farán o honor de vir –engadiu, detendo o cortexo para volveuse cara ós dous Cruchot.

—Xa chegamos á súa casa, señora –dixo o notario.

Despois de despedir ós tres des Grassins, os tres Cruchot deron a volta para a súa casa, empregando ese xénero de análise que posúen os provincianos para estudar baixo tódolos ángulos o grande acontecemento daquel serán, que cambiaba as respectivas posicións de cruchotiños e grassinistas. O admirable sentido común que dirixía as accións daqueles grandes calculadores fíxolles sentir, a uns e ós outros, a necesidade dunha alianza momentánea contra o inimigo común. ¿Non debían impedir que Eugénie amase ó seu curmán e que Charles pensase na súa curmá? ¿O parisiense poderíase resistir ás pérfidias



insinuacións, ás calumnias acarameladas, á maledicencia chea de eloxios, ás denegacións inxenuas que ían xirar constantemente arredor del para enganalo?

Cando os catro Grandet se encontraron sos na sala, o señor Grandet díxolle ó sobriño:

—Hai que deitarse. É tarde para falar dos asuntos que o traen aquí, buscaremos mañá un momento conveniente. Nós almorzamos ás oito. Ó medio día comemos de pé, unha froita, un bocado de pan e bebemos un vaso de viño branco; despois ceamos, coma os parisienses, ás cinco. Esa é a organización. Se quere ve-la vila ou a contorna, estará libre coma o ar. Desculpe se os meus negocios non me permiten sempre acompañalo. Aquí tal vez lles oia dicir a todos que eu son rico: o señor Grandet por aquí, o señor Grandet por alá. Eu deixo que falen, as súas latricadas non prexudican ó meu crédito. Pero non teño un can e traballo, á miña idade, coma un home novo que non ten por todo ben máis ca unha mala coitela de toneleiro e un par de bos brazos. Quizá vexa pronto por si mesmo o que custa un escudo cando hai que sualo. Vamos, Nanon, ¿as buxías?

—Espero, sobriño, que atope todo o que necesita –dixo a señora Grandet–; pero se lle faltase algo pode chamar por Nanon.

—Querida tía, sería difícil, ¡creo que trouxen tódalas miñas cousas! Permítame que lle desexe unha boa noite así como á miña primíña.

Charles colleu das mans de Nanon unha buxía acendida, unha buxía de Anxou, de cor ben amarela, envellecida na tenda e tan parecida á buxía de sebo que o señor Grandet, incapaz de sospeita-la súa existencia na casa, non se decatou daquela magnificencia.

—Voulle amosa-lo camiño –dixo o bo home.

En vez de saír pola porta da sala que daba baixo a bóveda, Grandet fixo a cerimonia de pasar polo corredor que separaba a sala da cociña. Unha porta batente provista dun gran cristal ovalado pechaba o corredor pola banda da escaleira a fin de tempera-la corrente fría que se precipitaba por alí. Pero, non por iso no inverno o cerzo sopraba con menos rudeza e, malia os burletes colocados nas portas da sala, raramente se mantiña a temperatura a un grao conveniente.

Nanon foi aferrolla-lo portón, pechou a sala e ceibou da corte un

can lobo cunha voz ronca coma se tivese larinxite. Aquel animal dunha notable ferocidade só coñecía a Nanon. As dúas criaturas montaraces entendíanse.

Cando Charles viu as paredes amarelecidas e afumadas do oco dunha escaleira cunha varanda toda abichada que tremía baixo os pesados pasos do seu tío, o seu desengano foise *rinforzando*. Parecíalle estar na pértega dun galiñeiro. A súa tía e a súa curmá, cara ás que se volveu para interroga-las súas facianas, estaban tan afeitadas a aquela escaleira que, sen adiviña-la causa do seu asombro, tomárono por unha expresión amigable e respondéronlle cun sorriso agradable que o desesperou. "¿Que díaño me manda meu pai facer aquí?", pensaba.

Cando chegou ó primeiro descansión albiscou tres portas pintadas de vermello etrusco e sen chambrana, portas perdidas na parede poeirenta, provistas de bandas de ferro aparentes con cravos e rematadas en forma de chamas como o estaba a cada extremo a longa abertura do peito. A que estaba na cima da escaleira e que daba entrada ó cuarto situado por riba da cociña, estaba evidentemente tapiada. En efecto, só se penetraba alí polo cuarto de Grandet, ó que esta peza servía de gabinete. A única ventá pola que lle entraba a luz daba ó patio e estaba defendida por unha reixaa de enormes barrotes de ferro. Ninguén, nin sequera a señora Grandet, tiña permiso para entrar nela, o bo home quería permanecer alí só coma un alquimista no seu forno. Alí, sen dúbida, fora habilmente practicado algún escondedoiro, alí gardábanse os títulos de propiedade, alí pendían as balanzas de pesar luíses, alí era onde se facíña, de noite e en segredo, os comprobantes, os recibos, os cálculos; de maneira que os homes de negocios, vendo sempre a Grandet disposto a todo, podían imaxinar que tiña ás súas ordes unha fada ou un demo. Alí, sen dúbida, mentres Nanon roncaba ata abanea-los pisos, mentres o can lobo vixiaba e bocexaba no patio, mentres a señora e a señorita Grandet durmían profundamente, ía o vello toneleiro mimar, acariñar, incubar, facer fermentar e acompañalo seu ouro. As paredes eran grosas, as contraventás discretas. Só el tiña a chave daquel laboratorio, onde consultaba planos nos que, disque, estaban debuxadas as súas árbores froiteiras e onde calculaba os seus productos, bacelo ou brazado máis ou menos.

A entrada do cuarto de Eugénie estaba situada fronte a aquela porta tapiada. Logo, ó final do descansión, estaban os apousentos dos dous esposos que ocupaban toda a parte dianteira da casa. A señora Grandet ocupaba o cuarto contiguo ó de Eugénie co que se comunicaba por unha porta acristalada. O cuarto do amo estaba separado do da súa muller por un tabique e do misterioso

gabinete por unha grosa parede. O tío Grandet aloxara o seu sobriño no segundo piso, na alta mansarda situada por riba do seu cuarto, para podelo oír se era tentado de ir ou vir.

Cando Eugénie e maila súa nai chegaron ó medio do descansiño, déronse o bico da noite; despois, tras dicirlle a Charles algunhas palabras de despedida, frías non labios, pero certamente cálidas no corazón da moza, entraron nos seus cuartos.

—Está na súa casa, sobriño —díxolle o tío Grandet a Charles, abríndolle a porta—. Se quixese saír, chame por Nanon. Sen ela, síntoo, pero o can comeríao sen dicir nin pío. Durma ben. Boas noites. ¡Ah, ah! as señoras acendéronlle a cheminea —continuou.

Nese momento apareceu a gran Nanon armada co quentador das sabas.

—¡Outra máis! —dixo o señor Grandet—. ¿Tomades ó meu sobriño por unha muller de parto? Leva de aí esas brasas, Nanon.

—Pero, señor, as sabas están húmidas e este señor é delicado coma unha muller.

—¡Ben, anda, xa que se che meteu na testa! —dixo Grandet, empuxándoa polos ombros—. Pero ten coidado, non vaias poñer lume.

Despois, o avaro baixou rosmando vagas palabras.

Charles quedou abraiado entre os seus baúis. Despois de examinalas paredes daquel cuarto abufardado recuberto dese papel amarelo con ramos de flores que tapiza as pousadas, a cheminea de pedra de lías acanalada, sendo que só o seu aspecto xa daba frío, as cadeiras de madeira amarela gornecidas de cana vernizada e que parecían ter máis de catro ángulos, a mesiña de noite aberta na que podía caber un pequeno sarxento de cazadores, unha delgada alfombra con ourelo colocada onda unha cama cun dosel de cortinas que tremían coma se fosen caer, todas comidas dos vermes, mirou seriamente á gran Nanon e díxolle:

—¡Ah!, pero, miña filla, ¿estou realmente na casa do señor Grandet, o ex alcalde de Saumur, irmán do señor Grandet de París?

—Está, señor, na casa dun señor moi bo, moi amable, moi doce e moi perfecto. ¿Axúdolle a desface-los baúis?

—Abofé, axúdeme, vello soldado. ¿Non fixo o servico cos mariños da garda imperial?

—¡Oh!, ¡oh!, ¡oh! —dixo Nanon—, ¿que é iso dos mariños da garda? ¿É salgado? ¿Anda pola auga?

—Ande, busque o meu batín que está nesta maleta. Aquí ten a chave.

—Nanon quedou marabillada cando viu un batín de seda verde con bordados antigos de flores en ouro.

—¿Vai poñer isto para durmir? —preguntou.

—Vou.

—¡Virxe Santísima!, que fermoso pano de altar para a parroquia. Pero, señorito, déallo á igrexa, salvará a súa alma, mentres que así faralla perder. ¡Oh! que ben lle acae. Vou chamar á señorita para que o vexa.

—Veña Nanon, xa que Nanon temos, ¿quere calar? Déixeme deitar, xa arranxarei as miñas cousas mañá; e se o meu batín lle gusta tanto, son demasiado bo cristián para negarlllo, cando marche dareillo e poderá salva-la súa alma ou facer con el o que queira.

Nanon quedou alí plantada, contemplando a Charles, sen poder dar creto ás súas palabras.

—Darme esa marabilla! —dixo cando se ía—. O señor xa soña. Boas noites.

—Boas noites, Nanon.

"¿Que vin facer eu aquí?, preguntouse Charles mentres adormecía. "Meu pai non é parvo, a miña viaxe ten que ter un obxectivo. ¡Boh!, os asuntos serios para mañá, dicía non sei que paspán grego."

"¡Virxe Santa!, que encantador é o meu curmán", pensaba Eugénie, interrompendo as súas pregarías que aquela noite quedaron sen terminar.

A señora Grandet non tivo ningún pensamento ó deitarse. Oía, pola porta de comunicación que había no medio do tabique, ó avaro paseando dun lado ó outro do seu cuarto. Coma tódalas mulleres tímidas, estudiara o carácter do seu señor. Igual que a

gaivota venta a tormenta, ela ventara, por sinais imperceptibles, a tempestade interior que axitaba a Grandet e, por emprega-las súas palabras, entón facíase a morta. Grandet miraba a porta forrada interiormente de chapa que mandara poñer no seu gabinete e pensaba: "Que idea tan estraña tivo meu irmán de legarme o seu fillo. ¡Bonita herdanza! Non teño nin vinte escudos para dar. Pero ¿que son vinte escudos para ese lambido que examinaba o meu barómetro coma se quixese poñerlle lume?"

Pensando nas consecuencias daquel testamento de dor, Grandet estaba quizá máis axitado có seu irmán no momento de redactalo.

"¿Darame ese vestido de ouro?...", pensaba Nanon, que durmiu vestida co seu pano de altar, soñando con flores, teas de seda e de damasco por primeira vez na súa vida, como Eugénie soñou co amor.

Na pura e monótona vida das mozas chega unha hora deliciosa en que o sol lles derrama os seus raios na alma, a flor exprésalles pensamentos, as palpitacións do corazón comunícanlle ó cerebro a súa cálida fecundidade e funden as ideas nun vago desexo; ¡día de inocente melancolía e de suaves alegrías! Cando os nenos comezan a ver, sorrín; cando unha rapaza entrevé o sentimento na natureza, sorrí como sorría de nena. Se a luz é o primeiro amor da vida, ¿non é o amor a luz do corazón? O momento de ver claras as cousas de aquí abaixo chegara para Eugénie. Madrugadora coma tódalas rapazas de provincias, ergueuse moi cedo, dixo as súas oracións e comezou o seu aseo, ocupación que de agora en diante ía ter un sentido. Primeiro alisou o cabelo castaño, retorceu as grosas trenzas por riba da cabeza co meirande coidado, evitando que lle escapasen cabelos do trezado, e introduciu no seu peiteado unha simetría que realzou o tímido candor do seu rostro, harmonizando a sinxeleza dos accesorios coa inxenuidade das liñas. Mentres lavaba repetidamente as mans na auga pura que lle endurecía e arroibaba a pel, contemplou os seus fermosos brazos redondos e preguntouse qué faría o seu curmán para te-las mans tan suaves e brancas, as unllas tan ben formadas. Puxo unhas medias novas e os seus mellores zapatos. Atou os cordóns do seu corpiño sen saltar ningún ollal. En fin, desexando por primeira vez na vida estar guapa, sentiu o pracer de ter un vestido novo, ben feito e que a facía atractiva.

Cando rematou co seu aseo, oíu soa-lo reloxo da parroquia e asombrouse ó contar só sete badaladas. A ansia de ter todo o tempo necesario para arranxarse fixéraa erguerse cedo de máis. Ignorando a arte de recompoñer dez veces un bucle e de estudia-

lo seu efecto, Eugénie cruzou tranquilamente dos brazos, sentou onda a ventá, contemplou o patio, o estreito xardín e mailas altas terrazas que o dominaban; vista melancólica, limitada, pero que non estaba desprovista das misteriosas belezas características dos lugares solitarios ou da natureza inculta. Xunto á cociña atopábase un pozo rodeado dun peitoril, cunha polea suxeita a un arco de ferro abrazado por unha parra de pámpanos murchos, vermellos, queimados pola estación. Desde alí o tortuoso bacelo ganaba a parede, trepaba por ela, corría ó longo da casa e remataba no leñeiro no que a madeira estaba ordenada con tanta exactitude como poden estar os libros dun bibliófilo. O empedrado do patio ofrecía eses tons renegridos producidos co tempo polas carrizas, as herbas e a falta de movemento. As grosas paredes presentaban a súa camisa verde, matizada de longos trazos pardos. Por último, os oito chanzos que dominaban o fondo do patio e levaban á porta do xardín aparecían desunidos e afundidos baixo as altas herbas coma a tumba dun cabaleiro enterrado pola súa viúva no tempo das cruzadas. Por riba dunha base de pedras moi gastadas, elevábase unha cerca de madeira podre, a medio caer de vetusta, mais coa que casaban ó seu gusto as plantas rubideiras. A ámbolos lados da porta de clara boia, avanzaban as ramas tortas de dúas maceiras crequenhas. Tres avenidas de area paralelas e separadas por macizos nos que se mantiña a terra por medio dunha sebe de buxo, compoñían aquel xardín, rematado, debaixo da terraza, por un espacio cuberto de tileiros. A un extremo, uns framboeseiros; ó outro, unha inmensa nogueira que inclinaba as pólas ata o gabinete do toneleiro. Un día puro e o fermoso sol dos outonos propios das ribeiras do Loira comezaban a disipar a capa de brillo que a noite imprimira sobre os pintorescos obxectos, as paredes e mailas plantas que compoñían aquel xardín e o patio.

Eugénie atopou encantos novos no aspecto daquelas cousas, antes tan ordinarias para ela. Mil pensamentos confusos nacían na súa alma e medraban a medida que medraban fóra os raios de sol. Sentiu, por fin, esa sensación de pracer vago, inexplicable, que envolve ó ser moral, como unha nube envolvería o ser físico. As súas reflexións concordaban cos detalles daquela singular paisaxe e as harmonías do seu corazón aliáronse coas harmonías da natureza. Cando o sol alcanzou un pano da parede, do que caían Cabeleiras de Venus de mestas follas e cores cambiantes coma a gorxa das pombas, celestes raios de esperanza iluminaron o futuro de Eugénie, que agora se deleitou en mirar aquel pano da parede coas súas flores pálidas, as súas campaiñas azuis e as súas herbas murchas, ás que se mesturou unha lembranza graciosa coma as da infancia. O ruído que

producía cada folla naquel patio sonoro, ó desprenderse da súa rama, daba unha resposta ás secretas preguntas da moza que ficaría no sitio todo o día, sen reparar na fuxida das horas. Despois axitárona tumultuosos movementos da alma. Ergueuse con frecuencia, púxose diante do espello e mirouse como un autor de boa fe que contempla a súa obra para criticarse e inxuriarse a si mesmo.

"Non son bonita abondo para el." Tal era o pensamento de Eugénie, pensamento humilde e fecundo en sufrimentos. A pobre moza non se facía xustiza; pero a modestia, ou mellor aínda o temor, é unha das primeiras virtudes do amor. Eugénie pertencía a ese tipo de rapazas fortemente constituídas, como son as da pequena burguesía, a beleza das cales parece vulgar; pero, se asemellaba á Venus de Milo, as súas formas estaban ennobrecidas por esa suavidade do sentimento cristián que purifica a muller e lle dá unha distinción descoñecida para os escultores antigos. Tiña unha cabeza enorme, a fronte masculina pero delicada do Xúpiter de Fidias, e uns ollos grises ós que a súa casta vida, alí reflectida, imprimía unha luz brillante. Os trazos da súa cara redonda, antano fresca e rosa, quedaron algo desfigurados por unha varíola bastante clemente como para non deixar trazas, pero que destruíra o veludo da súa pel, con todo, aínda tan doce e tan fina que o bico puro da súa nai trazaba nela unha pasaxeira marca vermella. O seu nariz era un pouco grande, pero harmonizaba cunha boca dun vermello de minio, cos labios de mil raias estaban cheos de amor e de bondade. O colo era dunha redondez perfecta. O corpiño arqueado, coidadosamente veado, atraía a mirada e facía soñar; faltáballe, sen dúbida, un pouco da gracia que dá un arranxo esmerado; pero, para os expertos, a inflexibilidade daquel alto talle debía ser un encanto. Así que, Eugénie, grande e forte, non tiña nada da beleza que gusta ás masas; pero era fermosa con esa fermosura tan fácil de recoñecer e da que só se prendan os artistas. O pintor que busca aquí abaixo un modelo para a celeste pureza de María, que lle pide a toda a natureza feminina eses ollos modestamente orgullosos adiviñados por Rafael, esas liñas virxes a miúdo debidas ós azares da concepción, pero que unha vida cristiá e púdica é a única que pode conservar ou facer adquirir; ese pintor, namorado dun tan raro modelo, encontraría de pronto na cara de Eugénie a nobreza innata que se ignora a si mesma; vería baixo unha fronte tranquila un mundo de amor e no corte dos ollos, na caída das pálpebras, un non sei que de divino. Os seus trazos, os contornos da súa cabeza que a expresión do pracer nunca alterara nin fatigara, asemellaban ás liñas do horizonte tan docemente recortadas ó lonxe, nos lagos tranquilos. Aquela

fisionomía calma, coloreada, rodeada de resplandor como unha bonita flor aberta, repousaba a alma, comunicáballe o encanto da conciencia que se reflectía nela e atraía a mirada. Eugénie estaba aínda nesa ribeira da vida na que florecen as ilusións infantís, na que se collen as margaridas con delicias máis tarde descoñecidas. Así pensou, mirándose sen saber aínda o que era o amor:

"Son demasiado fea, non reparará en min."

Despois abriu a porta do seu cuarto que daba á escaleira e estirou o colo para escoita-los ruídos da casa. "Non se ergue", pensaba, oíndo as toses matinais de Nanon e as idas e vindas da boa rapaza que varría a sala, acendía o lume, ataba o can e falaba ós animais na corte.

Inmediatamente, Eugénie baixou e correu onda Nanon que muxía a vaca.

—Nanon, miña boa Nanon, fai crema para o café do curmán.

— Pero, señorita, tiña que facela onte —dixo Nanon, que rompeu a rir cunha gran gargallada—. Non podo facer crema. O seu curmán é feitiño, feitiño, pero feitiño de veras. Se o vise co seu vestido de seda e de ouro... Eu vino. Leva unha roupa branca fina coma a sobrepeliz do señor cura.

—Nanon, fainos logo un biscoito.

—¿E quen me vai da-la leña para o forno, a fariña e maila manteiga? —dixo Nanon, que na súa calidade de primeiro ministro de Grandet cobraba ás veces unha importancia enorme ós ollos de Eugénie e da súa nai—. ¿Non haberá que roubar a ese home para agasallar ó seu curmán? Pídalle manteiga, fariña, leña; é seu pai, pódello dar. Mire, aí baixa para mirar polas provisións...

Eugénie escapou ó xardín, toda espantada ó oír treme-la escaleira coas pisadas do seu pai. Xa sentía os efectos dese profundo pudor e desa conciencia particular da nosa felicidade que nos fan crer, non sen razón quizá, que os nosos pensamentos están gravados na nosa fronte e saltan á vista dos demais.

Decatándose, en fin, da fría nudez da casa paterna, a pobre rapaza concibía unha especie de despeito por non poder poñela en harmonía coa elegancia do seu curmán. Sentiu unha apaixonada necesidade de facer algo por el; ¿que?, non o sabía. Inxenua e franca, deixábase levar pola súa natureza anxélica sen desconfiar nin das súas impresións nin dos seus sentimentos. A



soa presenza do seu curmán espertara nela as inclinacións naturais da muller e estas debéronse despregar máis vivamente porque, tendo acadado os vintetrés anos de idade, encontrábase na plenitude da súa intelixencia e dos seus desexos. Por primeira vez, sentiu no corazón terror ante o seu pai, viu nel o amo da súa sorte e creuse culpable dunha falta por ocultarlle algúns pensamentos. Botou a andar a pasos precipitados asombrándose de respirar un aire máis puro, de senti-los raios do sol máis vivificantes e de sacar deles unha calor moral, unha vida nova.

Mentres buscaba algunha artimaña para conseguilo biscoito, elevábase entre a gran Nanon e Grandet unha desas querelas tan raras entre eles como as andoriñas no inverno. Provisto das súas chaves, o bo home viñera medi-los víveres necesarios para o consumo do día.

—¿Queda pan de onte? –preguntoulle a Nanon.

—Nin unha migalla, señor.

Grandet colleu un groso pan redondo, ben enfariñado, moldeado nun deses cestos planos que serven para face-lo pan no Anjou e íao cortar, cando Nanon lle dixo:

—Hoxe somos cinco, señor.

—Certo –respondeu Grandet–, pero ese pan pesa seis libras, ha sobrar. Ademais esa xente nova de París, xa verás, case non comen pan.

— Logo comerán *frippe* –dixo Nanon.

No Anjou, a *frippe*, palabra do léxico popular, designa o compango, desde a manteiga estendida pola rebanda, *frippe* vulgar, ata as marmeladas de pavía, a máis distinguida das *frippes*; e tódolos que na súa infancia lamberon a *frippe* e deixaron o pan comprenderán o alcance desta locución.

— Non –respondeu Grandet– non comen nin *frippe* nin pan. Son case coma mozas casadeiras.

Por fin, despois de ordenar avariciosamente o menú cotián, o bo home íase dirixir á súa lacena froiteira, tras pecha-los armarios da despensa, cando Nanon o parou para dicirlle:

—Señor, déame logo unha pouca fariña e manteiga, fareilles un biscoito ós rapaces.

—¿Non irás saquear-la casa por mor do meu sobriño?

—Non pensaba no seu sobriño máis que no seu can, non máis do que pensa vostede mesmo. Pero, ¿e non me deu seis terróns de azucre nada máis?, fanme falla oito.

—¡Vaia, Nanon!, nunca te vin así. ¿Que che pasa logo pola cabeza? ¿Es ti a ama aquí, ou? Só che darei seis terróns de azucre.

—¿E o seu sobriño? ¿Con que vai adoza-lo café?

—Con dous terróns, pasarei eu sen eles.

—Vostede, pasar sen eles, ¿á súa idade? Prefería comprarllos do meu peto.

—Métete nas túas cousas.

A pesar da baixa do prezo, o azucre seguía sendo, ós ollos do toneleiro, a máis preciosa das mercadorías coloniais, para el seguía custando a seis francos a libra. A obrigación de aforralo, adoptada baixo o Imperio, chegara a se-lo máis indeleble dos seus costumes. Tódalas mulleres, mesmo a máis necia, saben obrar con astucia para chegar ós seus fins, Nanon abandonou a cuestión do azucre para conseguilo biscoito.

—¡Señorita! –berrou pola ventá–, ¿quere vostede biscoito?

—¡Non, non! –respondeu Eugénie.

—A ver, Nanon –dixo Grandet oíndo a voz da súa filla– toma.

Abriu a artesa onde estaba a fariña, deulle unha medida e engadiu algunhas onzas de manteiga á porción que xa cortara.

—Fará falta leña para quenta-lo forno –dixo a implacable Nanon.

—¡Ben!, colle a que che faga falta –respondeu el melancolicamente–, pero entón fainos unha torta de froita e prepara toda a cea no forno; así non acenderá-los dous lumes.

—¡Ai! –exclamou Nanon–, iso non necesita dicirmo.

Grandet botou sobre o seu fiel ministro unha ollada case paternal.

—¡Señorita! –berrou a cociñeira–, teremos biscoito.

O tío Grandet volveu cargado cos seus froitos e botou un primeiro

prato na mesa da cociña.

—Mire, señor —díxolle Nanon—, que lindas botas ten o seu sobriño ¡Que coiro e que ben ole! ¿E con que se limpará isto? ¿Botareille do seu betume de ovo?

—Nanon, eu creo que o ovo estragaría ese coiro. Dille que ti non coñéce-la maneira de lustra-lo tafílete, si, é tafílete, compraro el mesmo en Saumur e xa che traerá con que limpa-las súas botas. Teño entendido que meten azucre no betume para que brille máis.

—Logo, serve para comer —dixo a criada, achegando as botas ó nariz—. Mire, mire, olen coma a auga de Colonia da señora. ¡Ah!, ¡que gracioso!

—¡Gracioso! —dixo o amo—, ¿paréceche gracioso meter nunhas botas máis cartos que vale quen as leva?

—Señor —díxolle cando o amo volveu de pecha-la lacena froiteira—, ¿non poñerá unha ou dúas veces á semana cocido a causa do seu...?

—Si.

—Terei que ir á carnicería.

—Nada diso; faranos caldo de galiña, os caseiros hancha dar. Pero voulle dicir a Cornoiller que me mate uns corvos. Esa ave fai o mellor caldo do mundo.

—¿E é verdade, señor, que eses comen os mortos?

—¡Ti es parva, Nanon!, comen, coma todo o mundo, o que atopan. ¿Non vivimos nós de mortos? ¿Que son logo as herdanzas?

O tío Grandet, non tendo máis ordes que dar, tirou o reloxo e, vendo que aínda podía dispoñer dunha media hora antes do almorzo, colleu o seu chapeo, foi bicar á súa filla e díxolle:

—¿Queres dar un paseo á beira do Loira, polos meus prados? Teño que facer alí.

Eugénie foi poñe-lo seu sombreiro de palla cosida, forrado de tafetá rosa; logo, pai e filla descenderon pola rúa tortuosa ata a praza.

—¿Onde van logo tan cedo? —preguntou o notario Cruchot que

atopou con eles.

—Vou ver unha cousa –respondeu o patrón, desconfiando do paseo matinal do seu amigo.

Cando o tío Grandet ía ver unha cousa, o notario sabía por experiencia que sempre había algo que aprender con el. De maneira que o acompañou.

—Veña, Cruchot –díxolle Grandet ó notario—. Vostede é amigo meu, voulle demostrar como é unha parvada plantar álamos nas boas terras...

—¿Logo parécenlle unha parvada os sesenta mil francos que apañou polos que tiña nos seus prados do Loira? –dixo mestre Cruchot abrindo os ollos de asombro—. ¡Que sorte tivo!... ¡Cortálas súas árbores no momento en que faltaba madeira branca en Nantes, e vendelos a trinta francos!

Eugénie escoitaba sen saber que tocaba ó momento máis solemne da súa vida e que o notario ía facer pronunciar sobre ela un veredicto paterno, soberano. Grandet chegara ás magníficas praderías que posuía á marxe do Loira e onde trinta xornaleiros andaban a achandar, reencher e nivela-los emprazamentos ocupados antes polos álamos.

—Mestre Cruchot, mire canto terreo colle un álamo –díxolle ó notario—. ¡Jean! –berroulle a un xornaleiro—, ¡mi... mi... mide coa toesa en to... to... tódolos sentidos!

—Catro veces oito pés –respondeu o xornaleiro, despois de terminar.

—Trinta e dous pés de perda –díxolle Grandet a Cruchot—. Eu tiña nesta liña trescentos álamos, ¿non é? Agora, trescen...cen...cen... centas por trinta e d...ous pé... pés co... co... co... comíanme cincocentos de herba; engada dúas veces o mesmo polas beiras, mil cincocentos; as reas do medio outro tanto. Entón, po... po... poñamos mil pacas de feo.

—Pois –dixo Cruchot por axudar ó seu amigo—, mil pacas dese feo valen uns seiscentos francos.

—Di... di...dirá mi... mil do...do...douscentos polos tres ou catrocentos francos do regadío. Pois, ca... ca... ca... calcule o que dan mil do... do... douscentos francos durante corenta anos cos intereses com... com... compostos, que vostede saaabe.

—Andan polos sesenta mil francos —dixo o notario.

—¡Iso!, ha andar po... polos sesenta mil francos. Pois —continuou o viñateiro—, sen tartamudear, dous mil álamos de corenta anos non me darían cincuenta mil francos. Hai perda. E decateime eu —dixo Grandet, alzando a voz, teso—. ¡Jean! —prosegiu—, enche tódolos buratos, a non ser a carón do río, alí planta os álamos que comprei. Poñéndoos na ribeira alimentaranse á conta do goberno —engadiu, volvéndose cara a Cruchot e imprimíndolle ó lobiño do nariz un lixeiro movemento que valía polo máis irónico dos sorrisos.

—Está claro: os álamos non se deben plantar máis que nas terras ruíns —dixo Cruchot pasmado ante os cálculos de Grandet.

—S...s...si, señor —respondeu ironicamente o toneleiro.

Eugénie, que miraba a sublime paisaxe do Loira sen escoita-los cálculos do seu pai, prestou axiña atención ás palabras de Cruchot cando lle oíu dicirle ó seu cliente:

—¿E logo?, mandou vir un xenro de París, non se fala máis ca do seu sobriño en todo Saumur. Axiña vou ter que redactar un contrato matrimonial, tío Grandet.

—Voo... vo... vostede saíu tan ce... ce... cedo paaara dicirme iso —repuxo Grandet, acompañando esta reflexión cun movemento do lobiño—. ¡He! pois, meu vello amiiigo, sereille franco e direille o que queere sa... saber. Quería mellor, veeee vostede, ti... tira-la miña fi... filla ó Loira que daarla ó seu cur... curmán; po... po...de dicilo así. Pero, non, deixe que a xente fa... fale.

Esta resposta fíxolle ver visións a Eugénie. As remotas esperanzas que comezaban a despuntar no seu corazón floreceron de súpeto, realizáronse e formaron un feixe de flores que viu cortadas e tiradas polo chan. Desde a véspera, sentíase unida a Charles por tódolos lazos de felicidade que unen as almas; agora o sufrimento íaos corroborar. ¿Non está no nobre destino da muller comoverse máis coas pompas da miseria que cos esplendores da fortuna? ¿Como podía terse apagado o sentimento paternal no fondo do corazón do seu pai? ¿De que crime era, logo, culpable Charles? ¡Misteriosas preguntas! O seu amor nacente, misterio tan profundo, xa se rodeaba de misterios.

Regresou coas pernas tremendo, e ó chegar á vella rúa sombría, tan leda para ela pouco antes, pareceulle triste e respirou nela a melancolía que o tempo e as cousas lle imprimiran. Non lle faltaba

ningunha das ensinanzas do amor. A uns pasos da casa, adiantouse a seu pai e agardou por el na porta despois de petar. Pero Grandet, que vía nas mans do notario un xornal aínda coa faixa sen sacar, dixéralle:

—¿Como andan os fondos?

—Vostede non me quere escoitar, Grandet –respondeulle Cruchot–. Compre axiña, aínda pode gaña-lo vinte por cento en dous anos, ademais dos intereses a unha taxa excelente, cinco mil libras de renda por oitenta mil francos. Os fondos están a oitenta francos con cincuenta.

—Xa veremos –respondeu Grandet, refregando o queixelo.

—¡Meu Deus! –dixo o notario.

—¿Que é? –preguntou Grandet no momento en que Cruchot lle poñía o xornal ante os ollos dicíndolle:

—Lea este artigo.

O señor Grandet, un dos negociantes máis estimados de París, disparouse un tiro na cabeza onte, despois de face-la súa aparición acostumada na Bolsa. Enviáralle ó presidente da Cámara dos Deputados a súa dimisión e igualmente dimitira das súas funcións de xuíz do Tribunal de Comercio. As quebras dos señores Roguin e Souchet, seu axente e seu notario respectivamente, arruinárono. A consideración da que gozaba o señor Grandet e o seu crédito eran, sen embargo, tales que sen dúbida había atopar socorro na praza de París. Hai que lamentar que ese home honorable cedese a un primeiro momento de desesperación, etc.

—Xa o sabía –díxolle o vello viñateiro ó notario.

Estas palabras deixaron xeados a mestre Cruchot que, malia a súa impasibilidade de notario, sentiu un calafrío percorrerlle o lombo pensando que o Grandet de París quizá implorara en van os millóns do Grandet de Saumur.

—¿E o seu fillo, tan ledo onte...?

—Aínda non sabe nada –repuxo Grandet coa mesma calma.

—Adeus, señor Grandet –dixo Cruchot, que comprendeu todo e foi tranquilizar ó presidente de Bonfons.

Ó entrar, Grandet atopou o almorzo listo. A señora Grandet, ó colo da cal saltou Eugénie para bicala con esa viva efusión de corazón que nos causa unha pena secreta, xa estaba sentada na súa cadeira con tacos, e tecía unhas mangas para o inverno.

—Poden comer —dixo Nanon, que baixou as escaleiras de catro en catro—, o rapaz dorme coma un querubín. ¡Que lindo está cos ollos pechados! Entrei, chameino, pero non acordou.

—Déixao durmir —dixo Grandet—, hoxe ha espertar cedo abondo para para coñece-las malas noticias.

—¿E logo que pasa? —preguntou Eugénie, poñendo no café os dous pequenos terróns de azucre que pesaban non se sabe cantos gramos e que o patrón se entretiña en cortar el mesmo nas súas horas perdidas. A señora Grandet, que non se atrevera a facer esa pregunta, ollou para o seu home.

—Seu pai suicidouse.

—¿O tío?... —preguntou Eugénie.

—¡Pobre rapaz! —exclamou a señora Grandet.

—Si, pobre —continuou Grandet—, quedou sen un can.

—Pois el dorme coma se fose o rei da terra —dixo Nanon, cun acento doce.

Eugénie parou de comer. Oprimíuselle o corazón como cando, por primeira vez, a compaixón, excitada pola desgracia do amado, se expande polo corpo enteiro dunha muller. A pobre moza rompeu a chorar.

—Se ti nin coñecías ó teu tío, ¿por que choras? —díxolle seu pai, botándolle unha desas miradas de tigre famento coma as que lle botaba sen dúbida ós seus montóns de ouro.

—Pero, señor —dixo a criada—, ¿quen non se compadecería dese pobre mozo que dorme coma un zoco sen sabe-la súa sorte?

—¡Non che falo a ti, Nanon!, ten conta da lingua.

Eugénie aprendeu nese momento que a muller que ama debe disimular sempre os seus sentimentos. Non respondeu.

—Espero que ata o meu regreso non lle faledes de nada, señora Grandet —continuou o vello—. Eu teño que ir mandar traza-la gabia

dos prados pola banda da estrada. Estarei de volta ó medio día para o xantar, e entón falarei co meu sobriño dos seus asuntos. En canto a ti, señorita Eugénie, se choras por ese lambido, xa abonda, miña filla. Marchará a escape para as Indias. Non o verás máis...

O pai colleu as luvas da aba do chapeo, púxoas coa súa calma habitual, axustounas encaixando ben os dedos uns cos outros e saíu.

—¡Ai, mamá!, eu afoego —exclamou Eugénie, ó que ficou soa con súa nai—. Nunca sufrira así.

A señora Grandet, vendo que a súa filla palidecía, abriu a ventá e fíxolle respira-lo aire fresco.

—Estou mellor —dixo Eugénie, despois dun momento.

Esa emoción nerviosa nunha natureza ata entón, en aparencia, tranquila e fría sorprendeu á señora Grandet, que mirou para a súa filla con esa intuición da que están dotadas as nais polo obxecto da súa tenrura e adiviñou todo. Pero, a verdade, a vida das célebres irmás húngaras, unidas unha á outra por un erro da natureza, non fora máis íntima cá de Eugénie e a súa nai, sempre xuntas no peitoril daquela ventá, xuntas na igrexa e xuntas durmindo no mesmo aire.

—¡Miña neniña! —dixo a señora Grandet, collendo a cabeza de Eugénie para apoiála contra o seu seo.

Ante estas palabras, a moza alzou a cabeza, interrogou a súa nai cunha ollada, escrutou os seus secretos pensamentos e díxolle:

—¿Por que envíalo ás Indias? Se é desgraciado, ¿non debe quedar connosco?, ¿non é o noso parente máis próximo?

—Si, miña filla, sería natural; pero teu pai ten as súas razóns, debémolas respectar.

Nai e filla sentaron en silencio, unha na cadeira elevada, a outra na súa pequena butaca e ámbalas dúas retomaron o seu labor. Abafada de agradecemento pola admirable comprensión que lle testemuñara súa nai, Eugénie bicoulle a man dicindo:

—¡Que boa es, mamaíña querida!

Estas palabras fixeron irradiar luz daquel rostro materno murcho por longas dores.



—¿Ti como o encontras? –preguntou Eugénie.

A señora Grandet só respondeu cun sorriso; logo, tras un momento de silencio, dixo en voz baixa:

—¿Non o amarás xa?, iso estaría mal.

—¿Mal? –repuxo Eugénie—. ¿Por que? Gústache a ti, gústalle a Nanon, ¿por que non me había gustar a min? Anda, mamá, imos poñe-la mesa para o seu almorzo.

Tirou coa costura, a nai fixo outro tanto, dicíndolle:

—¡Estás tola!

Pero compraceuse en xustifica-la tolemia da súa filla compartíndoa. Eugénie chamou por Nanon.

—¿Que quere agora, señorita?

—Nanon, ¿terás crema para o medio día?

—¡Ah!, para o medio día si –respondeu a vella criada.

—¡Pois ben!, faille un café ben cargado, téñolle oído dicir ó señor des Grassins que en París fan o café ben cargado. Bótalle moito.

—¿E de onde quere que o saque?

—Cómprao.

—¿E se me atopa o señor?

—Vai nos prados.

—Vou a escape. Pero o señor Fessard xa me preguntou se estaban os tres Reis Magos na nosa casa, cando me vendeu a buxía. Toda a vila vai saber dos nosos extravíos.

—Se teu pai se decata de algo –dixo a señora Grandet– é capaz de bater en nós.

—¡Pois que bata!, recibirémo-los seus golpes de xeonllos.

Por toda resposta, a señora Grandet alzou os ollos ó ceo. Nanon puxo a súa cofia e saíu. Eugénie sacou un mantel branco, foi buscar algúns dos acios de uvas que se entretivera en colgar nunhas cordas no faiado; andou a modiño polo corredor para non espertar ó seu curmán e non puido evitar escoitar á súa porta a

respiración que escapaba ritmicamente dos seus labios.

—A desgracia vela mentres el dorme —pensou.

Colleu as follas de viña máis verdes, arranxou as uvas con tanta coquetería como o faría un vello mestresala e levounas triunfalmente á mesa. Roubou na cociña algunhas das peras contadas por seu pai e dispúxoas en pirámide entre as follas. Ía, viña, trotaba, saltaba. Querería saquear toda a casa de seu pai; pero el tiña as chaves de todo.

Nanon volveu con dous ovos frescos. Ó ve-los ovos, Eugénie sentiu desexos de saltarlle ó colo.

—O caseiro da Landa levaba dous no cesto, pedinllos e deumos por serme agradable, o santiño.

Tras dúas horas de desvelos, durante as cales deixou vinte veces o seu labor para ir ver ferve-lo café, para ir escoita-lo ruído que facía o seu curmán ó erguerse, Eugénie logrou preparar un almorzo moi sinxelo, pouco custoso pero que alteraba terriblemente ós hábitos inveterados da casa. A comida do medio día facíase de pé. Cada un collía un pouco de pan, unha froita ou manteiga e un vaso de viño. Ó ve-la mesa posta preto do lume, unha das butacas diante do cuberto do seu curmán, ó ve-los dous pratos de froita, a oveira, a botella de viño branco, o pan e mailo azucre amontoado nun pratiño, Eugénie estremeceu toda pensando, só entón, nas olladas que lle botaría seu pai se chegase a entrar naquel momento. De maneira que deu en mirar a cada pouco o reloxo, para calcular se o seu curmán podería almorzar antes do regreso do bo home.

—Está tranquila, Eugénie, se vén teu pai, eu responsabilízome de todo —dixo a señora Grandet.

Eugénie non puido reter unha lágrima.

—¡Oh, miña mamáña! —exclamou— ¡Nunca te quixen abondo!

Por fin, despois de dar mil voltas polo cuarto cantaruxando, Charles descendeu. Por sorte aínda non eran máis das once. ¡O parisiense! Puxera tanta coquetería no seu arranxo coma se se atopase no castelo da nobre dama que viaxaba por Escocia. Entrou con ese aire afable e risoño que lle senta tan ben á xuventude e que lle causou unha ledicia triste a Eugénie. Tomara a broma o desastre dos seus imaxinados castelos no Anjou e saudou á súa tía moi alegremente.

—¿Pasou ben a noite, querida tía? ¿E vostede, curmá?

—Ben, señor; ¿e vostede? —contestou a señora Grandet.

—Eu, perfectamente.

—Debe ter fame, curmán —dixo Eugénie—; sente á mesa.

—Pois eu non almorzo nunca antes de medio día, que é cando me ergo. Con todo, comín tan mal polo camiño, que comerei, logo, agora. Ademais...

Sacou o máis delicioso reloxo plano que Bréguet<sup>8</sup> teña feito.

—¡Vaia, pero se son as once!, hoxe madruguei...

—¿Madrugou?... —dixo a señora Grandet.

—Si, pero quería ordena-las miñas cousas. Pois ben, comerei encantado calquera cousa, un nada, un polo, unha perdiz...

—¡Virxe Santa! —berrou Nanon en oíndo estas palabras.

"Unha perdiz", pensaba Eugénie, que daría todo o seu peculio por unha perdiz.

—Veña sentar —dixo a tía.

O dandi deixouse caer na butaca como unha bonita muller se deixa caer sobre un diván. Eugénie e maila súa nai colleron unhas cadeiras e puxéronse onda el diante do lume.

—¿Vostedes viven sempre aquí? —preguntou Charles, que atopaba a sala aínda máis fea de día que á luz das buxías.

—Sempre —respondeu Eugénie mirándoo—, agás pola vendima. Daquela imos axudar a Nanon e ficamos todos na abadía de Noyers.

—¿Nunca saen de paseo?

—Ás veces, os domingos despois das vésperas, cando vai bo tempo —dixo a señora Grandet—, imos á ponte ou ve-los feos pola sega.

—¿Teñen teatro?

—¡Ir ó espectáculo! —exclamou a señora Grandet—. ¡Ver ós comediantes! Pero, señor, ¿non sabe que iso é pecado mortal?

—Tome, querido señor —dixo Nanon, traendo os ovos—, darémoslle os pitos coa casca.

—¡Oh!, ovos frescos —dixo Charles que, coma tódolos que están acostumados ó luxo xa nin se lembraba da súa perdiz—. ¡Delicioso!, non terán vostedes manteiga, ¿eh, querida amiga?

—¡Ah!, ¡manteiga! —dixo a criada—. Logo non terá biscoito.

—Pero, ¡dálle manteiga, Nanon! —exclamou Eugénie.

A moza examinaba ó curmán, que cortaba as rafas, con tanto pracer coma o dunha sensible costureiriña de París vendo representar un melodrama no que triunfa a inocencia. É verdade que Charles, educado por unha nai graciosa, perfeccionado por unha muller elegante, tiña uns movementos coquetos, finos, miúdos, coma os dunha doce amante. A compaixón e a tenrura dunha moza posúen unha influencia realmente magnética. Así que, Charles, véndose obxecto das atencións da curmá e da tía, non puido subtraerse á influencia dos sentimentos que se dirixían a el inundándoo, por así dicilo. Botoulle a Eugénie unha desas olladas brillantes de bondade, de caricias, unha ollada que semellaba un sorriso. Decatouse, mirando a Eugénie, da exquisita harmonía dos trazos daquel puro rostro, da súa inocente actitude, da luz máxica dos seus ollos nos que escintilaban novos pensamentos de amor e nos que o desexo ignoraba a voluptuosidade.

—Abofé, querida curmá, se estivese vostede nun palco e vestida de gala, na Ópera, garántolle que a miña tía tería razón, causaríamuchos pecados de desexo nos homes e de envexa nas mulleres.

Este cumprido apertoulle o corazón a Eugénie e fixo que palpitase de ledicia, se ben non entendeu nada.

—¡Oh!, curmán, quérese burlar dunha pobriña provinciana.

—Se me coñecese, curmá, sabería que odio as bromas, murchan o corazón, ofenden os sentimentos...

E enguliu con pracer o pan coa manteiga.

—Non, probablemente eu non sexa enxeñoso abondo para burlarme dos demais e ese defecto prexudícame moito. En París pódese asasinar a un home dicindo: "Ten bo corazón". Esta frase quere dicir: "O pobre rapaz é parvo coma un rinoceronte". Pero, como son rico e saben que podo acertar e derribar un boneco a trinta pasos con toda clase de pistolas, respéctanme.

—O que di, sobriño, anuncia un bo corazón.

—Ten unha sortella moi bonita —dixo Eugénie— ¿está mal que lle pida que ma ensine?

Charles tendeu a man sacando o anel e Eugénie ruborizouse ó rozar coa punta dos dedos as unllas rosa do curmán.

—Mire, nai, que fermoso traballo.

—¡Oh!, ¡canto ouro ten! —dixo Nanon que traía o café.

—¿Que é iso? —preguntou Charles rindo.

E mostraba un pote oblongo de barro pardo vernizado, co interior de porcelana, bordeado dunha franxa de cinza e no fondo do cal caía o café volvendo logo á superficie do líquido que fervía.

—É café fervido —dixo Nanon.

—¡Ah!, querida tía, polo menos deixarei algunha traza benfeitora do meu paso por aquí. ¡Están ben atrasados! Aprendereilles a facer bo café nunha cafeteira á Chaptal.

Intentou explica-lo sistema da cafeteira Chaptal.

—¡Si, ho!, con tantas historias —dixo Nanon— tería que pasa-la vida niso. Nunca darei feito o café así. ¡Vaia! ¿E quen lle ha traela herba á vaca mentres eu fago o café?

—Fareino eu —dixo Eugénie.

—Criatura —dixo a señora Grandet ollando para a súa filla.

Ante esta palabra que lembraba a dor que estaba a piques de caer sobre aquel infeliz mozo, as tres mulleres calaron e contemplárono cun aire de conmiseración que o sorprendeu.

—¿Que pasa, curmá?

—¡Chist! —díxolle a señora Grandet a Eugénie que xa se dispoñía a falar—. Xa sabes, filla, que teu pai se encargou de falarlle ó señor...

—Chámeme Charles —dixo o Grandet mozo.

—¡Ah!, ¿chámase Charles? É un nome moi bonito —exclamou Eugénie.

As desgracias presentidas case sempre chegan. Nisto, Nanon, a señora Grandet e Eugénie, que non pensaban sen estremecerse no retorno do vello toneleiro, oíron unha aldrabada da que o estrondo lles era ben coñecido.

—¡Aí vén o papá! —dixo Eugénie.

Recolleu o pratiño do azucre, deixando algúns terrón sobre o mantel. Nanon levou o prato dos ovos. A señora Grandet levantouse coma unha cerva asustada. Foi un pánico xeral que sorprendeu a Charles, que non puido explica-la razón.

—¿E logo, que lles pasa? —preguntou.

—Pois que aí vén meu pai —dixo Eugénie.

—¿E que...?

O señor Grandet entrou, botou a súa ollada viva sobre a mesa, sobre Charles e viu todo.

—¡Ah!, ¡ah!, fanlle unha festa ó sobriño. ¡Está ben, moi ben, moi ben! —dixo sen tatear—. Cando o gato anda polos tellados os ratos bailan nas táboas.

"¿Festa?..." —pensou Charles, incapaz de sospeita-lo réxime e os costumes daquela casa.

—Dáme o meu vaso, Nanon —dixo o bo home.

Eugénie trouxo o vaso. Grandet sacou do peto do chaleco unha navalla con mango de corno e unha folla enorme, cortou unha rebanda, colleu unha pouca manteiga, estendeuna con coidado e púxose a comela de pé. Nese momento Charles adozaba o café. O tío Grandet viu os terróns de azucre, examinou a súa muller, que palideceu, e deu tres pasos; inclinouse cara ó oído da pobre vella e díxolle:

—¿De onde sacastes todo ese azucre?

—Foino buscar Nanon á tenda de Fessard, aquí non o había.

É imposible figurarse o interese profundo que esta escena muda ofrecía a aquelas tres mulleres: Nanon saíra da cociña e miraba cara á sala para ver como ían as cousas. Charles probou o café, atopouno demasiado amargo e buscou o azucre que Grandet xa recollera.

—¿Que quere, sobriño? —preguntou o bo home.

—O azucre.

—Poña leite —respondeu o amo da casa—, e o café estará máis doce.

Eugénie recuperou o pratiño de azucre que Grandet xa collera e púxoo sobre a mesa contemplando ó seu pai cunha expresión tranquila. Certamente, a parisiense que, para facilita-la fuxida do seu amante, sostén cos seus febles brazos unha escada de seda, non mostra máis valor có que despregaba Eugénie volvendo poñe-lo azucre na mesa. O amante recompensará á súa parisiense que lle mostrará con orgullo un brazo magoado no que cada vea mancada será bañada con lágrimas, bicos e sandada polo pracer; mentres que Charles nunca ía estar no segredo das profundas axitacións que rompían o corazón da súa curmá, entón fulminada pola ollada do vello toneleiro.

—¿Ti non comes, muller?

A pobre paria deu un paso, cortou penosamente un anaco de pan e colleu unha pera. Eugénie ofreceulle audazmente a seu pai uvas, dicíndolle:

—¡Proba as miñas conservas, papá! Curmán, probaraas, ¿non? Fun buscar estes lindos acios para vostede.

—¡Oh!, se non as deteñen, saquearán Saumur por vostede, sobriño. Cando remate, imos ó xardín os dous, teño que dicirle cousas que non son nada doces.

Eugénie e maila súa nai botaron unha ollada a Charles ante a expresión da cal o mozo non puido enganarse.

—¿Que significan esas palabras, tío? Desde a morte da miña pobre nai... —ó dicir estas palabras afrouxóuselle a voz—, non hai desgracia posible para min...

—Sobriño, ¿quen pode coñece-las afliccións coas que Deus nos quere probar? —dixo a tía.

—¡Ta, ta, ta, ta! —dixo Grandet—. Xa empezamos con bouberías. Vexo con pena, sobriño, as súas lindas mans brancas.

E amosoulle a especie de patas de carneiro que a natureza lle puxera a el no extremo dos brazos.

—¡Estas son unha mans feitas para recoller escudos! Vostede foi educado para mete-los pés na pel coa que se fabrican as carteiras onde nós metémo-los billetes de banco. ¡Malo, malo!

—¿Que quere dicir, tío? Que me maten se entendo unha palabra.

—Veña comigo –dixo Grandet.

O avaro pechou a navalla cun golpe seco, bebeu o resto do viño e abriu a porta.

—¡Curmán, valor!

O ton da moza deixou xeados a Charles que seguiu ó seu terrible parente presa de mortais inquietudes. Eugénie, súa nai e Nanon, excitadas por unha invencible curiosidade, foron á cociña espiar ós dous actores da escena que ía ter lugar no húmido xardinciño onde o tío inicialmente camiñou en silencio co sobriño. A Grandet non lle incomodaba nada facer a Charles sabedor da morte do seu pai, pero sentía algo de compaixón por sabelo sen un céntimo, e buscaba as fórmulas para adoza-la expresión daquela cruel verdade. "¡Perdeu vostede a seu pai!", non era nada. Os pais morren antes cós fillos. Pero: "¡Quedou vostede sen fortuna!", tódalas desgracias da terra estaban resumidas nesas palabras. E o bo home daba a volta por terceira vez pola avenida do medio e a area renxía baixo os seus pés. Nas grandes circunstancias da vida a nosa alma aférrase fortemente ós lugares nos que os praceres ou as penas se abaten sobre nós. De maneira que Charles examinaba cunha atención particular os buxos do pequeno xardín, as follas pálidas que caían, a degradación dos muros, as caprichosas árbores froiteiras, detalles pintorescos que debían quedar gravados na súa memoria, eternamente mesturados a aquela hora suprema, por unha mnemotecnia especial das paixóns.

—¡Que calor vai, que bo tempo! –dixo Grandet, aspirando unha gran bocalada de aire.

—Si, tío, ¿pero, por que...?

—Pois ben, meu fillo –seguiu o tío– teño malas noticias para ti. Teu pai está moi mal...

—¿E por que estou eu aquí? –preguntou Charles–. ¡Nanon! –berrou– ¡uns cabalos de posta! Xa atoparei algún coche –engadiu volvéndose cara ó seu tío que permanecía inmóbil.

—Os cabalos e o coche son inútiles –replicou Grandet, mirando a



Charles que ficou mudo coa ollada fixa.

—Si, pobre fillo, adivíñalo. Morreu. Pero iso non é nada, hai algo máis grave. Pegouse un tiro...

—¿Meu pai...?

—Si. Pero iso non é nada. Os xornais coméntano coma se tivesen dereito a facelo. Toma, le.

Grandet que collera o xornal de Cruchot, puxo o fatal artigo ante os ollos de Charles. Nese momento, o pobre rapaz, aínda neno, aínda na idade en que os sentimentos se producen con inxenuidade, rompeu a chorar.

"Ben, ben", pensou Grandet. "Dábanme medo os seus ollos. Chora, está salvado."

—Non é nada, meu fillo —proseguiu Grandet, en voz alta, sen saber se Charles o escoitaba—, non é nada, haste consolar; pero...

—¡Xamais!, ¡xamais!, ¡meu pai!, ¡meu pai!

—Deixoute na ruína, quedaches sen cartos.

—¡Que me importa iso! ¿Onde está meu pai, meu pai?

O pranto e os saloucos resoaban entre aquelas paredes dun modo horrible e o eco repetíao. As tres mulleres, embargadas de compaixón, choraban; as bágoas son tan contaxiosas coma o riso. Charles, sen escoitar ó tío, alcanzou a escaleira, subiu ó cuarto e botouse atravesado no leito coa cara entre as sabas para chorar a gusto lonxe dos seus parentes.

—Hai que deixar pasa-la primeira torboada —dixo Grandet cando regresou á sala na que Eugénie e a súa nai volveran sentar precipitadamente nos seus sitios e traballaban con mans trémulas, tras enxuga-los ollos—. Pero, este rapaz non serve para nada, preocúpase máis dos mortos ca dos cartos.

Eugénie estremeceuse ó oír ó seu pai expresarse daquel xeito sobre a máis sagrada das dores. A partir de entón comezou a xulgallo.

Aínda que enxordecidos, os saloucos de Charles oíanse naquela sonora casa; e o seu laio profundo, que semellaba saír do fondo da terra, só cesou contra a noitiña, despois de debilitarse gradualmente.

—¡Pobre rapaz! —dixo a señora Grandet.

¡Fatal exclamación! O tío Grandet mirou para a súa muller, a Eugénie e o azucreiro; lembrou o almorzo extraordinario disposto para o parente desgraciado e púxose no medio da sala.

—¡Ah!, e espero —dixo coa súa calma habitual— que non vai continuar coas súas prodigalidades, señora Grandet. Non lle dou os *meus* cartos para ateigar de azucre a ese monicreque.

—Miña nai non foi —dixo Eugénie—. Fun eu a que...

—¿Ai logo, como xa es maior de idade —repuxo Grandet, interrompendo á súa filla— queresme leva-la contraria? Pensa, Eugénie...

—Pai, ó fillo do seu irmán non lle debería faltar na súa casa...

—¡Ta, ta, ta, ta! —repuxo o toneleiro en catro tons cromáticos—, o fillo do meu irmán por aquí, o meu sobriño por alá. Charles non nos é nada, non ten un oitavo; seu pai quebrou; e cando ese lambido teña chorado todo o que ten que chorar, liscará de aquí; non quero que me revolucione a casa.

—¿E que é iso de quebrar, pai? —preguntou Eugénie.

—Quebrar —respondeu o pai— é comete-la acción máis deshonorosa entre tódalas que poden deshorrar a un home.

—Debe ser un pecado ben grande —observou a señora Grandet—, e o noso irmán será condenado.

—¡Boh, ti e mailas túas ladaíñas! —díxolle á súa muller, encollendo os ombros—. Quebrar, Eugénie —proseguiu— é un roubo que a lei toma, desgraciadamente, baixo a súa protección. Unhas xentes déronlle as súas mercadorías a Guillaume Grandet pola súa reputación de honor e probidade, logo el levou todo e non lles deixa máis cós ollos para chorar. O ladrón de camiños é preferible ó que fai bancarrota: aquel atácvos, podédesvos defender, el arrisca a cabeza; pero este... En fin, que Charles está deshonorado.

Estas palabras caeron no corazón da pobre moza e abafárona con todo o seu peso. Sendo tan honrada como delicada é unha flor nacida na profundidade dun bosque, non coñecía nin as máximas do mundo, nin os seus razoamentos capciosos, nin os seus sofismas: así que aceptou a atroz explicación que seu pai lle daba ó seu antollo, sobre a quebra, sen lle facer sabe-la diferenza

que existe entre unha quebra involuntaria e unha quebra calculada.

—¿E logo, pai, vostede non puido impedir esa desgracia?

—Meu irmán non me consultou; ademais debe catro millóns.

—¿E canto é, logo, un millón, pai? —preguntou ela, coa inxenuidade dun neno que cre poder conseguir rapidamente aquilo que desexa.

—¿Un millón? —dixo Grandet—, pois é un millón de moedas de vinte soldos e fan falla cinco moedas de vinte soldos para facer cinco francos.

—¡Meu Deus!, ¡Meu Deus! —exclamou Eugénie— ¿E como chegaría o tío a ter catro millóns seus? ¿Hai algún outro en Francia que poida ter tantos millóns?

O tío Grandet acariciaba o queixelo, sorría, e o lobiño do seu nariz parecía dilatarse.

—Pero, ¿que vai ser do curmán Charles?

—Vai marchar para as Indias, onde, segundo o desexo do seu pai, intentará facer fortuna.

—Pero, ¿ten diñeiro para ir alá?

—Eu pagareille a viaxe... ata... si, ata Nantes.

Eugénie saltou ó colo do seu pai.

—¡Ah, pai!, vostede si que é bo.

E bicouno de tal maneira que Grandet, que a súa conciencia acosaba un pouco, case se avergoñou.

—¿Cómpre moito tempo para xuntar un millón? —preguntoulle.

—¡Diaño! —dixo o toneleiro—. ¿Ti sábe-lo que é un napoleón? Pois fan falla cincuenta mil para facer un millón.

—Mamá, faremos unhas novenas por el.

—Xa pensaba niso —dixo a nai.

—¡Iso é!... ¡seguidе gastando os cartos! —exclamou o pai—. ¡Ah!, ¿credes que nos sobran aquí?

Nese momento oíuse polo faiado un laio xordo, máis lúgubre ca tódolos outros, e xeou de terror a Eugénie e a súa nai.

—Nanon, vai mirar aló enriba, non vaia ser que se mate —dixo Grandet—. ¡A ver! —continuou, volvéndose cara á muller e a filla que as súas palabras fixeran palidecer. —Nada de parvadas, vó-las dúas. Déixovos. Vou dar unha volta por onda os holandeses, que marchan hoxe. Despois irei ver a Cruchot para falar con el de todo isto.

Saíu. Cando Grandet tirou pola porta, Eugénie e a súa nai respiraron a gusto. Antes daquela mañá, a filla nunca se sentira constringida en presenza do seu pai; pero, había unhas horas que cambiaba a cada momento de sentimentos e de ideas.

—Mamá, ¿cantos luíses dá unha barrica de viño?

—O teu pai vende as súas a cen ou cento cincuenta francos, ás veces a douscentos, polo que teño oído.

—¿E cando colle mil catrocentas barricas de viño...?

—Abofé, filla, eu non sei canto fai; teu pai non me fala nunca dos seus negocios.

—Pero, entón, o papá debe ser rico.

—Pode ser. Pero o señor Cruchot díxome que comprara Froidfond hai dous anos. Iso crearíalle problemas.

Eugénie, sen comprender nada sobre a fortuna do seu pai, non puido facer máis cálculos.

—¡Pos nin sequera me viu, o santiño! —dixo Nanon ó baixar—. ¡Está deitado coma un becerro na cama e chora coma unha Madalena, que é unha bendición! ¡Que desgusto ten ese *probiño* de home tan feito!

—Ímolo consolar axiña, mamá; e se chaman, baixaremos.

A señora Grandet quedou sen defensa contra a harmoniosa voz da súa filla. Eugénie estaba sublime, era unha muller. Ámbalas dúas, co corazón palpitante, subiron ó cuarto de Charles. A porta estaba aberta. O mozo nin vía nin oía nada. Sumido nas súas lágrimas, lanzaba laios inarticulados.

—¡Como quere a seu pai! —dixo Eugénie en voz baixa.

Era imposible non ver no acento daquelas palabras as esperanzas dun corazón apaixonado sen sabelo. A señora Grandet botoulle á súa filla unha mirada chea de sentimento maternal, despois murmuroulle ó oído:

—¡Ten coidado!, vaste namorar.

—¡Namorarme! —repuxo Eugénie—. ¡Ai, se soubése-lo que dixo meu pai!

Charles deu a volta, viu á tía e á curmá.

—¡Perdín a meu pai, ó meu pobre pai! Se me tivese confiado o segredo do seu infortunio, traballariámo-los dous xuntos para reparalo. ¡Meu Deus! ¡O meu bo pai!, estaba tan seguro de volvelo ver que creo que o biquei con frialdade.

Os saloucos cortáronlle a palabra.

—Habemos rezar por el —dixo a señora Grandet—. Resígnese á vontade de Deus.

—Curmán —dixo Eugénie—, ¡teña valor! A súa perda é irreparable: agora pense en salva-lo seu honor....

Con ese instinto, esa finura da muller que ten enxeño en toda situación, mesmo cando consola, Eugénie quería aliviar-la dor do seu curmán facendo que se preocupase de si mesmo.

—¿O meu honor...? —berrou o mozo, apartando o pelo da cara cun movemento brusco, e sentou na cama cruzando os brazos—. ¡Ah!, é certo. Meu pai quebrou, dixo o meu tío.

Deu un berro esgazador e escondeu o rostro nas mans.

—¡Déixeme, curmá, déixeme! ¡Deus!, ¡Deus! ¡perdoádelle a meu pai!, ¡canto debeu sufrir!

Había algo horriblemente atraínte na expresión daquela dor xuvenil, verdadeira, sen cálculo e sen falsidade. Era unha dor púdica, dor que os corazóns sinxelos de Eugénie e da súa nai comprenderon cando Charles fixo un xesto para pedirilles que o deixasen só. Baixaron, volveron ocupar en silencio os seus lugares onda a xanela e traballaron arredor dunha hora sen intercambiar palabra. Eugénie albiscara, coa mirada furtiva que botara á equipaxe do mozo, esa mirada das rapazas que ven todo nun abrir e pechar de ollos, as lindas bagatelas do seu aseo persoal, as tesoiras, as navallas barbeiras con adornos de ouro.

Esta visión do luxo a través da dor fíxolle a Charles aínda máis interesante, tal vez polo contraste. Xamais un acontecemento tan grave, xamais un espectáculo tan dramático sorprendera a imaxinación daquelas dúas criaturas, sempre sumidas na calma e na soidade.

—Mamá —dixo Eugénie—, levaremos loito polo tío.

—O que decida teu pai —respondeu a señora Grandet.

Quedaron de novo silenciosas. Eugénie daba os puntos cunha regularidade de movementos que desvelaría a un observador os fecundos pensamentos da súa meditación. O primeiro desexo daquela adorable moza era compartilo dó do seu curmán.

Aí polas catro, unha aldrabada brusca retumbou no corazón da señora Grandet.

—¿Que lle pasará ó teu pai? —preguntoulle á súa filla.

O viñateiro entrou alegre. Tras quita-las luvas refregou as mans tan fortemente como para arrinca-la pel se a súa epiderme non estivese curtida coma o coiro de Rusia, sen o olor do alerce e do incenso. Paseaba, miraba a hora. Por fin escapóuselle o seu segredo.

—Muller —dixo sen tatear—, enredeinos a todos. ¡O noso viño está vendido! Os holandeses e os belgas marchaban esta mañá, eu andei paseando pola praza, diante da pousada, así coma que nada. Os propietarios de tódalas viñas boas gardan a colleita e queren esperar, eu non llelo impedín. Fulano, que ti coñeces, veu onda min. O noso belga estaba desesperado. Eu decateime. Negocio rematado, leva a nosa colleita a douscentos francos a barrica, a metade ó contado. Págame en ouro. Os recibos xa están feitos, toma, seis luíses para ti. Dentro de tres meses os viños han baixar.

Estas últimas palabras foron pronunciadas cun ton calmo pero tan profundamente irónico que as xentes de Saumur, agrupadas naquel momento na praza e abraiados pola nova da venda que acababa de realizar Grandet, estremeceríanse se as oísen. O pánico faría cae-los prezos do viño nun cincuenta por cento.

—¿Ten mil barricas este ano, pai? —preguntou Eugénie.

—Si, filliña.

Esta palabra era a expresión superlativa da ledicia do vello

toneleiro.

—Iso fai duascentas mil moedas de vinte céntimos.

—Si, señorita Grandet.

—Logo, pai, pode facilmente socorrer a Charles.

O asombro, o furor, a estupefacción de Baltasar vendo o *Mane-Tecel-Phares* non saberían compararse á fría cólera de Grandet que, sen lembrarse xa do seu sobriño, volvíao atopar aloxado no corazón e nos cálculos da súa filla.

—¡Recoiro!, desde que ese monicreque puxo os pés na *miña* casa, todo anda do revés. Vós pareceades non andar máis que a comprar larpeiradas, facer festas e festíns. Non quero nada diso. ¡Á miña idade sei o que teño que facer, se cadra! Ademais non teño que recibir leccións nin da miña filla nin de nin ninguén. Farei polo meu sobriño o que sexa conveniente facer, non tedes que andar metendo o nariz niso. En canto a ti, Eugénie —agregou virado cara a ela—, non me fales máis disto ou mándote para a abadía de Noyers con Nanon ver se estou aló e, mañá mesmo, se protestas. ¿Onde está, logo, ese rapaz?, ¿aínda non baixou?

—Non, amigo meu —respondeu a señora Grandet.

—¿E logo, que fai?

—Chora por seu pai —respondeu Eugénie.

Grandet mirou para a súa filla sen atopar unha palabra que dicir. El tamén era un pouco pai. Tras dar unha ou dúas voltas pola sala, subiu rápido ó seu gabinete para meditar sobre un investimento nos fondos públicos. As súas dúas mil fanegas de bosque cortado déranlle seiscentos mil francos; unindo a esta suma o diñeiro dos álamos, as ganancias do ano anterior e do ano en curso, ademais dos douscentos mil francos do negocio que acababa de concluír, podía reunir unha cantidade de novecentos mil francos. O vinte por cento a ganar nun prazo breve sobre as rendas públicas, que estaban a setenta francos, tentábao. Fixo as contas desa especulación no mesmo xornal no que se anunciaba a morte do seu irmán, mentres oía, sen escoitalos, os saloucos do seu sobriño. Nanon veu petar á parede para invitar ó seu amo a baixar, a cea estaba servida. Baixo a bóveda, no último chanzo da escaleira, Grandet pensaba: "Como cobrarei uns intereses do oito por cen, vou facer esa compra. En dous anos terei un millón e medio de francos que retirarei de París en bo ouro."

—¡E logo!, ¿onde está o meu sobriño?

—Di que non quere comer –respondeu Nanon—. Iso non é bo.

—Así aforrámollo –replicou o amo.

—Home, iso si –dixo ela.

—¡Bah!, non vai chorar sempre. A fame bota ó lobo fóra do bosque.

A cea transcorreu estrañamente silenciosa.

—Amigo meu –dixo a señora Grandet cando o mantel foi retirado –témonos que poñer de loito.

—A verdade, señora Grandet, xa non sabe que inventar para gasta-los cartos. O loito está nos corazóns e non na roupa.

—Pero o loito por un irmán é indispensable e a Igrexa ordénanos...

—Compre o loito cos seus luíses. A min déame unha braceira, con iso abondará.

Eugénie alzou os ollos ó ceo sen dicir unha palabra. Por primeira vez na súa vida, as súas xenerosas inclinacións durmidas, reprimidas, pero espertadas de pronto, eran pisadas a cada momento.

Aquela velada foi semellante, en aparencia, a mil outras veladas das súas monótonas existencias, pero foi, certamente, a máis horrible. Eugénie traballou sen levanta-la cabeza e non utilizou o cesto da costura que Charles desdeñara a véspera. A señora Grandet calcetou nas súas mangas. Grandet permaneceu inactivo durante catro horas, abismado en cálculos con resultados que debían, ó día seguinte, asombrar a Saumur. Non veu ninguén aquela tarde visitar á familia. Nese momento, a vila enteira comentaba a venda de Grandet, a quebra do seu irmán e a chegada do sobriño. Obedecendo á necesidade de conversar sobre os seus intereses comúns, tódolos propietarios de viñedos das clases alta e media de Saumur xuntáranse na casa do señor des Grassins, onde se emitiron terribles imprecacións contra o antigo alcalde.

Nanon fiaba, e o ruído da súa debandoira foi a única voz que se fixo oír baixo as táboas agrisadas da sala.



—Non gastámo-la lingua —dixo ela mostrando os seus dentes brancos e grandes coma améndoas peladas.

—Non hai que gastar nada —respondeu Grandet espertando das súas meditacións.

Xa vía en perspectiva os seus oito millóns en tres anos e vogaba sobre esa longa masa de ouro.

—Ímonos deitar. Voulle da-las boas noites por todos ó meu sobriño e ver se quere tomar algo.

A señora Grandet ficou no descansiño do primeiro piso para oí-la conversa que ía ter lugar entre Charles e o bo home. Eugénie, máis atrevida cá súa nai, subiu dous chanzos.

—¡Que, sobriño!, está moi desgustado. Si, chore, é natural. Un pai é un pai. Pero hai que ter paciencia nas nosas desgracias. Eu ocúpome de vostede mentres chora. Son un bo parente, ¿ve? Veña, veña, ¡valor! ¿Quere beber un vasiño de viño?

O viño non costa nada en Saumur, alí invitan a viño coma nas Indias a unha cunca de té.

—Pero —continuou Grandet— non ten luz. ¡Malo, malo! hai que ver claro o que se fai.

Foi cara a cheminea.

—Vaia! —exclamou— aquí está a buxía. ¿De onde demo sacarían esta buxía de cera? As condenadas queimarían o piso da miña casa para cocerlle uns ovos a este rapaz.

Ó oír estas palabras a nai e maila filla correron para os seus cuartos e metéronse na cama coa celeridade duns ratos asustados que volvesen ós seus buratos.

—Señora Grandet, ¿logo ten vostede un tesouro? —dixo o home o entrar no cuarto da súa muller.

—Amigo meu, estou rezando as miñas oracións, agarde —respondeu a pobre nai cunha voz alterada.

—¡Que o díaño leve o teu bo Deus! —replicou Grandet resmungando.

Os avaros non cren nunha vida por vir, o presente é todo para eles. Esta observación proxecta unha horrible luz sobre a época

actual, na que, máis que en ningún outro tempo, o diñeiro domina as leis, a política e mailos costumes. Institucións, libros, homes e doutrinas, todo conspira para mina-la crenza nunha vida futura sobre a que o edificio social se apoia desde hai mil oitocentos anos. Agora o cadaleito é unha transición pouco temida. O futuro, que nos esperaba alén do réquiem, transportouse ó presente. Chegar *per fas et nefas* ó paraíso terrestre do luxo e dos gozos vans, petrifica-lo corazón e macera-lo corpo con vistas a acadar posesións pasaxeiras, como se sufría antano o martirio da vida con vistas a acadar ós bens eternos, é o pensamento xeral, pensamento, por certo, escrito por todas partes, ata nas leis que preguntan ó lexislador: ¿Canto pagas?, en lugar de preguntar: ¿Que pensas? Cando esta doutrina pase da burguesía ó pobo, ¿que será do país?

—Señora Grandet, ¿terminaches? —dixo o vello toneleiro.

—Amigo meu, rezo por ti.

—¡Moi ben!, boas noites. Mañá pola mañá xa falaremos.

A pobre muller durmiu coma o escolar que non aprendeu as leccións e teme atopa-lo rostro irritado do mestre ó acordar. No momento en que, morta de medo, se engruñaba entre as sabas para non oír nada, Eugénie coouse cabo dela, en camisón, descalza e bicouna na fronte.

—¡Oh! mamaíña boa —dixo—, mañá direille que fun eu.

—Non, mandaríate para Noyers. Déixame a min, non me vai comer.

—¿Oes, mamá?

—¿O que?

—Pois, a *el*, segue a chorar.

—Vaite deitar, miña filla. Vas coller frío nos pés. O piso está húmido.

Así pasou o día solemne que debía pesar sobre toda a vida da rica e pobre herdeira, o sono da cal non foi tan profundo nin tan puro como fora ata entón.

Con frecuencia, certas accións da vida humana parecen, literariamente falando, inverosímiles, aínda que son verdadeiras. Pero, ¿non será que se omite case sempre verter sobre as nosas

determinacións espontáneas unha especie de luz psicolóxica, que explicaría as razóns misteriosamente concibidas que as fixeron necesarias? Quizá a profunda paixón de Eugénie debería ser analizada nas súas fibras máis delicadas; pois converteuse, dirían algúns bromistas, nunha enfermidade e influíu en toda a súa existencia. Moita xente prefire negalo desenlace a medi-la forza dos vínculos, dos lazos, das ataduras que soldan secretamente un feito a outro na orde moral. Aquí, o pasado de Eugénie serviríalles, ós observadores da natureza humana, como garantía da inxenuidade da súa irreflexión e do repentino das efusións da súa alma. Como a súa vida transcorrera tan tranquila, a piedade feminina, o máis enxeñoso dos sentimentos, despregábase agora máis vivamente na súa alma. Axitada polos acontecementos da xornada, espertou varias veces, para escoitar ó seu curmán, crendo oírlos suspiros que desde a véspera lle retumbaban no corazón: tan pronto o vía expirando de pena como morrendo de fame. De madrugada, oíu realmente unha terrible exclamación. Vestiuse de contado e acudiu lixeira, nas puntas dos pés, onde o seu curmán que deixara a porta aberta. A vela esgotárase na arandela do candeeiro. Charles, vencido pola natureza, durmía vestido, sentado nunha butaca, coa cabeza apoiada sobre a cama; soñaba como soña quen ten o estómago baleiro. Eugénie puido chorar ó seu antollo; puido admirar aquel rostro novo e fermoso, marcado pola dor, aqueles ollos inchados polas bágoas e que, mesmo durmidos, semellaban chorar. Charles adiviñou por simpatía a presenza de Eugénie, abriu os ollos e viu, entenrecida.

—Perdón, curmá —dixo sen saber evidentemente nin a hora que era nin o lugar en que se encontraba.

—Hai corazóns que o oen aquí, curmán, e *pensamos* que necesitaba algo. Debería deitarse, vaise fatigar de quedar así.

—É certo.

—Pois, ale, adeus.

Escapou, avergoñada e feliz de ter ido alí. Só a inocencia ten tales atrevementos. Instruída, a Virtude calcula tan ben coma o Vicio. Eugénie que, preto do curmán, non tremera, mal se puido ter sobre as pernas cando estivo no seu cuarto. A súa ignorante vida cesara de golpe, razoou, fíxose mil reproches. "¿Que idea se vai facer de min? Crerá que o amo." Iso era, precisamente, o que máis desexaba ela que crese. O amor franco ten a súa presciencia e sabe que o amor excita o amor. ¡Que acontecemento para aquela rapaza solitaria, ter entrado así,

furtivamente, no cuarto dun home novo! ¿Non hai pensamentos, accións que, no amor, equivalen, para certas almas, a santos esposais? Unha hora despois entrou no cuarto da súa nai e axudouna a vestirse segundo o seu costume. Logo foron sentar ós seus sitios onda a fiestra e agardaron por Grandet con esa ansiedade que xea o corazón ou o queima, oprímeo ou dilátao, segundo os caracteres ou que se tema unha escena, un castigo; sentimento por outra parte tan natural que o experimentan os animais domésticos ata o punto de chorar por un castigo, eles, que calan cando se mancan por descoido.

O bo home descendeu pero faloulle con aire distraído á súa muller, bicou a Eugénie e púxose á mesa sen que parecese pensar nas súas ameazas da véspera.

—¿E que é do meu sobriño?, o rapaz non molesta moito.

—Dorme, señor –dixo Nanon.

—Mellor, así non necesita buxías –dixo Grandet cun ton burlón.

Esa clemencia insólita, esa amarga ledicia sorprenderon á señora Grandet, quen ollou para o seu home con moita atención. O bo home... Agora quizá conveña facer observar que na Turena, no Anjou, no Poitou, na Bretaña, a expresión "bo home", a miúdo empregada aquí para designar a Grandet, aplícaselle ós homes cando chegan a unha certa idade, tanto ós máis crueis coma ós máis santiños. Ese título non prexulga nada sobre a mansedume individual. O bo home, logo, colleu o chapeo, as luvas e dixo:

— Vou dar un paseo pola praza a ver se atopo ós nosos Cruchot.

—Decididamente, Eugénie, a teu pai pásalle algo.

En efecto, pouco durmiñón, Grandet empregaba a metade das noites nos cálculos preliminares que lles daban ós seus puntos de vista, observacións e plans a súa pasmosa exactitude e lles aseguraban ese constante éxito do que se marabillaban os saumureses. Todo poder humano é un composto de paciencia e tempo. As xentes poderosas queren e velan. A vida do avaro é un constante exercicio do poder humano posto ó servizo da personalidade. Aquela só se apoia en dous sentimentos: o amor propio e o interese; pero sendo o interese, dalgún xeito, o amor propio sólido e ben entendido, o testemuño continuo dunha superioridade real, o amor propio e o interese son dúas partes dun mesmo todo, o egoísmo. De aí vén, quizá, a prodixiosa curiosidade que excitan os avaros habilmente postos en escena.

Todos estamos atados por un fío a eses personaxes que atacan tódolos sentimentos humanos, resumíndoos todos. ¿Onde está o home sen desexo e que desexo social se resolverá sen diñeiro?

A Grandet, en efecto, pasáballe algo, segundo a expresión da súa muller. Nel, coma en tódolos avaros, había unha persistente necesidade de xogar unha partida cos outros homes, de ganarlles legalmente os seus escudos. Impoñerse sobre os demais ¿non é exercer un acto de poder, conseguir perpetuamente o dereito a desprezar ós que son demasiado febles, ós que se deixan devorar aquí abaixo? ¡Oh!, ¿quen terá comprendido ben o significado do año apraciblemente deitado ós pés de Deus, o máis conmovedor emblema de tódalas vítimas terrestres, o do seu futuro, en fin o Sufrimento e a Febleza glorificados? A ese año, o avaro déixao engordar, encérrao, mátao, ásaio, cómeo e desprezaio. O pasto dos avaros componse de diñeiro e desdén.

Durante a noite, as ideas do bo home tomaran outro rumbo: de aí a súa clemencia. Urdira unha trama para burlarse dos parisienses, para retorcelos, enganalos, esmagalos, facelos ir, vir, suar, esperar e palidecer; para facer risa deles, el, o antigo toneleiro no fondo da súa sala gris, subindo a escaleira abichada da súa casa de Saumur. Pensara no seu sobriño. Quería salva-lo honor do seu irmán morto, sen que lle custase un can nin ó sobriño nin a el. Ía investi-lo seu capital por tres anos, logo non tería máis que facer que administra-lo seu patrimonio; cumpríalle un alimento para a súa maligna actividade e atopárao na quebra do seu irmán. Como non tiña nada entre as mans para esmagar, quería machucar ós parisienses en proveito de Charles e aparecer como un excelente irmán por pouco prezo. O honor da familia tiña tan pouco que ver co seu proxecto que a súa boa vontade debe ser comparada á necesidade que experimentan os xogadores de ver xogar ben unha partida na que eles non apostan. E os Cruchot éranlle necesarios e non quería ilos buscar, decidira facelos ir á súa casa e comezar aquela mesma noite a comedia da que acababa de concibilo plano, a fin de ser obxecto, ó día seguinte e sen que lle custase un denario, da admiración da súa vila.

En ausencia de seu pai, Eugénie sentiu a felicidade de poder ocuparse abertamente do seu ben amado curmán, de derramar sobre el sen temor os tesouros da súa compaixón, unha das sublimes superioridades da muller, a única que queira facer sentir, a única que lle perdoa ó home que lle deixe exercer sobre el.

Por tres, catro veces, foi Eugénie escoitar a respiración do curmán; saber se durmía, se acordaba; logo, cando se ergueu, a crema, o café, os ovos, a froita, os pratos, o vaso, todo o que

formaba parte do almorzo, foi obxecto dos seus desvelos. Subiu lixeira pola vella escaleira para escoita-lo ruído que facía o curmán. ¿Vestíase? ¿Choraba aínda? Foi ata a porta.

—¿Curmán?

—Si, curmá.

—¿Quere almorzar na sala ou no cuarto?

—Onde vostede queira.

—¿Como se encontra?

—Querida curmá, avergónzome de ter fame.

Esta conversa a través da porta significaba para Eugénie todo un episodio de novela.

—Pois logo traerémoslle o almorzo ó cuarto, para non contrariar a meu pai.

Baixou á cociña coa lixeireza dun paxaro.

—Nanon, vai arranxa-lo cuarto.

Esta escaleira tan a miúdo subida e baixada, onde retumbaba o menor ruído, parecíalle a Eugénie ter perdido o seu carácter vetusto; semelláballe luminosa, falaba, era nova coma ela, nova coma o amor ó que ela servía. En fin, súa nai, a súa boa e indulxente nai, prestábase gustosa ás fantasías do seu amor e, cando o cuarto de Charles estivo arranxado, foron as dúas facerlle compañía ó infeliz: ¿non ordenaba a caridade cristiá consolalo? Aquelas dúas mulleres acharon na relixión bo número de pequenos sofismas para xustifica-los seus extravíos. Charles Grandet foi, pois, obxecto dos máis tenros e afectuosos coidados. O seu magoado corazón sentiu vivamente a dozura daquela amizade de veludo, da exquisita simpatía que aquelas dúas almas sempre oprimidas souberon desprezar ó atopárense libres por un momento na rexión dos sufrimentos, a súa esfera natural.

Autorizada polo parentesco, Eugénie púxose a ordena-la roupa, os obxectos de tocador que o seu curmán trouxera, e púidose marabillar ó seu antollo con cada luxosa bagatela, chilindradas de prata e de ouro labrado, que lle caían na man e que sostíña longo tempo so pretexto de examinalas.

Charles viu cun entenrecemento profundo o xeneroso interese

que lle mostraban a tía e maila curmá; coñecía abondo a sociedade de París para saber que, na súa posición, non tería atopado máis que corazóns indiferentes ou fríos, Eugénie aparecéuselle entón en todo o esplendor da súa especial beleza e agora admirou a inocencia dos seus costumes da que se burlara a véspera. De maneira que, cando Eugénie colleu das mans de Nanon a cunca de porcelana chea de café con leite para servirla ó seu curmán con toda a inxenuidade do sentimento, botándolle unha afable ollada, os ollos do parisiense enchéronse de bágoas, colleulle a man e bicouna.

—¡Vaia! ¿E que lle pasa agora? —preguntou.

—¡Oh!, son lágrimas de recoñecemento —respondeu el.

Eugénie volveuse bruscamente cara á cheminea para colle-los candeiros.

—Nanon, tome, léveos —dixo.

Cando mirou para o curmán, aínda estaba moi vermella, pero, polo menos, a súa mirada puido mentir e non delata-la ledicia excesiva que lle inundaba o corazón; mais os ollos dos dous expresaron un mesmo sentimento, como as súas almas se fundiron nun mesmo pensamento: o futuro era deles. Aquela doce emoción foi máis deliciosa para Charles, no medio da súa dor, por inesperada.

Unha aldrabada devolveu as dúas mulleres ós seus sitios. Por sorte, deron baixado axiña abondo para atoparse á obra cando entrou Grandet. Atopalas baixo a bóveda abondaría para espertalas súas sospeitas.

Despois do almorzo, que o bo home tomou de pé, o gardabosques, ó que aínda non se lle dera a paga prometida, chegou de Froidfond de onde traía unha lebre, unhas perdices que matara no parque, unhas anguías e dous lucios da renda dos muiñeiros.

—¡He, he! Este pobre Cornoiller, vén coma marea en coresma. ¿Está ben para comer, isto?

—Si, meu querido e xeneroso amo; hai dous días que está morto.

—Veña, Nanon, lixeira —dixo o bo home—. Cólleme isto, será para a cea; hoxe teño invitados a dous Cruchot.

Nanon abriu uns ollos enormes e mirou para todos.

—¡Ah, xa!, ¿e de onde vou saca-la manteiga e mailas especias?

—Muller —dixo Grandet—, dálle seis francos a Nanon e recórdame que vaia á adega buscar viño do bo.

—Pois, mire logo, señor Grandet —dixo o garda, que preparara unha arenga para resolve-la cuestión dos seus emolumentos—, señor Grandet...

—Ta, ta, ta, ta —dixo Grandet—, xa sei o que me vas dicir, e-lo díaño, xa veremos iso mañá, hoxe ando moi apurado. Muller, dálle cen patacóns —díxolle á señora Grandet.

E liscou. A pobre muller quedou feliz de compra-la paz por dez francos. Sabía que Grandet calaba así durante quince días, despois de recuperar, peza a peza, o diñeiro que lle dera.

—Toma, Cornoiller —dixo, meténdolle dez francos na man—, algún día pagarémosche os teus servicios.

Cornoiller non soubo que dicir. Marchou.

—Señora —dixo Nanon, que xa puxera a súa cofia negra e collera o cesto—, só necesito tres francos, garde o resto. ¡Ale, hame chegar!

—Fai unha boa cea, Nanon; o meu curmán baixará —dixo Eugénie.

—Decididamente, aquí pasa algo estraño —dixo a señora Grandet—. É a terceira vez desde que casamos que teu pai invita alguén a cear.

Contra as catro, cando Eugénie e súa nai acabaran de poñe-la mesa para seis persoas e o amo da casa subira algunhas botellas deses viños exquisitos que os provincianos gardan con amor, Charles presentouse na sala. O rapaz estaba pálido. Os seus xestos, a súa compostura, as súas miradas e o son da súa voz tiñan unha tristeza chea de gracia. Non arremedaba a dor, sufría realmente, e o veu que a pena estendía sobre os seus trazos dáballe ese aire interesante que tanto gusta ás mulleres. Eugénie quíxoo aínda máis. Tal vez tamén a desgracia o achegase a ela. Charles xa non era aquel mozo rico e guapo situado nunha esfera inaccesible para ela, senón un parente sumido nunha espantosa miseria. A miseria pare a igualdade. A muller ten isto en común cos anxos: os seres que sofren pertécenlle. Charles e Eugénie entendéronse e faláronse cos ollos soamente; pois o pobre dandi destronado, o orfo, púxose nun recanto, alí estivo mudo, tranquilo



e orgulloso; pero a cada pouco, a mirada doce e acariciante da curmá ía lucir sobre el, obrigándoo a abandona-los seus tristes pensamentos, a lanzarse con ela ós campos da Esperanza e do Futuro por onde a ela lle gustaba internarse con el.

Nese momento, a vila de Saumur estaba máis impresionada pola cea ofrecida por Grandet ós Cruchot do que o estivera a véspera pola venda da súa colleita, o que constituía un crime de alta traizón para o viñedo. Se o político viticultor dese a cea coa mesma intención que aquela que lle custou o rabo ó can de Alcibíades, sería quizá un grande home; pero, demasiado superior a unha vila da que se burlaba sen cesar, el non facía ningún caso de Saumur.

Os des Grassins souberon axiña a morte violenta e a quebra probable do pai de Charles, e resolveron ir, aquel mesmo serán, onda o seu cliente para acompañalo na dor e darlle probas da súa amizade, informándose de paso dos motivos que o poderían determinar a invitar a cear, en semellante circunstancia, ós Cruchot.

Ás cinco en punto, chegaron o presidente C. de Bonfons e seu tío o notario, endomingados ata as orellas. Os convidados puxéronse á mesa e comezaron por comer notablemente ben. Grandet estaba serio, Charles silencioso, Eugénie muda, a señora Grandet non falou máis que de costume, de sorte que a cea foi unha verdadeira cea de pésame. Cando se levantaron da mesa, Charles díxolles á tía e ó tío:

—Permítanme que me retire. Teño que ocuparme dunha longa e triste correspondencia.

—Dispoña, sobriño.

Despois da súa saída, cando o bo home supuxo que Charles non podía oír nada sumido nos seus escritos, mirou raposeiro á súa muller.

—Señora Grandet, o que temos que falar sería latín para vostede; son as sete e media, debería ir meterse entre as mantas. Boas noites, filla.

Bicou a Eugénie, e as dúas mulleres saíron.

Aquí comeza a escena na que o tío Grandet, máis que en ningún outro momento da súa vida, empregou a destreza que adquirira no comercio cos homes e que lle valía, a miúdo, de parte dos que mordía na pel cunha pouca rudeza de máis, o alcume de *can*

*vello*. Se ó alcalde de Saumur o levase a súa ambición máis lonxe, se felices circunstancias o fixesen chegar ás esferas superiores da sociedade e o tivesen enviado ós congresos nos que se trataban os asuntos das nacións e utilizase alí o xenio do que o dotara o seu interese persoal, non hai dúbida de que sería gloriosamente útil a Francia. Sen embargo, tal vez sería igualmente probable que, fóra de Saumur, o bo home só desempeñase un pobre papel. Quizá ocorra cos espíritos coma con certos animais, que non xeran cando son levados fóra dos climas onde nacen.

—Se... se... se... señor pre... pre... presidente, di...dicía voostede que a queeebra...

A tartamudez simulada dende había tanto tempo polo bo home e que pasaba por ser natural, igual cá xordeira da que se queixaba nos días de choiva, tornouse, nesta conxuntura, tan fatigante para os dous Cruchot que, escoitando ó viñateiro, xesticulaban sen decatarse, facendo esforzos coma se quixesen remata-las palabras nas que el se enredaba a pracer.

Tal vez sexa necesario aquí conta-la historia da tartamudez e da xordeira de Grandet. Ninguén, no Anjou, oía mellor e podía pronunciar con máis nitidez o francés anxevino có astuto viñateiro. Antano, malia toda a súa agudeza, fora enganado por un israelita que, na discusión, aplicaba a man á orella a modo de trompetiña, so pretexto de oír mellor, e balbucía tanto buscando as palabras que Grandet, vítima da súa humanidade, creuse obrigado a suxerir-lle a aquel astuto xudeu as palabras e as ideas que parecía buscar, a acabar el mesmo os razoamentos do dito xudeu, a falar como debía fala-lo condenado xudeu, a ser, en fin, o xudeu e non Grandet. O toneleiro saíu dese combate estraño concluíndo o único negocio do que tivo que arrepentirse no decurso de toda a súa vida comercial. Pero se con iso perdeu, pecuniariamente falando, ganou moralmente unha boa lección e, máis tarde, recolleu os seus froitos. De maneira que o bo home terminou por bendicir ó xudeu que lle ensinara a arte de impacientar ó adversario comercial e, téndoo ocupado en expresa-lo seu pensamento, facerlle perder de vista constantemente o propio. Agora ben, ningún negocio esixiu máis que aquel do que se trataba agora, a xordeira, a tartamudez e os rodeos incomprensibles nos que Grandet envolvía as súas ideas. De entrada, non quería cargar coa responsabilidade das súas ideas; logo, quería seguir sendo dono da palabra e deixar na dúbida as súas verdadeiras intencións.

—Señor de Bon... Bon... Bonfons...

Por segunda vez en tres anos, Grandet chamáballe a Cruchot sobriño, señor de Bonfons. O presidente puido creerse elixido para xenro polo artificioso bo home.

—Vooooostede di... di... di... dicía, logo, que as queeeebras po... po... po... poden, enen certos casos, ser im... impe... pe... pe...didas po... por...

—Polos mesmos Tribunais de Comercio. Vémolo a diario –dixo o señor C. de Bonfons, a cabalo sobre a idea do tío Grandet ou crendo adiviñala e querendo explicarlle afectuosamente—. ¿Óeme?

— O...ooio –respondeu humildemente o bo home, adoptando maliciosamente a actitude dun neno que ri no seu interior do profesor mentres semella prestarlle a meirande atención.

—Cando un home considerable e considerado, como o era, por exemplo, o seu defunto irmán en París...

—Meu...eu irmán, si.

—Está ameazado por unha desfeita...

—¿Iso cháaamase des... des... desfeita?

—Si. Cando a quebra se fai inminente, o Tribunal de Comercio competente –¿ségueme?– ten a facultade de nomear nun xuízo liquidadores para a súa firma. Liquidar non é quebrar, ¿comprende? Ó quebrar, un home deshónrase; pero liquidando segue a ser un home honrado.

—É ben di... di... di... diferente, se iso non cus...cus...cus... cuuusta máis caro –dixo Grandet.

—Pero aínda se pode facer unha liquidación, mesmo sen o socorro do Tribunal de Comercio. Pois –dixo o presidente aspirando rapé–, ¿como se declara unha quebra?

—Si, eu non o pen... pen... pen... pensara nunca –respondeu Grandet.

—Primeiramente –continuou o maxistrado–, co depósito do balance que fai o negociante mesmo ou o seu apoderado na fiscalía do Tribunal, debidamente rexistrado. En segundo lugar, a petición dos acredores. Agora ben, se o negociante non deposita o balance, se ningún acredor require do Tribunal un xuízo que declare ó susodito negociante en quebra, ¿que pasaría?

—Si... i... i..., ve... ve... vexamos.

—Entón a familia do falecido, os seus representantes, os seus herdeiros, ou o negociante mesmo, se non estivese morto, ou os seus amigos, se estivese escondido, liquidan. ¿Se cadra quere vostede liquida-los negocios do seu irmán? —preguntou o presidente.

—¡Ah, Grandet! —exclamou o notario—. ¡Iso estaría ben! Hai honor no fondo das nosas provincias. Se vostede salvase o seu nome, pois é o seu nome, sería un home...

—Sublime —dixo o presidente, interrompendo a seu tío.

—Ceeeertamente —replicou o vello viñateiro—, o meu ir... irmán cha... cha... chamábase Grandet, co...cooma min, non di...digo que nnnnon. Iso é ss...ss...seguro e certo. E esa li... li... li... liquidación, po... po... po...podería, en tooóolos ca... casos, ser baixo tooódo-los as... as... aspectos, moi va... va...vantaxosa para os in... in... in... intereses do meu so... so... sobriño a quen queeero. Pero habería que ver. Eu non co... co... co... coñeezo eses li... li... *listos* de París. ¡Eu so... so... son de Saumur, xa ven! Os meus baceeelos, os foooxos e, en en fin, teño os meus ne... negocios. ¿Que é un billete de empréstito? Te... te... teño re... re... recibido mooitos, pero nnnunca asi...si...sinei ningún. Issso, có... cóbrase, descoooóntase. E xa es... está. Iso é to... to... todo o que sssei. Teño oooído di...dicir que se poden com... com... compraaar os bi... bi... bi...

—Si —dixo o presidente—. Pódense adquiri-los billetes na praza mediante un tanto por cento. ¿Comprende?

Grandet fixo corneta coa man, aplicouna ó oído e o presidente repetiulle a frase.

—Pero —respondeu o viñateiro— logo, é... é... élle ben complicado todo i... iso. Eu non se... sei nada, á miña ida... idade, de tooodas esas cooousas. Eu teño que ficar a... a... aquí, para vixia-lo gra... gra... gran. O gran xuuuuúnta... xúntase e co graaan pá... pá... págase. A... ante todo, hai que ve... ve... velar polas co... co... colleitas. Teeño nego... oocios ma... ma... maiores en Froidfond e de inte... interese. Non podo abaaandona-la miña ca... ca... casa por eses embrrrrollos de tooóolos de... de... demos, dos que non coom... compreeendo nada. Vooostede di que, que debería estar en París para li... li... li... liquidar, para dete-la declaración de quebra. Non se poode eeestar a un te...tempo en dous si... sitios, a menos que se... sexa un un pa... pa... paxariño... E...

—¡Ben o entendo! —exclamou o notario—. E logo, amigo meu, ¿non ten amigos?, vellos amigos, capaces de se sacrificaren por vostede.

"¡Veña", pensaba o viñateiro, "a ver se é que se deciden dunha vez!"

—¿E se alguén fose a París, buscáse o acredor máis importante do seu irmán Guillaume, e lle dixese...

—Un mi... mi... minuto aquí —repuxo o bo home— ¿se lle di... dixese o que? Aal... aalgo así co... co... como: O señor Grandet de Saumur por aquí, o señor Grandet, det, det de Saumur por alá. El quérelle ó seu ir... ir... irmán, el que... quérelle ó seu so... so... sobriño. Grandet é un bo pa... pa... parente e ten moi boas intencións. Vendeu ben a co... co... colleita. Non declaren a que... que... quebra, reúnanse, no... no... no... nomeen os li... li... liquidadores. Eeentón Grandet ve... ee... erá. Sacará... aán ben máis liquidando ca de... dei... deixando á xente da xustiza mete-lo na.. na...nariz alí. ¿Non tal?

—Xusto —dixo o presidente.

—Porque, ve señor de Bon... Bon... Bonfons, hai que mirar antes de se de... de... decidir. O que non poodo, non po... pode. En todo negocio oooneroso hai que coñece-los re...recursos e as caaargas, para non arru...arru...arruinarse. ¿Non tal?

—Certamente —dixo o presidente—. Eu son da opinión de que dentro dalgúns meses poderanse compra-las débedas por unha suma e pagar integramente negociando. ¡Ah, Ah! os cans lévanse ben lonxe amosándolles un anaco de touciño. Se non houbo declaración de quebra e ten vostede os títulos dos créditos queda branco coma a neve.

—Coma a ne... ne... neve —repetiu Grandet, volvendo facer trompetiña coa man—. Non entendo iso da ne... ne... neve.

—¡Pero —berrou o presidente—, a ver, escóitame logo!

—Es... es...escoito.

—Un efecto é unha mercadoría que pode experimentar altas e baixas. Isto é unha deducción do principio de Xeremías Bentham sobre a usura. Ese economista probou que o prexuízo que marcaba coa reprobación ós usureiros era unha parvada.

—¡Si! —dixo o bo home.

—Tendo en conta que, en principio, segundo Bentham, o diñeiro é unha mercadoría e que o que representa o diñeiro transfórmase igualmente en mercadoría –continuou o presidente–, tendo en conta que é notorio que, sometida ás variacións que rexen as cousas comerciais, a mercadoría-efecto, levando tal ou cal sinatura, coma tal ou cal artigo, abunda ou escasea na praza, que está cara ou baixa a nada, o Tribunal ordena... (¡home!, que parvo son, perdoe), opino que poderá redimir ó seu irmán por un vintecinco por cento do total.

—Cháaaamalle vostede, Xe...Xe...Xeremías Ben...

—Bentham, un inglés.

—Ese Xeremías hanos facer evitar ben lamentacións nos negocios –dixo o notario rindo.

—Eses ingleses á... ás ve.. veces teñen moito sentidiño –dixo Grandet–. Así que se... se... se... segundo Ben... Ben.. Bentham se os efectos do meu irmán va... va... va... valen non valen. Di... dígoo ben, ¿non? Iso véxoo claro... Os acredores serían... Non, non serían... Eu ben me en... entendo.

—Déixeme que lle explique todo iso –dixo o presidente–. Legalmente, se vostede posúe os títulos de tódalas débedas da casa Grandet, seu irmán ou os seus herdeiros non lle deben nada a ninguén. Ben.

—Ben –repetiu o bo home.

—En equidade, se os efectos do seu irmán se negocian (se negocian, ¿entende?) na praza cun tanto por cento de perda, se un dos seus amigos pasa por alí, se os compra, sen que os acredores sexan sometidos a dalos con violencia ningunha, a sucesión do defunto Grandet de París atópase legalmente libre de débedas.

—É verdade, os ne... ne... ne... negocios son os negocios –dixo o toneleiro–. Pero, claro, xa co... oom...omprenderá que é di... di... di... difícil. Eu non te... teeeño nin os caar..cartos nin o tempo, nin...

—Si, vostede non se pode distraer. Pois eu ofrézolle ir eu mesmo a París (vostede pagaríame a viaxe, unha miseria). Alí vexo ós acredores, falo con eles, aprazo o pago e todo se arranxa cun suplemento de pago que vostede engade ós valores da liquidación, coa fin de recupera-los títulos e as débedas.

—Pois xa veeremos, eu non me po... podo compro...comprometer sen... sen que... O que no...non po... po... pode non poode. ¿Compreende?

—Iso é xusto.

—Teño a ca... ca... cabeza tola con todo o que vo... voostede me le... leva sooltado. Velaí a pri... primeira vez na miña vida que me vexo fff... forzado a..., a pensar en...

—Claro, vostede non é xurisconsulto.

—Eu eu so... son un po... po... pobre viñateiro e non sei nada diso que vo... vo... vostede me acaba de dicir; cóm... cóm... cómpre que es... estu... estudie todo iso.

—Pois ben —repuxo o presidente, dispoñéndose a resumi-la conversa.

—¡Sobriño...! —dixo o notario, cun ton de reproche, interrompéndoo.

—Diga, tío —respondeu o presidente.

—Déixalle explicar ó señor Grandet as súas intencións. Aquí trátase dun encargo importante. O noso querido amigo debe definilo congruentemente...

Unha aldrabada que anunciou a chegada da familia des Grassins, a súa entrada e os seus saúdos impedíronlle a Cruchot remata-la frase. O notario alegrouse daquela interrupción; Grandet xa o miraba dun xeito atravesado e o seu lobiño indicaba unha tormenta interior. Pero de entrada, o prudente notario non encontraba conveniente que un presidente de tribunal de primeira instancia fose a París para facer capitular a uns acredores e presta-las súas mans a un manexo que rozaba as leis da estricta probidade; ademais, non tendo oído aínda ó tío Grandet expresa-la máis mínima veleidade de paga-lo que fose, tremía instintivamente de ver ó seu sobriño comprometido naquel asunto. Aproveitou, entón, o momento en que os des Grassins entraban para coller ó presidente polo brazo e atraelo ata o peitoril da ventá.

—Xa te expuxeches abondo, sobriño, pero basta de abnegación. As ganas de casar coa filla cégante. ¡Diaño!, non fai falla andar coma pega ás noces. Agora déixame a min conduci-la barca, ti só axuda á manobra. Bonito papel, compromete-la túa dignidade de maxistrado en semellante...

Non rematou; oíu que o señor des Grassins lle dicía ó vello toneleiro dándolle a man:

—Grandet, soubémo-la horrible desgracia ocorrida na súa familia, o desastre da casa Guillaume Grandet e a morte do seu irmán; vímoslle expresa-la nosa participación nese triste acontecemento.

—Non hai máis desgracia —dixo o notario, interrompendo ó banqueiro— cá morte do señor Guillaume Grandet. E non se mataría se se lle tivese ocorrido a idea de pedir axuda ó seu irmán. O noso vello amigo, que é un home honorable ata a punta das unllas, conta con liquida-las débedas da casa Grandet de París. Meu sobriño o presidente, para aforrarlle as molestias dun asunto xudiciario, ofrécese a marchar ó instante a París, para transixir cos acredores e satisfacelos convenientemente.

Estas palabras, confirmadas pola actitude do viñateiro, que acariciaba o queixelo, sorprenderon estrañamente ós tres des Grassins que, polo camiño criticaran todo o que puideran a avaricia de Grandet acusándoo case de fratricidio.

—¡Ah, xa o sabía eu! —exclamou o banqueiro, mirando para a súa muller—. ¿Que che dicía eu polo camiño, señora des Grassins? ¡Grandet é un home honorable ata a punta dos cabelos e non soportará que o seu nome sufra a máis lixeira mácula! O diñeiro sen honor é unha enfermidade. ¡Hai moito honor nas nosas provincias! Iso está ben, moi ben, Grandet. Eu son un vello militar, non sei disfrazalo meu pensamento: dígoo claramente: iso é..., ¡raios!, é sublime.

—Xaaaa, é suuublime e mo... moi caro —respondeu o bo home mentres que o banqueiro lle sacudía calorosamente a man.

—Pero, isto, meu querido amigo Grandet, sen faltarlle ó señor presidente —prosegiu des Grassins—, é un asunto puramente comercial e quere un negociador consumado. ¿Acaso non cómpre entender de contas de retorno, de desembolsos, de cálculos de intereses? Eu teño que ir a París polos meus asuntos e podería entón encargarme de...

—Veriaaamos, lo... logo, de a... a... aarranxarno-los dous nas po... posibilidades relativas e sen coomprometerme a nada que no... non qui... qui... quixera ff.. ff... facer —dixo Grandet tateando—. Porque, ¿ve?, o señor presidente pedíame naturalmente os gastos da viaxe.

O bo home xa non tartamudeou estas últimas palabras.



—¡Oh! —dixo a señora des Grassins—, pero se é un pracer ir a París. Eu pagaría de boa gana por ir.

E fíxolle un aceno ó seu marido para animalo a quitarlles aquel encargo ós seus adversarios custase o que custase; logo mirou con moita ironía ós dous Cruchot que adoptaron unha expresión compunxida.

Grandet colleu, entón, ó banqueiro por un botón da levita e levouno a un recanto.

—Eu tería bastante máis confianza en vostede —díxolle—. Ademais, teño outros intereses —engadiu, movendo o lobiño—. Quero investir na Renda; teño uns miles de francos para colocar, pero só a oitenta francos. Esa mecánica baixa, segundo din, á fin do mes. ¿Vostede entende diso, non si?

—¡Home! ¿E logo tería que comprar uns miles de libras na Renda para vostede?

—Pouca cousa, para empezar. ¡E nin unha palabra! Quero facer esa xogada sen que se saiba nada. Vostede arranxame o negocio para a fin do mes; pero non lle diga nada ós Cruchot, molestaríanse. Xa que vai a París, veriamos, ó mesmo tempo, en que trunfan as cartas para o meu pobre sobriño.

—Entendido. Marcharei mañá no coche correo —dixo en voz alta o señor des Grassins—, e virei colle-las súas últimas instrucións ás... ¿A que hora?

—Ás cinco, antes da cea —dixo o viñateiro refregando as mans.

Os dous partidos permaneceron aínda uns instantes fronte a fronte. Des Grassins, tras unha pausa, dixo dando unha palmada no ombro de Grandet:

—O que vale ter parentes así...

—Si, si, sen que o pareza —respondeu Grandet—, eu son bo pa... parente. Queríalle a meu irmán e heino probar, se non me custa...

—Ímololo deixar, Grandet —díxolle o banqueiro, interrompéndoo felizmente antes de que rematase a frase—. Se adianto a miña partida, hai que poñer en orde algúns asuntos.

—Ben, ben. Eu mesmo, con reees... pecto ó que xa sa... sabe voume re... retirar ó meu cua... cuarto de dedeliberacións —como di o presidente Cruchot.

"¡Diaño!, xa non son o señor de Bonfons", pensou tristemente o maxistrado, que adoptou a expresión dun xuíz aburrido durante o informe da defensa.

Os xefes das dúas familias rivais marcharon xuntos. Nin uns nin outros pensaban xa na traizón que cometera Grandet pola mañá contra toda a comarca do viñedo e sondáronse mutuamente, pero en van, para indaga-lo que pensaban sobre as intencións reais do bo home naquel novo asunto.

—¿Veñen á casa da señora Dorsonval con nós? —preguntoulle des Grassins ó notario.

—Nós iremos máis tarde —respondeu o presidente—. Se o meu tío o permite, eu prometinlle á señorita de Gribeaucourt irlle da-las boas noites e imos primeiro alí.

—Adeus, logo, señores —dixo a señora des Grassins.

E cando os des Grassins estiveron a uns pasos dos dous Cruchot, Adolphe díxolle a seu pai:

—Van botando fume, ¿eh?

—Cala, fillo —replicoulle a súa nai—, aínda nos poden oír. Ademais, o que dis non é de bo gusto e cheira a Facultade de Dereito.

—¡Xa ve, tío! —exclamou o maxistrado cando viu ós Des Grassins afastados— empecei por se-lo presidente Bonfons e terminei por ser simplemente Cruchot.

—Ben vin que te contrariaba; pero sopraba o vento a favor dos des Grassins. ¡Mira que es parvo, con toda a túa intelixencia...! Déixaos que se embarquen cun *Xa veremos* do tío Grandet, e está tranquilo, fillo: non por iso Eugénie ha deixar de se-la túa muller.

En poucos instantes, a noticia da magnánima resolución de Grandet propagouse por tres casas á vez e xa só se falou en toda a vila daquela entrega fraternal. Todos lle perdoaban a Grandet a venda que fixera con menosprezo do pacto da fidelidade xurada entre os propietarios, admirando o seu sentido do honor, eloxiando unha xenerosidade da que non o crían capaz. Forma parte do carácter dos franceses entusiasmarse, encolerizarse, apaixonarse polo feito do momento, polos casos de actualidade. ¿Carecerán, acaso, de memoria os seres colectivos, os pobos?

Cando o tío Grandet pechou a súa porta, chamou por Nanon.

—Non sólte-lo can nin te deites, temos que face-los dous. Ás once Cornoiller debe atoparse á nosa porta coa berlina de Froidfond. Está atenta a cando veña para que non teña que chamar e dille que entre, sen máis. As leis da policía prohiben o estrondo nocturno. Ademais, o barrio non ten por que saber que vou de viaxe.

Dito isto, Grandet subiu ó seu laboratorio onde Nanon o oíu remover, buscar, ir e vir, pero con precaución. Evidentemente, non quería espertar nin á súa muller nin á súa filla e sobre todo non chama-la atención do sobriño ó que comezara por maldicir ó albisca-la luz acendida no seu cuarto.

No medio da noite, Eugénie, preocupada polo curmán, coidou que oía o laio dun agonizante e, para ela, aquel agonizante era Charles: ¡deixárao tan pálido, tan desesperado!, se cadra, matárase. De pronto envolveuse nunha especie de peliza con capucha, e quixo saír. Primeiro, a viva luz que pasaba polas fendas da súa porta fíxolle temer que houbese lume; axiña se tranquilizou ó oí-los pesados pasos de Nanon e a súa voz mesturada ós rinchos de varios cabalos.

"¿Levará meu pai ó meu curmán?", pensou entreabrindo a porta coa suficiente precaución para impedirle renxer, pero de maneira a poder ve-lo que pasaba no corredor.

De repente, os seus ollos encontráronse cos do seu pai, a ollada do cal, aínda que vaga e inexpresiva, xeouna de terror. O bo home e Nanon ían unidos por un groso pao, cos extremos repousando sobre os seus ombros dereitos e que sostíña un pipote semellante ós que o tío Grandet se entretiña en facer no gabinete, nos seus momentos perdidos.

—¡Virxe Santa!, señor, ¡o que pesa! —dixo Nanon, en voz baixa.

—¡É mágoa que só sexan patacóns! —respondeu o bo do home—. Ten coidado de non bater co candeeiro.

Esta escena estaba iluminada por unha soa buxía colocada entre os barrotes da varanda.

—Cornoiller —díxolle Grandet ó seu garda *in partibus*—, ¿collíche-las pistolas?

—Non, señor. ¡Recoiro! ¿corren *pirigo* os seus patacóns?

—¡Oh, ningún! —dixo o tío Grandet.

—Ademais, *hamos* ir axiña –seguiu o garda–, os caseiros escolléronlle os seus mellores cabalos.

—Ben, ben. ¿Non lles dirías onde iamos?

—Non o sabía.

—Ben. ¿O coche é sólido?

—¡Ai!, ¡por poder, señor, poderíalle con tres mil deses! ¿Canto pesan, logo, eses condenados pipotes?

—¡Eu seillo ben! –dixo Nanon–, pésanlle preto de mil oitocentos...

—¿Queres calar, Nanon? Diraslle á miña muller que fun ó campo. Estarei de volta para a cea. E anda lixeiro, Cornoiller, hai que estar en Angers antes das nove.

O coche partiu. Nanon botou o ferrollo á porta grande, soltou o can, deitouse co ombro magoado e ninguén no barrio sospeitou nin a marcha de Grandet nin o obxecto da súa viaxe. A discreción do bo home era total. Ninguén vía nunca unha moeda naquela casa chea de ouro. Aquela mañá oíra, entre as conversas do porto, que o ouro dobrara o seu prezo a consecuencia de varios armamentos de buques emprendidos en Nantes e que algúns especuladores chegaran a Angers para compralo; e o vello viñateiro, cun simple préstamo dos cabalos dos seus caseiros, estivo en condicións de ir vende-lo seu e de traer de volta, en valores da contribución xeral sobre o tesouro, a suma necesaria para a súa compra da Renda despois de engrosala coa ganancia.

—Meu pai marcha –dixo Eugénie que, desde a cima da escaleira, oíra todo.

O silencio restablecérase na casa, e o afastado rodamento do coche, que cesou gradualmente, xa non retumbaba en Saumur durmido. Nese momento, Eugénie escoitou co seu corazón, antes de escoitalo co oído, un laio que traspasou as paredes e que procedía do cuarto do seu curmán. Unha banda luminosa, fina coma o fío dun sabre, pasaba pola fenda da porta e cortaba horizontalmente os balaústres da vella escaleira.

"Canto sofre", pensou, subindo dous chanzos.

Un segundo xemido fíxoa chegar ó descansión do cuarto. A porta estaba entreaberta, empuxouna. Charles durmía coa cabeza inclinada fóra da vella butaca, a súa man deixara cae-la pluma e case tocaba o chan. A respiración axitada, froito da postura do

mozo, asustou de súpeto a Eugénie, que entrou rapidamente.

"Debe estar ben canso", pensou, vendo unha decena de cartas xa pechadas e leu as direccións: Ós señores Farry, Breilman e Cía., carroceiros. Ó señor Buisson, xastre, etc.

"Sen dúbida arranxou tódolos seus asuntos para poder abandonar Francia pronto", pensou.

Os seus ollos foron dar sobre dúas cartas abertas. Estas palabras que encabezaban unha delas: "Miña querida Annette..." causáronlle un cegamento. O seu corazón palpitou, os pés craváronselle no solo.

"A súa querida Annette..., ¡ama, é amado! ¡Non teño esperanza! ¿Que lle dirá?"

Estas ideas atravesáronlle a cabeza e o corazón. Lía aquelas palabras por todas partes, mesmo nos vidros, escritas en letras de fogo.

"¡Tan pronto, renunciar a el...! Non, non lerei esa carta. Debería saír. Pero, ¿e se a lese?"

Mirou para Charles, colleulle suavemente a cabeza, pousouna no respaldo da butaca, e el abandonouse coma un neno que, mesmo durmido, recoñece a súa nai e recibe os seus coidados e os seus bicos, sen espertar. Coma unha nai, Eugénie levantou a man colgante e, coma unha nai, bicoulle docemente o cabelo.

¡Querida Annette!, un demo berráballe esas dúas palabras ó oído.

"Sei que quizá fago mal, pero vou ler esa carta", dixo para si.

Eugénie volveu a cabeza, pois a súa nobre honradez protestaba. Por primeira vez na súa vida, no seu corazón enfrontábanse o ben e o mal. Ata entón nunca tivera que avergonzarse de ningunha acción. A paixón e a curiosidade ganaron. Con cada frase, o seu corazón dilatábase máis e o ardor picante que animou a súa vida durante aquela lectura volveulle máis desexables os praceres do primeiro amor.

*"Miña querida Annette:*

*Nada debía separarnos se non fose a desgracia que se abate sobre min e que ningunha prudencia humana puido impedir. Meu pai suicidouse, a súa fortuna e a miña están completamente perdidas. Quedo orfo a unha idade na que, pola natureza da miña*

*educación, podo pasar por un neno; e, sen embargo, debo levantarme coma un home, do abismo en que caín. Acabo de empregar unha parte desta noite en facer cálculos. Se quero abandonar Francia como un home honrado, e iso nin se dubida, non teño nin cen francos meus para ir probar sorte nas Indias ou en América. Si, miña pobre Anna, irei buscar fortuna baixo os climas máis mortíferos. Baixo eses ceos, é segura e rápida, segundo me contan. En canto a quedar en París, non podería. Nin a miña alma, nin a miña cara están feitas para soporta-las afrontas, a frialdade, o desdén que agardan ó home arruinado, ¡o fillo do arruinado! ¡Deus! ¡Deber dous millóns...! Morrería en duelo a primeira semana. Xa que logo, non regresarei. O teu amor, o máis tenro e o máis abnegado que xamais teña ennobrecido o corazón dun home, non podería reterme alí. ¡Ai!, miña ben amada, non teño diñeiro suficiente para ir a onde ti estás, dar e recibir un derradeiro bico, bico do que sacaría a forza necesaria para a miña empresa...*

"¡Pobre Charles, fixen ben en ler! Teño ouro, dareillo", pensou Eugénie.

Continuou coa lectura, despois de enxuga-las bágoas.

*"Aínda non pensara nas desgracias da miseria. Se consigo os cen luíses indispensables para a pasaxe, non terei un céntimo para procurarme algunha pacotilla. Pero, non, non terei nin cen luíses nin un luís, non saberei canto que me queda ata que pague as miñas débedas en París. Se non me queda nada, irei tranquilamente a Nantes, enrolareime como simple mariñeiro e empezarei aló como empezaron os homes novos e enérxicos que marcharon sen un céntimo e regresaron ricos das Indias. Desde esta mañá pensei friamente no meu futuro. ¡É máis horrible para min que para ningún outro, mimado por unha nai que me adoraba, amado polo mellor dos pais e que, no comezo da vida, atopei o amor dunha Anna! Non coñecín máis cás flores da vida: esa felicidade non podía durar. Teño, sen embargo, miña querida Annette, máis valor do que se lle supoñía a un mozo irreflexivo, sobre todo a un mozo acostumado ós mimos da muller máis deliciosa de París, arrolado polas alegrías da familia, a quen todo sorría e os desexos da cal eran ordes para un pai... ¡Oh!, meu pai, Annette, está morto... Pois ben, reflexionei sobre a miña posición, reflexionei sobre a túa tamén. Envellecín moito en vintecatroras. Querida Anna, se, para conservarme onda ti, en París, sacrificases tódolos praceres do teu luxo, os vestidos, o palco na Ópera, aínda non chegaríamos á cantidade dos gastos da miña vida disipada; ademais non podería aceptar tantos sacrificios. Así que nos deixamos hoxe para sempre.*

"¡Déixaa, Virxe Santa! ¡Oh, que felicidade!"

Eugénie saltou de ledicia. Charles fixo un movemento e ela asustouse; pero, por sorte, non espertou. Seguiu lendo:

*"¿Cando volverei?, non o sei. O clima das Indias envellece axiña a un europeo sobre todo se traballa. Poñamos de aquí a dez anos. Dentro de dez anos a túa filla terá dezoito, será a túa compañeira, a túa espía. Para ti, o mundo será ben cruel, a túa filla serao quizás máis. Temos visto exemplos deses xuízos mundanos e da ingratidade das mozas; saibamos aproveitálos. Garda no fondo da túa alma, como gardarei eu mesmo, a lembranza destes catro anos de felicidade e se fiel, se podes, ó teu pobre amigo. Non cho podería esixir, porque ves, querida Annette, téñome que conformar coa miña posición, ve-la vida de xeito burgués, e reducila á realidade. Así que teño que pensar no matrimonio, que se converte nunha das necesidades da miña nova existencia; e confesareiche que atopei aquí, en Saumur, na casa do meu tío, unha curmá con modais, faciana, intelixencia e corazón che gustarían, e que, ademais, paréceme ter... "*

"Tiña que estar ben canso para deixar de escribirlle", díxose Eugénie ó ve-la carta interrompida no medio desta frase.

¡Xustificábao! ¿Non era imposible, entón, que aquela inocente rapaza non se decatase da frialdade impresa naquela carta? Ás mozas relixiosamente educadas, ignorantes e puras, en canto poñen os pés nas rexións encantadas do amor, todo lles parece amor. Andan rodeadas da celeste luz que a súa alma proxecta e que irradia sobre o seu amado; píntano coas cores do fogo do seu propio sentimento e préstalle os seus fermosos pensamentos. Os erros da muller proveñen case sempre da súa crenza no ben ou da súa confianza na verdade. A Eugénie estas palabras: "Miña querida Annette, miña ben amada", resoábanlle no corazón como a máis fermosa linguaxe do amor e acariciábanlle a alma como na súa infancia as notas divinas do *Venite adoremus*, acompañadas polo órgano, lle acariciaran o oído. Ademais, as bágoas que bañaban aínda os ollos de Charles mostrábanlle toda a nobreza de corazón que sempre seduce a unha moza. ¿Como podía ela saber que se Charles amaba tanto a seu pai e o choraba tan sinceramente, ese amor proviña menos da vontade do seu corazón que das bondades paternas?

O señor Guillaume Grandet e a súa muller, satisfacendo sempre os caprichos do seu fillo, dándolle tódolos praceres da fortuna, impedíranlle face-los horribles cálculos dos que son máis ou menos culpables en París a meirande parte dos fillos cando, ante

os gozos parisienses, se crean desexos e conciben planos que ven aprazados e atrasados incesantemente pola vida dos seus pais. A prodigalidade do pai de Charles chegou ata sementar no seu corazón un amor filial verdadeiro, sen dobrez. Sen embargo, Charles era un fillo de París, habituado polos costumes de París, pola propia Annette, a calcular todo: xa vello, baixo a máscara dun mozo. Recibira a espantosa educación dese mundo no que, nunha noite, se cometen en pensamentos e en palabras, moitos máis crimes dos que a Xustiza castiga nos Tribunais, no que as palabras enxeñosas asasinan as máis altas ideas, no que non se é forte máis que se se ve claro; e alí, ver claro é non crer en nada, nin nos sentimentos, nin nos homes nin nos acontecementos mesmos: alí ata se fan falsos acontecementos. Alí, para ver claro, hai que sopesar, cada mañá, a bolsa dun amigo, saber situarse politicamente por riba de todo o que pasa; provisionalmente, non admirar nada, nin as obras de arte, nin as nobres accións e prestar como móbil a todo o interese persoal. A gran dama, a bela Annette, despois de mil loucuras, forzaba a Charles a pensar con seriedade; faláballe da súa posición futura, pasándolle polo cabelo unha man perfumada; arranxándolle un rizo, facíalle calcula-la súa vida: feminizábao e materializábao. Dobre corrupción, mais corrupción elegante e fina, de bo gusto.

—É vostede un necio, Charles —dícialle ela—. Hame dar traballo ensinarlle como é o mundo. Non estivo ben co señor des Lupeaulx. Ben sei que é un home pouco honorable; pero agarde a que non teña poder, entón poderao desprezar ó seu antollo. ¿Sabe o que nos dicía a señora Campan<sup>10</sup>? "Miñas fillas, en tanto que un home ocupe un Ministerio, adorádeo; cando caia, axudade a arrastralo ó vertedoiro do lixo. Poderoso, é unha especie de deus; destruído está por debaixo de Marat no seu sumidoiro, porque el vive e Marat estaba morto. A vida é unha serie de combinacións e cómpre estudialas, seguilas, para conseguir manterse sempre en boa posición."

Charles era un home demasiado á moda, constantemente feliz cos seus pais, demasiado adulado polo mundo para ter grandes sentimentos. A semente de ouro que súa nai lle botara no corazón perdérase polo entramado parisiense, empregárase superficialmente e o roce debía gastala. Pero Charles non tiña daquela máis que vinteún anos. A esa idade, a frescura da vida parece inseparable do candor da alma. A voz, a mirada, a figura semellan estar en harmonía cos sentimentos. De maneira que o xuíz máis duro, o avogado máis incrédulo, o usureiro máis difícil dubidan en crer na vellez do corazón, na corrupción dos cálculos, cando os ollos nadan aínda nun fluído puro e cando aínda non hai engurras na fronte. Charles nunca tivera ocasión de aplica-las



máximas da moral parisiense e, ata aquel día, permanecera cheo de inexperiencia. Pero, sen sabelo, fóralle inoculado o egoísmo. Os xermolos da economía política ó uso do parisiense, latentes no seu corazón, non ían tardar en florecer, en canto pasase de espectador ocioso a actor no drama da vida real.

Case tódalas mozas se abandonan ás doces promesas desas aparencias exteriores; pero Eugénie, aínda que fose prudente e observadora como o son certas rapazas de provincia, ¿podería desconfiar do seu curmán, cando, nel, as maneiras, as palabras e mails accións concordaban aínda coas inspiracións do corazón? Un azar, fatal para ela, fíxolle recibi-las últimas efusións de verdadeira sensibilidade que había naquel corazón xuvenil e oír, por así dicir, os últimos suspiros da súa conciencia. Deixou, pois, aquela carta que ela cría chea de amor e púxose a contemplar con deleite ó seu curmán durmido: as frescas ilusións da vida aínda aparecían, para ela, sobre aquel rostro, xurou para si amalo sempre. Logo dirixiu os ollos á outra carta sen lle dar moita importancia a esa indiscreción; e se a comezou a ler foi por conseguir novas probas das nobres calidades que, coma tódalas mulleres, lle atribuía ó seu elixido.

*"Meu querido Alphonse:*

*Cando leas esta carta eu xa non terei amigos; pero conféseche que, aínda dubidando das xentes de mundo acostumadas a prodigar esta palabra, non dubidei da túa amizade. Encárgote, entón, de arranxa-los meus asuntos e conto contigo para saca-lo mellor partido de todo o que posúo. Agora debes coñece-la miña situación. Xa non teño nada e quero marchar para as Indias. Acabo de escribir a tódalas persoas ás que creo deber algún diñeiro e axúntoche aquí unha lista tan exacta como a miña memoria mo permite. A miña biblioteca, os meus mobles, os meus coches, os meus cabalos, etc., bastarán, creo, para paga-las miñas débedas. Só quero reservar algunhas miudezas sen valor que serán susceptibles de constituír unha pacotilla para empezar. Querido Alphonse, enviareiche desde aquí, para esa venda, uns poderes, por se houbese algunha dificultade. Mándame tódalas miñas armas. Despois, quedas con Briton. Ninguén quere pagar-lo prezo dese admirable cabalo, prefiro regalarcho, coma a sortella que lle lega un agonizante ó seu executor testamentario. Farry, Breilman e Cía. fabricáronme un cómodo coche de viaxe, pero aínda non mo entregaron, consigue que se queden con el sen me pedir indemnización; de se negasen a ese arranxo, evita todo o que puidese mancha-la miña lealdade, nas circunstancias en que me encontro. Débolle seis luíses que perdín no xogo ó insular, non deixes de llos...*

"¡Querido curmán!", pensou Eugénie deixando a carta e escapando nas puntas dos pés para o seu cuarto cunha das buxías acendidas.

Xa alí, abriu con viva emoción e pracer o caixón dun antigo moble de carballo, unha das máis fermosas obras do Renacemento, e sobre o cal aínda se vía, medio borrada, a famosa Salamántiga real. Colleu unha gran bolsa de veludo vermello con cordón de ouro, orlada de gastado canutiño, proveniente da herdanza da súa avoa. Logo sopesou orgullosamente aquela bolsa e compraceuse en comproba-la suma esquecida do seu pequeno peculio.

Separou primeiro vinte portuguesas aínda novas, acuñadas baixo o reinado de Jean V, en 1725, que valían realmente ó cambio cinco lisboetas cada unha ou cento sesenta e oito francos sesenta e catro céntimos, segundo lle dicía o seu pai, pero o seu valor convencional era de cento oitenta francos dada a rareza e a beleza das ditas moedas que relucían coma soles.

ITEM, cinco xenovesas ou moedas de cen libras de Xénova, outra moeda rara que valía oitenta e sete francos ó cambio, pero cen francos para os coleccionistas de ouro. Herdáraas do vello señor La Bertellière.

ITEM, tres cuádruples de ouro españolas, de Filipe V, acuñadas en 1729, regalo da señora Gentillet que, cando llas daba dicíalle sempre a mesma frase: "¡Este lindo canario, este amareliño, vale noventa e oito libras! Gárdao ben, filliña, será a flor do teu tesouro."

ITEM, o que seu pai estimaba máis (o ouro desas moedas era de vintetrés quilates e unha fracción), cen ducados de Holanda, fabricados no ano 1756 e que valían cerca de trece francos.

ITEM, ¡unha gran curiosidade!... unha especie de medallas preciosas para os avaros, tres rupias co signo da Balanza e cinco rupias co signo da Virxe, todas de ouro puro de vintecatru quilates, a magnífica moeda do Gran Mongol; cada unha delas valía trinta e sete francos e corenta céntimos ó peso; pero polo menos cincuenta francos para os expertos que gustan de apalpa-lo ouro.

ITEM, o napoleón de corenta francos recibido a antevéspera e que ela metera descoidadamente na súa bolsa vermella.

Aquel tesouro contiña moedas novas e virxes, verdadeiras porcións de arte polas que o tío Grandet preguntaba de vez en

cando e quería ver, a fin de detallarlle á filla as súas virtudes intrínsecas, tales como a beleza do canto, a nitidez da parte plana, a riqueza das letras das que as vivas arestas aínda non estaban raiadas.

Pero ela non pensaba nin nesas rarezas, nin na manía do seu pai, nin no perigo que corría ó desfacerse dun tesouro tan caro a este último; non, ela pensaba no seu curmán, e chegou por fin a comprender, despois dalgúns erros de cálculo que posuía uns cinco mil oitocentos francos en valores reais que, convencionalmente, podían venderse en cerca de dous mil escudos. Á vista das súas riquezas, púxose a bater palmas coma un neno que necesita gastar algo da súa excesiva alegría cos movementos inxenuos do seu corpo. Así que o pai e maila filla contaran cada un a súa fortuna: el, para ir vende-lo seu ouro; Eugénie para bota-lo seu nun océano de cariño.

Volveu poñe-las moedas na vella bolsa e subiu con ela sen dubidar. A miseria secreta do seu curmán facíalle esquece-la noite, as conveniencias; ademais, sentíase forte coa súa conciencia, coa súa abnegación e a súa felicidade. No momento en que apareceu no limiar da porta, levando a buxía nunha man e a bolsa na outra, Charles acordou, viu a súa curmá e quedou pasmado coa sorpresa.

Eugénie avanzou, pousou o candeeiro na mesa e dixo con voz emocionada:

—Curmán, teño que pedirlle perdón por unha falta grave que cometín contra vostede; mais Deus hame perdoar este pecado se vostede o quere esquecer.

—¿E logo, que foi? —dixo Charles, refregando os ollos.

—Lin esas dúas cartas.

Charles ruborizouse.

—¿Como foi? —continuou ela—. ¿Por que subín? A verdade, agora xa non o sei. Pero, estou tentada de non arrepentirme demasiado de ter lido esas cartas porque me fixeron coñece-lo seu corazón, a súa alma e...

—¿E que? —preguntou Charles.

—E os seus proxectos, a necesidade que ten de posuír unha certa suma...

—Querida curmá...

—Chist, chist, curmán, non tan alto, non vaíamos espertar a alguén. Velaquí —dixo, abrindo a bolsa— as economías dunha pobre moza que non necesita nada. Charles, acépteas. Esta mañá eu ignoraba o que era o diñeiro, vostede aprendeumo, só é un medio, nada máis. Un curmán é case un irmán, ben pode coller prestada a bolsa da súa irmá.

Eugénie, muller e nena, non previra un rexeitamento e o seu curmán permanecía mudo.

—Ben, ¿non mo rexeitará? —preguntou Eugénie, á que lle resoaron as palpitacións no medio do profundo silencio.

A dúbida do seu curmán humillouna; pero a necesidade na que el se encontraba representóuselle máis vivamente ó espírito e pregou o xeonllo.

—¡Non me levantarei ata que non colla este ouro! —dixo—. ¡Curmán, por favor, respóndame! Quero saber se vostede me honra, se é xeneroso, se...

Oíndo ese berro de nobre desesperación, Charles deixou cae-las bágoas sobre as mans da súa curmá, que collera a fin de impedirle que se axeonllase. Ó recibir aquelas bágoas ardentes, Eugénie abalanzouse sobre a bolsa, baleirouna sobre a mesa.

—Entón, di que si, ¿verdade? —dixo ela, chorando de ledicia—. Non tema nada, curmán, será rico. Este ouro daralle sorte; un día devolveramo; ademais, asociarémonos; en fin, eu pasarei por tódalas condicións que me impoña. Pero, non lle debería dar tanto valor a este ouro.

Charles puido, por fin, expresa-los seus sentimentos.

—Si, Eugénie, tería a alma ben mesquiña se non aceptase. Sen embargo, nada por nada, confianza por confianza.

—¿Que quere dicir? —preguntou ela asustada.

—Escoite, querida curmá, teño aí...

Interrompeuse para mostrarlle sobre a cómoda unha caixa cadrada envolta nunha funda de coiro.

—Aí, ¿ve? teño unha cousa que me é tan preciosa coma a vida. Este estoxo é un agasallo da miña nai. Desde esta mañá pensaba

que, se ela puidese saír da tumba, vendería ela mesma o ouro que o seu cariño lle fixo prodigar neste neceser; pero, se o fixese eu, esta acción pareceríame un sacrilexio.

Eugénie apertou convulsivamente a man do seu curmán ó oír estas últimas palabras.

—Non —proseguiu el, despois dunha lixeira pausa durante a cal os dous cruzaron unha mirada cos ollos bañados en lágrimas—, non, non quero nin destruílo, nin arriscalo nas miñas viaxes. Querida Eugénie, vostede será a depositaria. Nunca un amigo terá confiado algo máis sagrado a outro amigo. Xulgue vostede mesma.

Foi colle-la caixa, sacouna da funda, abriuna e mostroulle tristemente á súa curmá marabillada un neceser no que o traballo lle daba ó ouro un valor ben superior ó do seu peso.

—O que vostede admira non é nada —dixo, movendo un resorte que fixo saír un dobre fondo—. Velaí o que para min vale a terra enteira.

Sacou dous retratos, dúas obras mestras de Madame de Mirbel<sup>11</sup>, ricamente enmarcados con perlas.

—¡Oh, que fermosa persoa!, ¿non é esa dama á que vostede lle escri...?

—Non —contestou el, sorrindo—. Esta muller é a miña nai e este é o meu pai, que son a súa tía e o seu tío. Eugénie, debería suplicarlle de xeonllos que me gardase este tesouro. Se eu perecese perdendo a súa pequena fortuna, este ouro indemnizaríaa; e, só a vostede lle poden deixar os dous retratos, vostede é digna de conservalos; pero destrúaos antes de que caian noutras mans...

Eugénie calaba.

—Entón, di que si, ¿verdade? —engadiu con gracia.

Ó oír-las mesmas palabras que ela acababa de dicirlle ó seu curmán, botoulle a primeira ollada de muller amante, unha desas olladas nas que hai case tanta coquetería como profundidade; el colleulle a man e bicouna.

—¡Anxo de pureza!, entre nós, ¿non é así?... o diñeiro non significará nunca nada. O sentimento, que lle dá sentido, serao todo de agora en diante.

—Vostede aseméllalle á súa nai. ¿Tiña unha voz tan doce coma a súa?

—Oh!, ben máis doce...

—Si, para vostede —dixo ela baixando as pálpebras—. Veña, Charles, déitese, rógollo, está cansado. Ata mañá.

Separou docemente a súa man de entre as do seu curmán que a acompañou ata o seu cuarto alumándolle o camiño. Cando estiveron os dous no limiar, dixo:

—¡Ah!, ¿por que estarei arruinado?

—Bah!, meu pai é rico, creo —respondeu ela.

—¡Pobre curmá! —repuxo Charles, dando un paso cara a dentro e apoiando o lombo na parede—, non tería deixado morrer ó meu, non as tería nesta miseria, en fin, vivirían doutra maneira.

—Pero ten Froidfond.

—¿E que vale Froidfond?

—Non sei, pero ten Noyers.

—¡Algunha propiedade ruín!

—Ten viñas e prados...

—Miserias —dixo Charles, cunha expresión desdeñosa—. Se o seu pai tivese soamente vintecatroy mil libras de renda, ¿viviría vostede neste cuarto frío e nu? —engadiu, avanzando o pé esquerdo—. Aquí estarán, logo, os meus tesouros —dixo, mostrando o vello baúl para oculta-lo seu pensamento.

—Vaia durmir —repuxo ela, impedíndolle entrar no cuarto en desorde.

Charles retirouse e déronse as boas noites cun sorriso mutuo.

Durmiron os dous arrolados polo mesmo soño, e Charles comezou desde entón a poñer algunhas rosas na súa dor.

Á mañá seguinte, a señora Grandet atopou a súa filla paseando antes do almorzo en compañía de Charles. O mozo estaba aínda triste como debía estar un infeliz que descendera, por así dicir, ata o fondo das súas penas e que, ó medi-la profundidade do abismo

no que caera, sentira todo o peso da súa vida futura.

—O pai non volve ata a hora da cea —dixo Eugénie, vendo a inquietude pintada no rostro da súa nai.

Era doado ver nas maneiras, na cara de Eugénie e na singular dozura contraída pola súa voz unha conformidade de pensamento entre ela e o curmán. As súas almas desposáranse ardentemente, quizá mesmo antes de sentiren a forza dos sentimentos polos que se unían ó un ó outro.

Charles permaneceu na sala e a súa melancolía foi respectada. Cada unha das tres mulleres tivo en que ocuparse. Como Grandet abandonara os seus asuntos, presentáronse un sen fin de persoas. O louseiro, o fontaneiro, o albanel, os que andaban cavando, o carpinteiro, os que facían os valados, os caseiros; uns para concluír tratos relativos a reparacións, outros para pagar arrendamentos ou cobrar algo. A señora Grandet e Eugénie víronse obrigadas a ir e vir, a responder ós interminables discursos dos obreiros e da xente do campo.

Nanon cobraba as rendas na cociña. Sempre esperaba as ordes do amo para sabe-lo que se debía gardar para a casa ou vender no mercado. O costume do bo home era, coma o de gran número de fidalgos campesiños, bebe-lo viño malo e come-la froita estragada.

Aló polas cinco da tarde, Grandet regresou de Angers tras conseguir catorce mil francos polo seu ouro e levando na carteira os bonos reais que lle daban réditos ata o día en que tivese que paga-los títulos da Renda. Deixara a Cornoiller en Angers para coidar dos cabalos esgotados e traelos lentamente despois de que descansasen.

—Veño de Angers, muller —dixo—. Teño fame.

Nanon berroulle desde a cociña:

—¿E logo non comeu nada desde onte?

—Nada —respondeu o bo home.

Nanon trouxo a sopa. Des Grassins veu recibirlas ordes do seu cliente no momento en que a familia estaba á mesa. O tío Grandet nin sequera reparara no seu sobriño.

—Coma tranquilamente, Grandet —dixo o banqueiro—. Falaremos. ¿Sabe o que vale o ouro en Angers, a onde o van buscar para

Nantes?, eu vou mandar algún.

—Non o mande —respondeu o bo home—, xa teñen abondo. Somos bos amigos e quéroille aforrar unha perda de tempo.

—Pero o ouro alí está a trece francos con cincuenta céntimos.

—¡Ai, si!... Estaba.

—¿E de onde diaño viría?

—Eu fun esta noite alá —respondeulle Grandet, en voz baixa.

O banqueiro estremeceuse de sorpresa. Logo estableceuse entre eles unha conversa en voz baixa, durante a cal des Grassins e Grandet miraron para Charles varias veces. Cando o antigo toneleiro lle dixo, sen dúbida, ó banqueiro que lle comprase cen mil libras de títulos da Renda, des Grassins deixou escapar claramente un xesto de asombro.

—Señor Grandet —díxolle a Charles—, marchó para París; se ten algún encargo que facer....

—Ningún, señor. Moitas grazas —respondeu Charles.

—Pódelle dar ben as grazas, sobriño. O señor vai arranxa-los asuntos da casa Guillaume Grandet.

—¿Hai, logo, algunha esperanza? —preguntou Charles.

—Pero, entón —exclamou o toneleiro, cun orgullo moi ben finxido—, ¿non é vostede o meu sobriño? O seu honor é o noso. ¿Non se chama vostede Grandet?

Charles levantouse, abrazou ó tío Grandet, bicouno e saíu moi pálido. Eugénie contemplaba a seu pai con admiración.

—Ale, adeus, querido des Grassins, quédolle moi agradecido e métame ben en cintura esa xente.

Os dous diplomáticos déronse un apertón de mans, o antigo toneleiro acompañou ó banqueiro ata a porta; logo, tras pechar, volveu e díxolle a Nanon, deixándose caer na súa butaca:

—Dáme un grolo de casís.

Pero, emocionado demais para permanecer sentado, levantouse, mirou para o retrato do señor de La Bertellière e púxose a cantar,



dando o que Nanon chamaba uns pasos de baile:

Nas garda francesas

Eu tiña un bo papá.

Nanon, a señora Grandet e mais Eugénie examináronse mutuamente en silencio. A ledicia do viñateiro asustábaas sempre, cando chegaba ó seu apoxeo. A velada rematou de seguida. Primeiro, o tío Grandet quixo ir deitarse cedo; e cando el se deitaba, todos, na súa casa, debían ir durmir; igual que cando Augusto bebía, Polonia embriagábase<sup>12</sup>. Ademais, Nanon, Charles, Eugénie non estaban menos cansos có amo. En canto á señora Grandet, durmía, comía, bebía, andaba segundo os desexos do seu home. Con todo, durante as dúas horas concedidas á dixestión, o toneleiro, máis bromista ca nunca, dixo moitos dos seus apotegmas característicos, dos que un só dará a medida do seu enxeño. Despois de enguli-lo licor, ollou para o vaso.

—Só con poñe-los labios no vaso, xa está baleiro. Velaí a nosa historia. Non se pode ser e ter sido. Os escudos non poden andar e permanecer no peto, doutra maneira a vida sería demasiado fermosa.

Estivo xovial e clemente. Cando Nanon veu coa roca, díxolle:

—Has estar cansa, deixa o liño.

—¡Ai ho!, ata lle me aburriría –respondeu a criada.

—¡Pobre Nanon!, ¿queres unha copiña?

—¡Ai, polo licor non lle digo que non; a señora faino ben mellor cós boticarios. O que eles venden parece menciña.

—Bótanlle azucre de máis e perde o gusto –dixo o bo home.

Ó outro día, a familia, reunida ás oito para o almorzo, ofreceu o cadro da primeira escena de intimidade real. A desgracia rapidamente unira a señora Grandet a Eugénie e a Charles; a mesma Nanon simpatizaba con eles sen decatarse. Comezaron os catro a formar unha mesma familia. En canto ó vello viñateiro, a súa avaricia satisfeita e a certeza de ver marchar pronto o monicreque sen ter que lle pagar outra cousa cá viaxe a Nantes fixéronlle case indiferente a súa presenza na casa. Deixou ós dous nenos, como lles chamaba a Charles e Eugénie, libres de comportarse como mellor lles parece, baixo a ollada da señora

Grandet na que tiña, por outro lado, plena confianza no concernente á moral pública e relixiosa. O aliñamento dos seus prados e das gabias pola banda da estrada, as plantacións de álamos xunto ó Loira e os traballos de inverno nas fincas e en Froidfond mantivérono enteiramente ocupado.

Entón comezou para Eugénie a primavera do amor. Desde a noite na que a curmá lle dera o seu tesouro ó curmán, o seu corazón seguira ó tesouro. Cómplices ámbolos dous do mesmo segredo, mirábanse expresando un mutuo entendemento que afondaba os seus sentimentos e facíallelos máis comúns, máis íntimos, poñéndoos, por así dicir, fóra da vida ordinaria. ¿Non autorizaba, acaso, o parentesco unha certa dozura no acento, unha tenrura nas miradas? Eugénie deleitouse en adormece-los sufrimentos do curmán coas alegrías infantís dun amor nacente. ¿Non existen graciosas similitudes entre os comezos do amor e os da vida? ¿Non se arrola o neno con doces cancións e graciosas miradas? ¿Non se lle contan maravillosas historias que lle douran o futuro? ¿Non desprega incesantemente, para el, a esperanza as súas alas radiantes? ¿Non derrama alternativamente lágrimas de ledicia e de dor? ¿Non se pelexa por nada, por unhas pedriñas coas que intenta construír un palacio vacilante, por uns ramos de flores tan axiña cortados como esquecidos? ¿Non está ávido por así-lo tempo, por avanzar na vida? O amor é a nosa segunda transformación. A infancia e o amor foron a mesma cousa entre Eugénie e Charles: foi a primeira paixón con tódolos seus infantilismos, máis acariciantes para os seus corazóns que estaban envoltos en melancolía. Debaténdose, no seu nacemento, entre os crespóns do loito, ese amor estaba aínda máis en harmonía coa sinxeleza provinciana daquela casona en ruínas. Intercambiando algunhas palabras coa curmá xunto ó pozo, naquel patio mudo, permanecendo naquel xardinciño, sentados nun banco cuberto de carriza ata a hora do solpor, ocupados en dicírense grandes pequeneces, ou recollidos na calma que reinaba entre a muralla e a casa, como baixo os soportais dunha igrexa, Charles comprendeu a santidad do amor; pois a súa gran dama, a súa querida Annette, non lle fixera coñecer máis cás axitacións tormentosas.

Abandonaba nese intre a paixón parisiense, coqueta, vaidosa, brillante, polo amor puro e verdadeiro. Gustáballe aquela casa, cuns costumes que xa non atopaba tan ridículos. Baixaba cedo, pola mañá, para poder charlar con Eugénie uns momentos antes de que Grandet fose distribuí-las provisións e, cando os pasos do bo home resoaban nas escaleiras, escapaba para o xardín. A pequena criminalidade daquela cita matinal, secreta mesmo para a nai de Eugénie e que Nanon facía coma que non vía, imprimíalle

ó amor máis inocente do mundo a viveza dos praceres prohibidos. Logo, cando, terminado o almorzo, o tío Grandet marchaba para ir ve-las súas propiedades e explotacións, Charles quedaba entre a nai e a filla, sentindo delicias descoñecidas en prestár-lle-las mans para debanda-lo fío, en mirar como traballaban, en escoitalas conversar.

A sinxeleza daquela vida case monástica que lle revelou as belezas daquelas almas ás que o mundo era descoñecido, comoveuno vivamente. El cría eses costumes imposibles en Francia e non admitira a súa existencia máis que en Alemaña e, aínda así, só fabulosamente nas novelas de Auguste Lafontaine. Pronto Eugénie foi para el o ideal da Margarida de Goethe, sen a falta. En fin, día a día, as súas miradas, as súas palabras encantaron á pobre moza que se abandonou deliciosamente á corrente do amor; aferrábase á felicidade como un nadador se aferra á póla de salgueiro para saír do río e descansar na ribeira. A dor dunha próxima ausencia, ¿non entristecía xa as horas máis ledas daqueles día fuxidíos? Cada día, un pequeno acontecemento viña lembrár-lle-la próxima separación.

Así, tres días despois da partida de des Grassins, Grandet levou a Charles ó Tribunal de Primeira Instancia coa solemnidade que as xentes da provincia conceden a tales actos, para asinar unha renuncia á sucesión do seu pai. ¡Terrible repudiación!, especie de apostasía doméstica. Foi á casa do notario Cruchot outorgar dous poderes, un para des Grassins, o outro para o amigo encargado de vende-lo seu mobiliario. Despois tivo que cumprí-las formalidades necesarias para obter un pasaporte para o estranxeiro. En fin, cando chegaron as sinxelas roupas de loito que pedira a París, Charles mandou vir un xastre de Saumur e vendeulle o seu gardarroupa inútil. Ese acto complaceu singularmente ó tío Grandet.

—¡Ah!, iso si que é un home que ten que embarcar e que quere facer fortuna —díxolle cando o viu vestido cunha levita de groso pano negro—. ¡Ben, moi ben!

—Rógolle que crea, señor, que hei te-la fortaleza adecuada á miña situación.

—¿Que é iso? —inquiriu o bo home, ó que se lle animaron ollos á vista dunha presa de ouro que lle mostrou Charles.

—Señor, reunín os meus botóns, os aneis, tódalas cousas superfluas que posúo e que podían ter algún valor; pero, como non coñezo ninguén en Saumur, queríalle pedir esta mañá que...

—¿Que llo comprase? —dixo Grandet, interrompéndoo.

—Non, tío, que me indique un home honrado que...

—Déame iso, sobriño, voulo taxar aló enriba e volverei para dicirlle o que vale, céntimo máis ou menos. Ouro de xoia —dixo, examinado unha longa cadea— dezaioito ou dezanove quilates...

O bo home estendeu a súa ancha man e colleu a masa de ouro.

—Curmá —dixo Charles—, permítame ofrecerlle estes dous broches que poden servirle para enganchar unha fita ó pulso. Forma un brazaletes moi de moda neste momento.

—Acepto sen dudar, curmán —dixo ela, cunha mirada de intelixencia.

—Tía, velaquí o dedal da miña nai, eu gardábao como algo precioso no meu neceser de viaxe —dixo Charles, presentándolle unha fermosa alferga de ouro á señora Grandet, que levaba dez anos desexando unha.

—Nunca llo agradecerei abondo, querido sobriño —dixo a vella nai, cos ollos a enchérenselle de bágoas—. Mañá e noite engadirei ás miñas prearias a máis fervente de todas por vostede: a dos viaxeiros. Se eu morrese, Eugénie conservaríalle esta xoia.

—Isto vale novecentos oitenta e nove francos con setenta e cinco céntimos, sobriño —dixo Grandet, abrindo a porta—. Pero para aforrarlle o traballo de vendelo, dareille os cartos... en libras.

A expresión "en libras" significa, no litoral do Loira, que os escudos de seis libras deben ser aceptados por seis francos, sen deducción.

—Non me atrevía a propoñerllo —respondeu Charles—; pero repugnábame malvende-las miñas xoias na vila onde vive vostede. Hai que lava-la roupa sucia en familia, dicía Napoleón. Agradézolle a súa amabilidade.

Grandet rañou nunha orella e houbo un momento de silencio.

—Querido tío —proseguiu Charles, cunha mirada inquieta coma se temese feri-la súa susceptibilidade— a curmá e maila tía aceptaron conservar unha pequeno recordo meu; faga o favor vostede tamén de aceptar estes botóns de camisa que agora sonme inútiles: lembraránlle a un pobre mozo que, cando estea lonxe, certamente pensará nos que desde agora serán toda a súa

familia.

—Meu fillo, meu fillo... non te desprendas de todo desa maneira... ¿Que che regalou a ti, muller? —preguntou, volvéndose con avidez cara a ela—, ¡ah!, un dedal de ouro. E ti, filliña, ¡home!, uns broches de diamantes. Entón acepto os teus botóns de camisa, rapaz —continuou, apertando a man de Charles—. Pero... permitírasme que... che pague... a túa, si... a túa pasaxe para as Indias. Si, quero pagarche a pasaxe. Ademais que, ¿ves fillo?, ó taxa-las xoias, só contei o ouro bruto, se cadra hai algo máis de valor no traballo. Así que, xa está dito. Dareiche mil cincocentos francos... en libras, que Cruchot me prestará, porque eu non teño un condenado oitavo aquí, a menos que Perrottet, que anda atrasado no pago do alugamento, me pague. Vaia, vaia, vouno ir ver.

Colleu o chapeo, puxo as luvas e saíu.

—Así que vai marchar —dixo Eugénie, cunha ollada de tristeza mesturada con admiración.

—Non queda máis remedio —dixo el, baixando a cabeza.

Había uns días que o aspecto, os modais e mailas palabras de Charles tornáranse os dun home profundamente aflixido, pero que, sentindo pesar sobre el inmensas obrigacións, saca novo valor do seu infortunio. Xa non suspiraba, fixérase home. Así que Eugénie non apreciou mellor o carácter do seu curmán que cando o viu baixar co seu traxe de groseiro pano negro que tan ben lle acaía á súa cara pálida e á súa sombría actitude. Aquel día puxeron o loito as dúas mulleres que asistiron con Charles a un *Réquiem* celebrado na parroquia pola alma do defunto Guillaume Grandet.

Ó segundo almorzo, Charles recibiu cartas de París e leunas.

—E logo, curmán, ¿está contento da marcha dos seus asuntos? —preguntou Eugénie, en voz baixa.

—Esas preguntas non se fan, filla —comentou Grandet—. ¡Diaño!, aínda non che conto os meus, ¿por que méte-lo nariz nos do teu curmán? Deixa tranquilo ó rapaz.

—¡Oh!, eu non teño segredos —dixo Charles.

—Ta, ta, ta, sobriño, xa aprenderás que hai que ter conta da lingua, no comercio.

Cando os dous namorados quedaron sos no xardín, Charles díxolle a Eugénie, levándoa cara ó vello banco baixo a nogueira, no que sentaron:

—Non me enganaba con Adolphe, portouse de marabilla. Fixo os meus encargos con prudencia e lealdade. Non debo nada en París, tódolos meus mobles vendéronse ben e o meu amigo anúnciame que, seguindo os consellos dun capitán de barco, empregou tres mil francos que quedaban nunha pacotilla composta de curiosidades europeas, das que se saca un excelente partido nas Indias. Enviou os paquetes a Nantes onde están cargando un navío para Xava. Dentro de cinco días, Eugénie, teremos que despedirnos se cadra para sempre ou polo menos por moito tempo. A miña pacotilla e dez mil francos que me envían dous dos meus amigos supoñen un comezo ben ruín. Non podo pensar no retorno antes de varios anos. Querida curmá, non faga depende-la súa vida da miña, podo perecer, pode presentárselle un bo partido...

—¿Vostede ámame?... —preguntou ela.

—¡Oh!, si, moito —respondeu el, cun profundo acento que revelaba unha igual profundidade de sentimentos.

—Agardarei, Charles. ¡Deus!, meu pai está na súa ventá —dixo, empuxando ó curmán que se acercaba para bicala.

Escapou para debaixo da bóveda, Charles seguiuna; ó velo, Eugénie retirouse cara ó pé da escaleira e abriu a porta batente; logo, sen saber moi ben onde ía, encontrouse preto do rocho de Nanon, no lugar menos iluminado do corredor; alí Charles, que a seguira, tomoulle unha man, achegouna ó seu corazón, colleuna polo van e atraeuna docemente contra el. Eugénie non se resistiu máis; recibiu e deu o máis puro, o máis suave, pero tamén o máis completo de tódolos bicos.

—Querida Eugénie, un curmán é mellor ca un irmán, pode casar contigo —dixo Charles.

—¡Así sexa! —berrou Nanon, abrindo a porta do seu rocho.

Os dous namorados, espavorecidos, refuxiáronse na sala onde Eugénie retomou o seu labor e Charles púxose a le-las ladaíñas da Virxe no misal da señora Grandet.

—¡Vaia! —dixo Nanon—, aquí rezamos todos.

Desde que Charles anunciou a súa marcha, Grandet púxose en

movemento para facer crer que tiña moito interese por el; mostrouse liberal en todo o que non custaba nada, encargouse de buscarlle un embalador e dixo que o home pretendía vende-las caixas demasiado caras; entón, empeñouse a toda costa en facelas el mesmo e empregou unhas táboas vellas, erguíase moi cedo para cepillar, axustar, alisar, crava-las taboíñas e confeccionar unhas caixas excelentes nas que embalou tódolos efectos de Charles; encargouse tamén de mandalas en barco polo Loira abaixo, de aseguralas de expedilas á tempo ata Nantes.

Desde aquel bico no corredor, as horas fuxían para Eugénie cunha espantosa rapidez. Ás veces pensaba en seguir ó seu curmán. Quen teña coñecido a máis cativadora das paixóns, aquela da que se vai abreviando a duración cada día pola idade, polo tempo, por unha doenza mortal ou por algunha das fatalidades humanas, comprenderá os tormentos de Eugénie. Choraba a miúdo paseando por aquel xardín, agora demasiado estreito para ela, así como o patio, a casa, a vila: lanzábase de antemán á vasta extensión dos mares.

Por fin chegou a véspera da marcha. Pola mañá, durante a ausencia de Grandet e de Nanon, o precioso cofre onde se encontraban os dous retratos foi solemnemente instalado no único caixón do baúl que pechaba con chave e onde estaba a bolsa agora baleira. O depósito daquel tesouro tivo lugar non sen bo número de bicos e de lágrimas. Cando Eugénie meteu a chave no seu peito, non tivo valor para prohibirle a Charles bicar aquel lugar.

—Non sairá de aí, amigo meu.

—Pois ben, o meu corazón tamén estará sempre aí.

—¡Ah, Charles! iso non está ben —dixo a moza, cun ton de censura.

—¿Non estamos casados? —repuxo el—; teño a túa palabra, toma a miña.

—¡Para ti, por sempre! —foi dúas veces repetido, por ámbolos dous.

Ningunha promesa selada sobre esta terra foi máis pura: o candor de Eugénie santificara momentaneamente o amor de Charles.

Á mañá seguinte, o almorzo foi triste. Malia a bata dourada e unha cadeíña cunha cruz que Charles lle regalara, a mesma Nanon, libre para manifesta-los seus sentimentos, chorou.

—Este pobre señorito, tan feitiño, que se vai pola *mare*... ¡Que Deus o acompañe!

Ás dez e media, a familia ó completo púxose en ruta para acompañar a Charles á dilixencia de Nantes. Nanon, que soltara o can e pechara a porta, quixo leva-la bolsa de viaxe de Charles. Tódolos comerciantes da vella rúa estaban no limiar das súas tendas para ver pasa-lo cortexo ó que se uniu na praza o notario Cruchot.

—Non vaias chorar, Eugénie —díxolle a súa nai.

—Sobriño —dixo Grandet, á porta da pousada, bicando a Charles nas dúas meixelas—, marcha pobre, volva rico, atopará o honor do seu pai a salvo. Respóndolle eu, Grandet; pois entón, só dependerá de vostede...

—¡Ah, tío!, vostede dulcifica a amargura da miña partida. ¿Non é o máis fermoso presente que me podía facer...?

Sen comprende-las palabras do vello toneleiro ó que interrompera, Charles verteu sobre o rostro curtido do seu tío lágrimas de recoñecemento, mentres que Eugénie apertaba con tódalas súas forzas a man do curmán e a do seu pai. Só o notario sorría, admirando a finura de Grandet, pois só el comprendera ó bo home.

Os catro saumureses, rodeados de varias persoas, quedaron onda o coche ata que partiu; logo, cando desapareceu pola ponte e xa só resoou na distancia, dixo o viñateiro:

—¡Boa viaxe!

Por sorte, o notario Cruchot foi o único que oíu esta exclamación. Eugénie e a súa nai acudiran a un lugar do peirao desde o que aínda podían ve-la dilixencia e axitaban os seus panos brancos, signo ó que respondeu Charles despregando o seu.

—¡Nai, quería ter por un momento o poder de Deus! —dixo Eugénie, no momento en que deixou de ver-lo pano de Charles.

Por non interrompe-lo curso dos acontecementos que ocorreron no seo da familia Grandet, cómpre botar con anticipación unha ollada ás operacións que o bo home executara en París por mediación de des Grassins. Un mes despois da marcha do banqueiro, Grandet posuía unha inscrición de cen mil libras da Renda adquirida a oitenta francos netos. As informacións proporcionadas, á súa morte, polo seu inventario nunca



proxectaron a máis mínima luz sobre os medios que a súa desconfianza lle suxerira para intercambia-lo prezo da inscrición pola inscrición mesma. O letrado Cruchot pensou que Nanon fora, sen sabelo, o instrumento fiel do transporte de fondos. Por aquela época, a criada ausentouse cinco días co pretexto de ir arranxar algunhas cousas en Froidfond, coma se o bo do home fose capaz de ter deixado alí algún cabo solto. No concernente ós asuntos da casa Guillaume Grandet, tódalas previsións do toneleiro se cumpriron.

No Banco de Francia encóntranse, como todos saben, as informacións máis exactas sobre as grandes fortunas de París e dos departamentos. Os nomes de des Grassins e de Félix Grandet de Saumur eran coñecidos alí e gozaban da estima concedida ás celebridades financeiras que se basean sobre inmensas propiedades territoriais libres de hipotecas. A chegada do banqueiro de Saumur, encargado, dicíase, de liquidar con honor a casa Grandet de París, bastou para evitarlle á sombra do negociante a vergonza dos protestos. O levantamento dos embargos fíxose en presenza dos acredores e o notario da familia empezou a proceder con regularidade ó inventario da sucesión. Pronto des Grassins reuniu os acredores que, con voto unánime, elixiron como liquidador ó banqueiro de Saumur, conxuntamente con François Keller, xefe dunha opulenta casa e un dos principais interesados, e confiáronlles tódolos poderes necesarios para salvar á vez o honor da familia e as débedas. O crédito do Grandet de Saumur, as esperanzas que puxo no corazón dos acredores, por medio de des Grassins, facilitaron as transaccións; non apareceu un só acredor recalcitrante entre todos eles. Ninguén pensaba en deixa-la súa débeda á conta de Ganancias e Perdas, e todos pensaban:

"¡Grandet de Saumur pagará!"

Pasaron seis meses. Os parisienses reembolsaran os efectos en circulación e conservábanos no fondo das súas carteiras. Primeiro resultado que quería acada-lo toneleiro.

Nove meses despois da primeira asemblea, os dous liquidadores distribuiron o corenta e sete por cento a cada acredor. Esa suma conseguíuse coa venda das posesións, valores, bens e cousas varias pertencentes ó defunto Guillaume Grandet, venda que se fixo cunha fidelidade escrupulosa. A máis exacta probidade presidía aquela liquidación. Os acredores compracéronse en recoñece-lo admirable e indiscutible honor dos Grandet. Despois de que esas loanzas circulasen convenientemente, os acredores pediron o resto do seu diñeiro. Tiveron que escribirlle unha carta

colectiva a Grandet.

"Aquí estamos", dixo para si o antigo toneleiro, tirando a carta ó lume, "paciencia, amiguiños."

En resposta ás proposicións contidas na carta, Grandet de Saumur pediu o depósito ante notario de tódolos títulos de débeda existentes contra a sucesión do seu irmán acompañados do saldo dos pagos xa efectuados, so pretexto de comproba-las contas e de establecer correctamente o estado da sucesión.

Ese depósito provocou mil dificultades. Xeralmente, o acredor é unha especie de maníaco. Disposto hoxe a concluír, mañá quere cambiar todo; máis tarde condescende. Hoxe, a súa muller está de bo humor, o seu benxamín botou os dentes, todo vai ben no fogar, non quere perder un céntimo; mañá chove, non pode saír, está melancólico, di que si a tódalas proposicións que poidan rematar un asunto; dous día máis tarde necesita garantías, á fin do mes pretende executarvos ¡o verdugo! O acredor asemella a ese gorrión á cola do cal se anima ós pequenos a intentar pousar un gran de sal; pero o acredor cambia esta imaxe pola da súa débeda que non pode pillar nin cobrar nada dela.

Grandet observara as variacións atmosféricas dos acredores e os do seu irmán obedeceron a tódolos seus cálculos. Uns, furiosos, negáronse en redondo ó depósito.

"¡Ben!, isto vai ben", pensaba Grandet, refregando as mans á lectura das cartas que lle escribía sobre a cuestión des Grassins.

Algúns outros non consentiron no dito depósito máis que á condición de facer consta-los seus dereitos, sen renunciar a ningún e reservárense mesmo o de declara-la quebra.

Nova correspondencia segundo a cal Grandet de Saumur consentía en aceptar tódalas reservas demandadas. Mediante esta concesión, os acredores benignos fixeron entrar en razón ós duros. O depósito efectuouse, non sen algunhas queixas.

—Ese bo home —dicíanlle a des Grassins— búrlase de vostede e de nós.

Vintetrés meses despois da morte de Guillaume Grandet, moitos comerciantes, arrastrados polo movemento dos negocios de París, esqueceran os seus cobros de Grandet ou non pensaban neles máis que para dicírense:

— Empezo a crer que o corenta e sete por cento é todo o que vou

sacar disto.

O toneleiro calculara o poder do tempo que, dicía el, é un diaño bo.

Ó final do terceiro ano, des Grassins escribiulle a Grandet dicindo que, polo dez por cento dos dous millóns catrocentos mil francos restantes debidos pola casa Grandet, conseguira que os acredores lle devolvesen os seus títulos. Grandet respondeu que o notario e mailo axente de cambio dos que as espantosas quebras causaran a morte do seu irmán aínda vivían ¡eles!, que podían terse recuperado, e que había que apremalos para sacar algo e diminuí-la suma do déficit.

Ó final do cuarto ano, o déficit foi debidamente detido na suma dun millón douscentos mil francos. Houbo negociacións entre os liquidadores e os acredores e entre Grandet e os liquidadores, que duraron seis meses. Nunha palabra, vivamente apremado para rematar dunha vez, Grandet de Saumur respondeu ós dous liquidadores, polo noveno mes daquel ano, que o seu sobriño, que fixera fortuna nas Indias, lle manifestara a súa intención de pagar integramente as débedas do pai; el non podía encargarse de saldalas de xeito fraudulento sen consultarllo; esperaba unha resposta súa.

Aló pola metade do quinto ano, continuaba tendo en xaque ós acredores coa palabra *integramente*, soltada de vez en cando polo sublime toneleiro, que ría por dentro e dicía, sen deixar escapar un fino sorriso e un xuramento:

"¡Eses parisienses...!"

Pero ós acredores estábanlles reservada unha sorte inaudita nos fastos do comercio. No momento en que os acontecementos desta historia os obriguen a reaparecer en escena, encontraranse na mesma posición en que os mantivera Grandet.

Cando as Rendas públicas chegaron a cento quince, o tío Grandet vendeu, retirou de París uns dous millóns catrocentos mil francos en ouro, que se uniron nos seus pipotes ós seiscentos mil francos de interese composto que lle deran as inscricións. Des Grassins vivía en París. Imos ver por que. Primeiro foi nomeado deputado; despois namoriscou –el, pai de familia, pero aburrido pola aburrida vida de Saumur– de Florine, unha das máis bonitas actrices do teatro de Madame e produciuse unha recrudescencia do sarxento que había no banqueiro. É inútil falar da súa conducta; foi xulgada en Saumur como profundamente inmoral. A súa muller atopouse

moi feliz coa separación de bens e tivo cabeza abondo para leva-la casa de Saumur, os negocios da cal continuaron ó seu nome co fin de repara-las fendas abertas na súa fortuna polas toleadas do señor des Grassins. Os cruchotiños desacreditaban tan ben a comprometida situación da case viúva que a muller viuse obrigada a casar bastante mal a súa filla e a renunciar á alianza con Eugénie Grandet para o seu fillo Adolphe. Este uniuse a des Grassins en París, e alí converteuse, segundo se dixo, nun mal suxeito. Os Cruchot triunfaban.

—O seu home non ten sentido ningún —dicía Grandet, prestándolle unha suma de diñeiro, mediante aval, á señora des Grassins—. Compadézoa, vostede é unha boa mulleriña.

—¡Ai, señor! —respondeu a pobre señora—, ¿quen podía crer que o día que saíu da súa casa para ir a París corría á súa ruína?

—O ceo éme testemuña, señora, de que fixen todo ata o último momento por impedirlle a viaxe. O señor presidente quería a toda costa substituílo, e se el tiña tanto interese en ir aló, agora sabemos por que.

Xa que logo, Grandet non lle debía nada ós des Grassins.

En tódalas situacións, as mulleres teñen máis motivos de dor cós homes e sofren máis ca eles. O home ten a súa forza e o exercicio do poder: actúa, vai, ocúpase, pensa, abraza o futuro e atopa consolo nel. Así facía Charles. Pero a muller queda, permanece cara a cara coa súa pena da que nada a distrae, baixa ata o fondo do abismo que el abriu, mídeo e a miúdo cólmao cos seus desexos e coas súas lágrimas. Así facía Eugénie. Iniciábase ó seu destino. Sentir, amar, sufrir, sacrificarse, será sempre o texto da vida das mulleres. Eugénie debía ser muller en todo, menos no que a consola. A súa felicidade, atesourada coma os cravos sementados pola muralla segundo a sublime expresión de Bossuet<sup>16</sup>, non lle ía encher un día nin o oco dunha man. Os desgustos nunca se fan esperar, e, para ela, chegaron de seguida. Ó día seguinte da partida de Charles, a casa Grandet recuperou a súa fisionomía para todo o mundo, excepto para Eugénie que a encontrou, de pronto, ben baleira. Sen que seu pai o soubese, quixo que o cuarto de Charles ficase no estado en que el o deixara. A señora Grandet e Nanon foron, con gusto, cómplices dese *statu quo*.

—¿Quen sabe se non volverá antes do que pensamos? —dixo a rapaza.

—¡Ah!, quen me dera velo aquí —respondeu Nanon—. Xa me acostumara a el. Era ben bo, un señorito perfecto, tan feitiño, cos rizos peiteadiños coma unha moza.

Eugénie ollou para Nanon.

—¡Virxe Santa, señorita, ten nos ollos a perdición da súa alma! Non mire o mundo así.

Dende aquel día, a beleza da señorita Grandet tomou un novo carácter. Os graves pensamentos de amor cos que a súa alma fora lentamente invadida, a dignidade da muller amada, déronlle ás súas faccións esa especie de resplandor que os pintores representan cunha aureola. Antes da vinda do seu curmán, Eugénie podía ser comparada á Virxe antes da concepción; cando el marchou, asemellaba á Virxe nai: concibira o amor. Esas dúas Marías, tan diferentes e tan ben representadas por algúns pintores españois, constitúen unha das máis brillantes figuras que tanto abundan no cristianismo. Ó volver da misa á que asistira ó día seguinte da marcha de Charles e que fixera a promesa de oír tódolos días, comprou na librería da vila un mapamundi que colgou a carón do seu espello, coa fin de seguir ó curmán na ruta cara ás Indias, coa fin de poder meterse un pouco, mañá e tarde, no navío que o transportaba, de velo, de dirixirlle mil cuestións e de dicirlle:

"¿Estás ben?, ¿non sofres?, ¿pensas en min cando ves esa estrela que me aprendiches a coñecer e a utilizar?"

Logo, pola mañá, permanecía pensativa baixo a nogueira, sentada no banco comido dos bichos e cheo de carriza gris, no que se dixeran tantas cousas bonitas, tantas insignificancias, no que edificaran tantos castelos no ar sobre a súa fermosa parella. Pensaba no futuro mirando ó ceo polo pequeno espacio que os muros lle permitían abarcar; despois ó vello pano de muralla e ó teito, baixo o que estaba situado o cuarto de Charles. En fin, era o amor solitario, o amor verdadeiro que persiste, que se desliza en tódolos pensamentos e que se converte en substancia, ou, como dirían os nosos pais, na trama da vida. Cando os, así chamados, amigos do tío Grandet viñan contra a noitiña xoga-la partida, ela mostrábase alegre, disimulaba; pero, durante toda a mañá falaba de Charles coa súa nai e con Nanon. Nanon comprendera que podía condoerse cos sufrimentos da súa ama nova sen faltar ós seus deberes co patrón e dicíalle a Eugénie:

—Se eu tivese un home meu, eu... seguiríao ó inferno. Eu... vaia... morrería por el; pero... nada. Morrerei sen sabe-lo que é a vida.

¿Creríame se lle digo, señorita, que ese vello de Cornoiller, que é un bo home así e todo, ándame dando voltas arredor; e todo polas miñas rendas, coma eses que veñen aquí cheira-los cartos do señor, e que lle fan as beiras a vostede? Eu ben o vexo, porque son fina, aínda que sexa grande coma unha torre; pois dígolle unha cousa, señorita, a min gústalleme, aínda que non sexa amor.

Así transcorreron dous meses. Aquela vida doméstica, antes tan monótona, animárase polo inmenso interese do segredo que ligaba máis intimamente ás tres mulleres. Para elas, Charles vivía, ía e viña aínda polas táboas agrisadas daquela sala. Mañá e tarde Eugénie abría o neceser e contemplaba o retrato da súa tía. Un domingo pola mañá foi sorprendida pola señora Grandet cando estaba intentando descubri-los trazos de Charles nos da súa nai.

Aquela foi, entón, iniciada no terrible segredo do troco que fixera o viaxeiro polo tesouro de Eugénie.

—¿Décheslle todo? —preguntou a nai, espantada—. ¿E que lle dirás a teu pai para o Aninovo cando queira ve-lo teu ouro?

Os ollos de Eugénie quedaron fixos, e as dúas mulleres permaneceron sumidas nun pánico mortal durante a metade da mañá. Estaban tan trastornadas que perderon a misa maior e tiveron que asistir á misa militar. Faltaban tres días para que rematase o ano de 1819. Dentro de tres días debía comezar unha terrible acción, unha traxedia burguesa sen veneno, nin puñal, nin sangue derramado, pero máis cruel para os actores ca tódolos dramas acontecidos na ilustre familia dos Atridas.

—¿Que vai ser de nós? —díxolle a señora Grandet á súa filla, pousando a calceta nos xeonllos.

A pobre nai sufría tales trastornos dende había dous meses que as mangas de la que necesitaba para o inverno aínda non estaban rematadas. Ese feito doméstico, mínimo en aparencia, tivo tristes consecuencias para ela. Por falta de mangas colleuna o frío de mala maneira entre unha suor causada por a espantosa cólera do seu home.

—Eu pensaba, querida filla, que se me confiáse-lo teu segredo, teríamos tempo de escribir a París, ó señor des Grassins. Poderíanos mandar unhas moedas de ouro semellantes ás túas, aínda que Grandet, se cadra, coñéceas ben...

—Pero, ¿onde atoparíamos tanto diñeiro?

—Empeñaría as miñas. Ademais, o señor des Grassins había

de...

—Xa non hai tempo —replicou Eugénie, cunha voz xorda e alterada, interrompendo a súa nai—. ¿Non temos que ir mañá pola mañá felicitalo polo Aninovo ó seu cuarto?

—Pero, filla, ¿por que non vou eu ver ós Cruchot?

—Non, non, eso sería entregarme a eles e depender deles. Ademais, xa o teño decidido. Fíxeno e non me arrepiño de nada. Deus hame protexer. Que se faga a súa santa vontade. ¡Ah, mamá!, se lese vostede a súa carta, non pensaría máis ca nel.

Á mañá seguinte, primeiro de xaneiro de 1820, o terror flagrante do que nai e filla eran presa suxeríulles a máis natural das excusas para non ir solemnemente ó cuarto de Grandet. O inverno de 1819 a 1820 foi un dos máis rigorosos da época. A neve amontoábase nos tellados.

A señora Grandet díxolle ó seu home, en canto o oíu bulir polo cuarto:

—Grandet, dille a Nanon que veña acender un pouco de lume no meu cuarto; vai tanto frío que estou xeadá baixo as mantas. Á miña idade necesítanse coidados. Ademais —continuou, despois dunha pequena pausa—, Eugénie virá vestirse aquí. A pobre rapaza podería coller unha enfermidade vestíndose no seu cuarto con semellante tempo. Despois iremos desexarche un bo Aninovo onda o lume, na sala.

—¡Ta, ta, ta, ta, que lingua! ¡Como empéza-lo ano, señora Grandet! Nunca falaches tanto. Sen embargo, non comiches sopas de viño, supoño.

Houbo un momento de silencio.

—Pois ben —continuou o bo home, ó que, sen dúbida, a proposición da súa muller víñalle ben—, vou face-lo que quere, señora Grandet. Es unha boa muller verdadeiramente, non quero que che ocorra unha desgracia á túa idade, aínda que en xeral os La Bertellière están feitos de madeira vella. ¿Eh?, ¿non é certo? —berrou tras unha pausa—. En fin, nós herdamos deles, perdóolles.

E tusiu.

—Está alegre esta mañá —comentou gravemente a pobre muller.

—Eu sempre estou alegre...

¡Sempre alegre e cantareiro

Arranxa o tonel, toneleiro!

—engadiu, entrando onda a súa muller completamente vestido.

—Si, ¡abofé que vai frío abondo! Xantaremos ben, muller. ¡Des Grassins mandoume un paté de foie-gras trufado! Vouno buscar á dilixencia. Debe vir tamén un dobre napoleón para Eugénie —foille dici-lo toneleiro á orela—. Xa non me queda ouro ningún, muller. Aínda tiña algunhas moedas antigas, a ti pódocho dicir; pero tiven que gastalas polos negocios.

E para celebra-lo Aninovo, bicouna na fronte.

—¡Eugénie! —berrou a boa nai—. Non sei de que lado durmiu teu pai, pero está de boas esta mañá. ¡Bah! ¡habémonos arranxar ben!

—¿Que é o que ten, logo, o amo? —dixo Nanon ó entrar onda a nai para acende-lo lume—. Primeiro díxome: "¡Bos días e feliz ano, parvallana! Vai acende-lo lume no cuarto da miña muller que ten frío." Que cara de papona debín poñer cando estendeu a man para darme un escudo de seis francos que está case noviño do todo. ¡Fíxese, míreo, señora! ¡Ai, que bo home! É un digno home, así e todo. Hainos que, canto máis vellos van, máis duros se fan; pero este, faise doce coma o seu cassís e mellora. É ben bo home, ben *perfeito*...

O segredo daquela alegría residía no éxito completo das especulacións de Grandet. O señor des Grassins, despois de deduci-las cantidades que lle debía o toneleiro polo desconto dos cento cincuenta mil francos dos efectos holandeses e pola cantidade que lle adelantara para completa-los cartos necesarios para compra das cen mil libras da Renda, enviáballe pola dilixencia trinta mil francos en escudos, produto dos intereses do semestre e anunciáralle a alza dos fondos públicos. Estaban daquela a oitenta e nove, os máis célebres capitalistas comprábanos, a finais de xaneiro, a noventa e dúas. Grandet ganaba, desde había dous meses, o doce por cento sobre os seus capitais, revisara as contas, e agora ía cobrar cincuenta mil francos cada seis meses sen ter que pagar nin impostos nin reparacións. Entendía por fin os beneficios dos valores da Renda, investimento polo que as xentes de provincias manifestan unha repugnancia invencible, e víase, antes de cinco anos, dono dun capital de seis millóns aumentado sen moitas preocupacións e que, unido ó valor territorial das súas propiedades, comporía unha



fortuna colosal. Os seis francos que lle dera a Nanon constituían, quizá, a paga por un inmenso servizo que a criada lle fixera, sen sabelo, ó amo.

"¡Oh, oh! ¿Onde irá o tío Grandet, que corre tan cedo coma se houbese lume?", preguntábanse os comerciantes que abrían as tendas.

Logo, cando o viron volver do peirao seguido dun mozo das Mensaxerías que levaba unha carreta de sacos repletos:

—A auga vai sempre ó río, o bo home ía ós seus escudos –dicía un.

—¡Véñenlle de París, de Froidfond, de Holanda! – dicía outro.

—Acabará por comprar Saumur –exclamaba un terceiro.

—Tanto lle ten o frío, el vai sempre ó seu negocio –dicíalle unha muller ó seu home.

—¡Ai, señor Grandet!, se lle molesta todo iso, déamo a min –dicía un comerciante en panos, o seu veciño máis próximo.

—¡Pse..., só son patacóns! –respondeu o viñateiro.

—De prata –dixo o mozo en voz baixa.

—Se queres propina, non bóte-la lingua a pacer –díxolle o bo home ó mozo ó abrir a porta.

"¡Ah!, o vello raposo, eu cría que estaba xordo", pensou o mozo; "parece que cando vai frío oe ben."

—Aquí tes vinte céntimos de aguinaldo, e nin unha palabra. ¡Lisca! –díxolle Grandet—. Nanon xa che levará a carreta. ¡Nanon!, ¿as rulas van na misa?

—Van, señor.

—¡Entón, imos aló! Hai traballo –berrou, cargándoa de sacos.

Nun instante, os sacos foron transportados ó seu cuarto no que se pechou.

—Cando o almorzo estea listo peta na parede. Leva a carreta ás Mensaxerías.

A familia non almorzou ata as dez.

—Aquí teu pai non che pedirá que lle ensíne-lo ouro —díxolle a señora Grandet á súa filla ó regresar da misa—. Ademais, ti fai coma que tes frío. Despois xa teremos tempo para recupera-lo teu tesouro antes do teu aniversario...

Grandet baixou a escaleira pensando en metamorfosear axiña os seus escudos parisienses en bo ouro e na súa admirable especulación nas Rendas do Estado. Estaba decidido a colocar así as súas ganancias ata que a renda alcanzase a taxa de cen francos. Meditación funesta para Eugénie. Tan pronto como entrou, as dúas mulleres desexáronlle un feliz ano, a filla botádoselle ó colo facéndolle mecos, a señora Grandet gravemente e con dignidade.

—¡Ah, ah, miña filla! —dixo, bicándoa nas meixelas—. Traballo para ti ¿ves?... Quero a túa felicidade. Cómpre diñeiro para ser feliz. Sen diñeiro, ¡nada! Toma, un napoleón noviño, encargueino a París. Recoiro, non hai un gran de ouro nesta casa. Só ti o tes. Amósame o teu ouro, filliña.

—¡Oh!, vai demasiado frío: imos almorzar —contestoulle Eugénie.

—Ben, pero despois ¿eh? Axudaranos a todos a dixerir. O bo de des Grassins mandounos isto —continuou—. Así que, comede, fillas, non nos custa nada. Des Grassins traballa ben, estou contento con el. O babeco faille un bo servicio a Charles, e por riba, gratis. Está arranxando moi ben os asuntos dese pobre defunto Grandet. ¡Mmm, Mmm! —dixo, coa boca chea, despois dunha pausa—, ¡que rico está! ¡Come, muller!, isto alimenta para dous días.

—Non teño fame. Estou moi delicada, ben o sabes.

—¡Ah, si! Pódeste encher sen medo de que che rebente o bandullo; es unha La Bertellière, unha muller sólida. Estás un chisco amarela, pero a min gústame o amarelo.

A espera dunha morte ignominiosa e pública é menos horrible quizá para un condenado do que foi para a señora Grandet e a súa filla a espera dos acontecementos que debían terminar aquel almorzo de familia. Canto máis alegremente falaba e comía o vello viñateiro, máis se lles encollía o corazón a aquelas dúas mulleres. A filla, sen embargo, tiña un apoio naquela conxuntura: sacaba forzas do seu amor.

"¡Por el!", pensaba, "¡por el sufriría mil mortes!"

Con estes pensamentos, botáballe a súa nai olladas flamexantes

de valor.

—Recolle todo isto —díxolle Grandet a Nanon aí polas once, cando acabaron de almorzar—; pero deixa queda-la mesa. Estaremos máis a gusto para ve-lo teu pequeno tesouro —dixo, mirando a Eugénie—. Vaia, pequeno... abofé que non; posúes un valor intrínseco de cinco mil novecentos cincuenta e nove francos máis os corenta desta mañá, fan seis mil francos menos un. Pois eu heicho dar, ese franco, para completáre-la suma, porque ¿ves filliña?... ¡Eh!, ¿por que te quedas aí escoitando, Nanon? Dá media volta e vai ós teus labores —dixo o bo home.

Nanon desapareceu.

—Escoita, Eugénie, tesme que da-lo teu ouro. Non llo negarás ó teu paiciño, ¿non si, filliña?

As dúas mulleres estaban mudas.

—A min xa non me queda ouro ningún. Tíñao, pero xa non o teño. Devolvereiche seis mil francos en libras e halos investir como che vou dicir. Hai que esquecerse da ducia de arras. Cando te case, cousa que non ha tardar, atopareiche un home que che ha poder regala-la máis fermosa ducia da que se teña falado na provincia. Así que, escoita filliña. Preséntase unha ocasión excelente: podes coloca-los teus seis mil francos en Rendas do Tesouro público, e cada seis meses cobrarás cerca de douscentos francos de intereses, libres de impostos, sen reparacións, nin sarabia, nin xeadas, nin mareas, nin nada do que estraga as ganancias. Dóече separarte do teu ouro, ¿eh, filliña? Tráemo igual. Heiche xuntar moedas de ouro, holandesas, portuguesas, rupias do Mongol, xenovesas; e, coas que che irei dando polos teus aniversarios, en tres anos terás recuperado a metade do teu bonito tesouro de ouro. ¿Que dis, filliña? Levanta o nariz. Veña, vai busca-lo tesouriño. Deberíasme bicar nos ollos por che ter contado, así, os segredos e os misterios da vida e da morte dos escudos. Verdadeiramente, os escudos viven e bolen coma os homes: van, veñen, súan, producen...

Eugénie levantouse, pero logo de dar uns pasos cara á porta, volveuse bruscamente, mirou a seu pai cara a cara e díxolle:

—Xa non teño o *meu* ouro.

—¡Que xa non te-lo teu ouro! —exclamou Grandet, levantándose sobre os seus xarretes coma un cabalo que oe un disparo de canón a uns pasos del.

—Non, xa non o teño.

—Equivócaste, Eugénie.

—Non.

—¡Pola memoria de meu pai!

Cando o toneleiro xuraba así, as paredes estremecíanse.

—¡Ai, Xesús, meu Deus! A señora ponse branca –berrou Nanon.

—Grandet, a túa cólera acabará comigo –dixo a pobre muller.

—¡Ta, ta, ta, ta! ¡Na túa familia non morredes nunca! ¿Eugénie, que fixo coas súas moedas? –berrou abalanzándose sobre ela.

—Señor –dixo a filla, botándose de xeonllos diante da señora Grandet– a mamá está moi mal. Mire... non a mate.

Grandet quedou espantado pola palidez que cubría a faciana da súa muller, antes tan amarela.

—Nanon, véñame axudar a deitarme –dixo a nai, con voz moi feble–. Eu morro.

Inmediatamente, Nanon deulle o brazo á ama, o mesmo fixo Eugénie, e con infinito traballo puideron subila ó cuarto, pois desfalecía a cada chanzo. Grandet quedou só. Pero, uns momentos despois, subiu sete ou oito chanzos e berrou:

—¡Eugénie! Cando súa nai estea deitada, baixe aquí.

—Si, pai.

Non tardou en baixar, despois de tranquilizar á súa nai.

—Miña filla –dixo Grandet–, vaime dicir onde está o seu tesouro.

—Pai, se me fai agasallos dos que non son enteiramente dona, gárdeos –respondeu friamente Eugénie, collendo o napoleón que estaba sobre a cheminea e presentándollo.

Grandet colleu con viveza o napoleón e meteuno no peto.

—¡Claro que non che darei máis nada! ¡Nin isto! –dixo, triscando a unlla do polgar nun dente–. ¿Despreza a seu pai, non ten confianza nel, non sabe, logo, o que é un pai? Se non o é todo para vostede, non é nada. ¿Onde está o seu ouro?

—Pai, eu ámo e respéctoo, pese a súa cólera; pero fareille observar, humildemente, que teño vintedous anos. Tenme dito moitas veces que xa son maior de idade. Fixen cos meus cartos o que me pareceu, e estea seguro de que están ben colocados...

—¿Onde?

—É un segredo inviolable –replicou ela—. ¿Vostede non ten segredos?

—¿Non son eu o xefe da familia? ¿Non podo ter os meus asuntos?

—Isto tamén é asunto meu.

—Mal asunto debe ser, se non llo pode contar a seu pai, señorita Grandet.

—É excelente e non podo contarllo a meu pai.

—Dígame, polo menos, ¿cando deu o seu ouro?

Eugénie negou coa cabeza.

—O día do seu aniversario aínda o tiña ¿non?

Eugénie, agora astuta por amor como o seu pai o era por avaricia, reiterou o mesmo aceno.

—Pero, ¡nunca se viu semellante testarudez, nin semellante teimosía! –dixo Grandet, cunha voz que foi *in crescendo* e que fixo gradualmente retumba-la casa. ¡Como!, ¡aquí, na miña propia casa!, alguén colleu o teu ouro, ¡o único ouro que había!, ¿e eu non podo saber quen foi? O ouro é unha cousa cara. As mozas máis honradas poden cometer erros, dar... o que sexa, iso ocorre nas casas dos grandes señores e mesmo nas dos burgueses; pero, ¿da-lo ouro...? Porque vostede deullo a alguén, ¿eh?

Eugénie permaneceu impasible.

—¡Cando se viu unha rapaza semellante! ¿Son eu seu pai ou non? Se o investiu, terá un recibo...

—¿Eu era ou non era libre de facer con el o que se me antollase? ¿Non era meu?

—Pero ti es unha nena.

—Maior de idade.

Abraiado pola lóxica da súa filla, Grandet palideceu, deu un mal paso, xurou; por fin, recuperando a palabra, berrou:

—¡Maldita serpe de filla! ¡Ah!, mala semente, ben sabes que te quero e abusas. ¡Degolas a teu pai! Tiraría-la nosa fortuna os pés dese morto de fame con botas de tafilete. ¡Pola memoria de meu pai!, ¡non te podo desherdar, recoiro! Pero maldígovos, a ti, ó teu curmán e ós teus fillos! Xa verás, disto non vai saír nada bo, ¿oes? ¿Non sería a Charles ó que...? ¡Pero, non, non pode ser! ¿Que ese condenado turuleque me teña desvalixado...?

Mirou para súa filla que permanecía muda e fría.

—¡Non se moverá!, ¡non pestanexará! ¡É máis Grandet ela ca min mesmo! ¿Polo menos non lle darías o ouro por nada. ¡A ver, fala!

Eugénie mirou para seu pai cunha ironía que o ofendeu.

—Eugénie, está vostede na miña casa, na casa de seu pai. Para seguir aquí tense que someter ás ordes deste. Os curas ordénanlle que me obedeza.

Eugénie baixou a cabeza.

—Oféndeme no máis sagrado –continuou el–, quero vela submisa. Vaia ó seu cuarto. Estará alí ata que eu lle permita saír. Nanon levaralle pan e auga. ¿Oíu? ¡Saia de aquí!

Eugénie rompeu a chorar e refuxiouse onda a súa nai.

Despois de dar varias voltas polo xardín cuberto de neve, sen senti-lo frío, Grandet sospeitou que a filla debía estar coa nai e, encantado de collela contravindo as súas ordes, subiu as escaleiras coa axilidade dun gato e apareceu no cuarto da señora Grandet no momento en que esta acariciaba o cabelo de Eugénie que tiña a cara apoiada no seo materno.

—Consóláte, miña filla, teu pai hase calmar.

—Xa non ten pai –dixo o toneleiro–. ¿Somos vostede e máis eu, señora Grandet, os que fixemos unha filla desobediente coma esta? Bonita educación e, sobre todo, relixiosa. ¿Que?, ¿non está no seu cuarto? Vamos, á prisión, á prisión, señorita.

—¿Vaime privar da miña filla, señor? –dixo a señora Grandet, mostrando un rostro sufocado pola febre.

—Se a quere conservar, lévea, saian as dúas da miña casa. ¡Raió!, ¿onde está o ouro?, ¿que foi del?

Eugénie levantouse, mirou con orgullo ó pai e entrou no seu cuarto que o bo home pechou con chave.

—¡Nanon! —berrou el—, ¡apaga o lume da sala!

E foi sentar nunha butaca onda a cheminea da súa muller, dicindo:

—Sen dúbida, deullo a ese miserable seductor de Charles que só buscaba o noso diñeiro.

A señora Grandet atopou no perigo que ameazaba a súa filla e no seu sentimento por ela a forza suficiente para permanecer fría en aparencia, muda e xorda.

—Eu non sabía nada disto —dixo, volvéndose cara á parede para non soporta-la mirada brillante do seu home—. Sufro tanto coa súa violencia que, se fago caso dos meus presentimentos, creo non sairei de aquí máis que cos pés por diante. Podería ter consideración de min neste momento, señor, eu que nunca lle causei desgusto ningún, polo menos así o penso. A súa filla quéreo, eu creo que é inocente coma un neno acabado de nacer; non lle faga mal, perdóelle o castigo. Vai moito frío, vostede pode se-la causa dalgunha enfermidade.

—Nin a verei nin lle falarei. Estará no cuarto a pan e auga ata que satisfaga ó seu pai. ¡Que diaño!, un pai de familia debe saber onde vai parar-lo ouro da súa casa. Ela posuía as únicas rupias que quizá haxa en Francia, xenovesas, ducados de Holanda...

—Señor, Eugénie é a nosa única filla, mesmo se as tirase á auga...

—¿Á auga? —berrou o bo home—. ¡Á auga!... Vostede está tola, señora Grandet. O que eu dixen, díxeno, vostede sábeo. Se quere ter paz na casa, confese a súa filla, descubra o que esconde, as mulleres saben facer iso mellor ca nós. Fixese o que fixese, eu non a vou comer. ¿Ten medo de min? Aínda que cubrise de ouro ó seu curmán, dos pés á cabeza, agora está en alta mar, ¿non?, non imos correr atrás del...

—Pois ben, señor...

Excitada pola crise nerviosa que atravesaba, ou pola desgracia da filla que desenvolvía a súa tenrura e a súa intelixencia, a

perspicacia da señora Grandet fíxolle albiscar un movemento terrible do lobiño do seu home, no momento en que ela respondía; cambiou de idea sen cambiar de ton:

—Pois ben, señor, ¿teño eu máis dominio sobre ela ca vostede? A min non me dixo nada, niso parécese a vostede.

—¡Contra!, ¡que lingua ten esta mañá! Ta, ta, ta, creo que me quere provocar. Se cadra enténdese con ela.

Fitou á súa muller.

—De verdade, Grandet, se me quere matar, non ten máis que seguir así. Dígollo e, aínda que me custase a vida, repetiríallo: equivócase coa súa filla, é máis razoable ca vostede. Ese diñeiro pertencíalle, só puido facer bo uso del. E só Deus ten dereito a coñecer-las nosas boas obras. Señor, suplícollo, perdóelle... Así calmaría o efecto do dano que me causou a súa cólera e salvaríame, se cadra, a vida. A miña filla, señor, devólvame a miña filla...

—Voume —dixo el—. A miña casa non hai quen a governe, a nai e a filla razoan e falan coma se... ¡Brrrrr! ¡Que cruel aguinaldo me deu, Eugénie! —berrou—. ¡Si, si, chore! O que fai halle causar remordemento, ¿oe? ¿De que lle serve ir recibi-lo bo Deus dúas veces ó mes, se lle dá o ouro do seu pai ás escondidas a un folgazán que lle devorará o corazón cando non teña outra cousa que lle prestar? Xa verá o que vale o seu Charles coas súas botas de tafilete e o seu aire de miñaxoia. Non ten nin corazón nin alma, xa que se atreve a leva-lo tesouro dunha pobre moza sen o consentimento dos seus pais.

Cando a porta da rúa se pechou, Eugénie saíu do cuarto e foi onda súa nai.

—¡Canto valor tivo pola súa filla! —díxolle.

—¿Ves, miña nena, onde nos levan as cousas ilícitas?... obrigáchesme a mentir.

—¡Oh!, xa lle pedirei a Deus que me castigue a min soa.

—¿É certo —preguntou Nanon, entrando asustada— que a señorita está á pan e auga para o resto dos seus días?

—Tanto me ten, Nanon —dixo tranquilamente Eugénie.

—¡Ah!, xa non poderei come-la *frippe* cando a filla da casa come



pan seco. Non, non.

—Nin unha palabra de todo isto, Nanon —dixo Eugénie.

—Terei a boca selada, xa verá.

Grandet ceou só por primeira vez en vintecatro anos.

—Mírese aí, coma un viúvo, señor —díxolle Nanon—. É ben desagradable ser viúvo habendo dúas mulleres na casa.

—A ti que che importa. Ten conta da lingua ou despídote. ¿Que é o que tes nesa pota que oio que ferve no lume?

—Estou derretendo graxa...

—Esta noite virá xente, acende a cheminea.

Os Cruchot, a señora des Grassins e mailo seu fillo chegaron ás oito e estrañáronse de non ver á señora Grandet nin á súa filla.

—A miña muller está un pouco indisposta. Eugénie está xunto a ela —respondeu o vello viñateiro sen que o seu rostro transmitise ningunha emoción.

Ó cabo dunha hora empregada en conversacións insignificantes, baixou a señora des Grassins, que subira visitar á señora Grandet, e todos lle preguntaron:

—¿Como vai a señora Grandet?

—Pois, nada, nada ben —contestou—. O seu estado de saúde paréceme preocupante de veras. Á súa idade hai que toma-las máis grandes precaucións, papá Grandet.

—Xa veremos —respondeu o viñateiro, con aire distraído.

Déronlle todos as boas noites. Cando os Cruchot estiveron na rúa, a señora des Grassins díxolles:

—Hai novidades na casa dos Grandet. A nai está moi mal e nin se decata. A filla ten os ollos vermellos coma se chorase moito. ¿Quererana casar contra o seu gusto?

Cando o viñateiro se deitou, Nanon foi en calcetíns de la, silandeira, onda Eugénie e mostroulle un paté que cociñara.

—Tome, señorita —dixo a boa muller—. Cornoiller deume unha lebre. Vostede come tan pouco que este paté halle durar ben oito

días e, coa xeadá, non corre o risco de estragarse. Polo menos non estará a pan seco, que iso non lle é nada san.

—¡Pobre Nanon! —dixo Eugénie, apertándolle a man.

—Saíume moi rico, moi delicado e e/ non se decatou. Comprei a manteiga e o loureiro, todo dos meus seis francos; para iso son meus.

Despois a criada saíu correndo, porque creu oír a Grandet.

Durante algúns meses, o viñateiro foi constantemente ver á súa muller a diferentes horas do día, sen pronunciar xamais o nome da súa filla, sen vela nin face-la menor alusión a ela. A señora Grandet non deixou o cuarto e, día a día, o seu estado empeorou. Nada fixo pregarse ó vello toneleiro. Permaneceu inquebrantable, áspero e frío coma un piar de granito. Continuou coas súas idas e vindas coma de costume; pero xa non tartamudeou máis, falaba menos e nos negocios mostrábase máis duro do que nunca fora. Á miúdo, escapáballe algún erro nas contas.

—Algo pasou na casa dos Grandet —dicían cruchotiños e grassinistas.

—¿Que pasaría, logo, na casa dos Grandet? —foi a pregunta que se facía xeralmente en tódalas veladas de Saumur.

Eugénie ía ós oficios acompañada por Nanon. Ó saír da igrexa, se a señora des Grassins lle dirixía algunhas palabras, ela respondía dun xeito evasivo e sen satisfacer a súa curiosidade. Sen embargo, ó cabo de dous meses foi imposible ocultar, fose ós tres Cruchot, fose á señora des Grassins, o segredo da reclusión de Eugénie. Chegou un momento en que faltaron os pretextos para xustificar a súa perpetua ausencia. Despois, sen que fose posible saber por quen fora traizoado o segredo, toda a vila soubo que dende o Aninovo a señorita Grandet estaba, por orde do pai, pechada no seu cuarto, a pan e auga, sen lume; que Nanon lle facía larpeiradas e llas levaba durante a noite; e sabíase mesmo que a moza non podía ver nin coidar de súa nai máis que durante o tempo en que o pai estaba ausente da vivenda. A conducta de Grandet foi, entón, xulgada moi severamente. A vila enteira púxoo, por así dicir, fóra da lei, lembrou as súas traizóns, a súa dureza e excomungouno.

Cando el pasaba, todos o sinalaban co dedo murmurando. Se a súa filla descendía a tortuosa rúa para ir á misa ou a vésperas, acompañada de Nanon, tódolos habitantes se asomaban ás

ventás para examinar con curiosidade o aspecto da rica herdeira e a súa cara, na que se pintaban unha melancolía e unha dozura anxélicas.

A súa reclusión, o desfavor do seu pai, non eran nada para ela. ¿Non contemplaba ela o mapamundi, o pequeno banco, o xardín, o pano de muro, e non sentía nos labios o mel que lle deixaran os bicos do amor? Ignorou durante algún tempo os comentarios dos que era obxecto na vila, igual que os ignoraba seu pai. Relixiosa e pura ante Deus, a súa conciencia e o seu amor axudábana pacientemente a soporta-la cólera e a vinganza paternas. Pero unha dor profunda facía calar tódalas outras dores. Cada día, a súa nai, doce e tenra criatura que embelecía co brillo que reflectía a súa alma ó aproximarse á tumba, a súa nai desmelloraba de día en día. A miúdo, Eugénie reprochábase ter sido a causa inocente da cruel e lenta enfermidade que a devoraba. Estes remordementos, se ben calmados pola nai, atábana aínda máis estreitamente ó seu amor. Tódalas mañás ía á cabeceira da nai en canto o pai saía. Nanon traíalle o almorzo. Pero a pobre Eugénie, triste e apesurada polos sufrimentos da súa nai, mostráballe o rostro da pobre muller a Nanon cun aceno mudo, choraba e non se atrevía a falar do seu curmán. Era a señora Grandet a primeira que se esforzaba por dicirlle:

— ¿Onde estará el? ¿Por que non escribirá?

A nai e maila filla ignoraban completamente as distancias.

—Pensemos nel, nai –respondía Eugénie–, e non falemos máis. É vostede a que sofre, vostede é ante todo.

*Todo era el.*

—Miñas fillas –dicía a señora Grandet–, non sinto da vida. Deus protexeume facéndome ver con alegría o termo das miñas miserias.

As palabras daquela muller eran sempre santas e cristiás. Nos primeiros meses do ano, cando o home paseaba polo seu cuarto á hora do xantar, facéndolle compañía, ela repetíalle os mesmos discursos, cunha dozura anxélica, pero coa firmeza dunha muller á que a morte próxima daba o valor que lle faltara durante toda a súa vida.

—Grandet, agradézolle o seu interese pola miña saúde –respondía cando el lle facía a máis banal das preguntas–; pero se me quere face-los últimos momentos menos amargos e alivia-las

miñas dores, volva ser bo coa nosa filla; móstrese como un esposo e un pai cristián.

Cando oía estas palabras, Grandet sentaba preto do leito, coma quen ve vir unha treboada e se pon tranquilamente ó abrigo nun portal: escoitaba en silencio á súa muller e non respondía nada. Cando lle dirixía as máis conmovedoras súplicas, as máis tenras e as máis relixiosas, dicía:

—Estás un pouco pálida hoxe, miña pobre muller.

O esquecemento máis completo da filla parecía gravado na súa fronte de pedra, nos seus labios apertados. Nin sequera se emocionaba coas lágrimas que as súas vagas respostas, con termos que a penas variaban, facían correr ó longo do pálido rostro da súa muller.

—Que Deus lle perdoe, señor —dicía ela—, como lle perdoeu eu. Un día ha necesitar indulxencia.

Dende a enfermidade da súa muller, non se atrevera a utiliza-lo seu terrible: "¡Ta, ta, ta, ta!" Pero o seu despotismo non se desarmaba ante aquel anxo de dozura, da que desaparecía fealdade pouco a pouco coa expresión das calidades morais que a floraban á súa cara. Era todo alma. O xenio da pregaría parecía purificar, empequenece-los trazos máis ordinarios do seu rostro e facíao resplandecer. ¿Quen non ten observado o fenómeno desa transfiguración en santas caras nas que os hábitos da alma terminan por triunfar sobre as faccións máis rudamente conformadas, imprimíndolles esa animación especial debida á nobreza e á pureza dos pensamentos elevados?

O espectáculo desa transformación levada a cabo polos sufrimentos que consumían os restos de carne humana naquela muller, a penas influían sobre o vello toneleiro, seguindo a se-lo seu carácter de bronce. Se a súa palabra non se volveu máis desdeñosa, un imperturbable silencio, que salvaba a súa superioridade de xefe da familia, dominou a súa conducta.

Cando a fiel Nanon aparecía no mercado, de pronto algúns ruxerruxes, algunhas queixas sobre o seu amo asubiábanlle nos oídos; pero, aínda que a opinión pública condenaba duramente a Grandet, a criada defendíao, por orgullo caseiro.

—¡E logo! —diciálles ela ós detractores do bo home—, ¿non nos facemos todos máis duros ó envellecer? ¿Por que non se había secar un pouco, este home? A ver se deixan de dicir mentiras. A

señorita vive coma unha raíña. Está soa, ben, é ó seu gusto. Ademais os meus amos teñen razóns maiores.

Por fin, un serán, contra a fin da primavera, a señora Grandet, devorada pola tristeza máis que pola súa doenza, non conseguindo, pese ás súas pregarías, reconciliar a Eugénie co seu pai, confioulle as súas penas secretas ós Cruchot.

—¡Poñer unha moza de vintetrés anos a pan e auga!... —exclamou o presidente de Bonfons— e sen motivo; pois iso constitúen *sevicias e torturas; ela pode denunciar e en tanto que sobre...*

—Veña, sobriño —dixo o notario—, deixe esa leria de xulgado. Estea tranquila, señora, eu farei rematar esa reclusión mañá mesmo.

En oíndo falar dela, Eugénie saíu do cuarto.

—Cabaleiros —dixo, avanzando cun ademán cheo de orgullo—, rógolles que non se metan neste asunto. Meu pai é o amo na súa casa. Mentres eu viva baixo o seu teito debo obedecerlle. A súa conducta no pode estar sometida á aprobación ou á desaprobación do mundo, só é responsable ante Deus. Reclamo da súa amizade o máis profundo silencio con respecto a isto. Censurar a meu pai sería ataca-la nosa propia consideración. Agradézolles, cabaleiros, o interese que me testemuñan; pero agradeceríalles moito máis que fixesen cesa-los rumores ofensivos que corren pola vila e que eu coñecín por casualidade.

—Ten razón —dixo a señora Grandet.

—Señorita, a mellor maneira de impedirlle á xente que murmure é devolverlle a vostede a liberdade —respondeu respectuosamente o vello notario, sorprendido pola beleza que o retiro, a melancolía e mailo amor imprimiran en Eugénie.

—Ben, filla, déixalle ó señor Cruchot o coidado de arranxar este asunto, xa que responde do éxito. Coñece a teu pai e sabe como hai que falarlle. Se me queres ver feliz no pouco tempo que me resta de vida, cómpre, a calquera prezo, que teu pai e mais ti vos reconciliades.

Ó día seguinte, segundo un costume adoptado por Grandet desde a reclusión de Eugénie, este foi dar un certo número de voltas polo seu pequeno xardín. Escollera para aquel paseo o momento en que Eugénie se peiteaba. Cando o bo home chegaba á enorme nogueira, escondíase detrás do tronco, quedaba alí uns instantes contemplando o longo cabelo da súa filla e, sen dúbida, oscilaba

entre as ideas que lle suxería a tenacidade do seu carácter e o desexo de bicar á súa filla. Moitas veces permanecía así, no banquiño de madeira podre onde Charles e Eugénie se xuraran amor eterno, mentres que ela observaba tamén ó seu pai ás escondidas ou a través do espello. Se el se levantaba e volvía pasear, ela sentaba compracentemente onda a ventá e púñase a examina-lo pano de parede das fendas do cal pendían as máis bonitas flores, cabeleiras de Venus, correolas e unha planta graxa, amarela ou branca, un *sedum*, moi abundante nas viñas de Saumur e de Tours.

Aquela era unha fermosa mañá de xuño. O notario Cruchot acudiu moi cedo e atopou ó vello viñateiro sentado no banquiño co lombo apoiado no muro medianeiro, entretido en observar á súa filla.

—¿En que o podo servir, señor Cruchot? —dixo ó ve-lo notario.

—Véñolle falar de negocios.

—¡Ah, ah!, ¿ten algo de ouro para darme por escudos?

—Non, non; non se trata de diñeiro senón da súa filla Eugénie. Todo o mundo fala dela e de vostede.

—¿Por que se meten onde non os chaman? Cada un é amo na súa casa.

—De acordo, cada un é dono de matarse tamén, ou o que é peor, de tirar cos cartos polas ventás.

—¿Que quere dicir con iso?

—Pois verá; a súa muller está moi enferma, amigo meu. Mesmo debería consultar co señor Bergerin, ela está en perigo de morte. Se chegase a morrer sen ser coidada como se debe, vostede non quedaría tranquilo, creo eu.

—¡Ta, ta, ta, ta!, ¡vostede sabe o que ten a miña muller! Eses médicos, unha vez que poñen o pé na casa dun, veñen cinco ou seis veces ó día.

—En fin, Grandet, faga como mellor lle pareza. Nós somos vellos amigos; non hai en todo Saumur un home que teña máis interese ca min por vostede; así que tiña que dicirlle isto. Agora, que pase o que teña que pasar, vostede é maior de idade, sabe o que ten que facer, vaia. Polo demais, isto non é o asunto que me trae. Trátase dunha cousa máis grave para vostede, quizá. Despois de todo, vostede non ten ganas de matar á súa muller, élle

demasiado útil. Pense na situación na que quedaría fronte á súa filla, se a señora Grandet morrese. Debería renderlle contas a Eugénie, porque vostede está en réxime de comunidade de bens coa muller. A súa filla estaría no dereito de reclamarlle a división da súa fortuna, de mandar vender Froidfond. En fin, ela herda de súa nai, de quen vostede non pode herdar.

Estas palabras caeron coma o raio sobre o bo home que non estaba tan informado en lexislación como podía estalo no comercio. Nunca pensara nunha licitación.

—Así que lle aconsello que a trate con dozura —dixo Cruchot, rematando.

—Pero, ¿sabe o que fixo, Cruchot?

—¿Que? —preguntou o notario, curioso por recibir unha confidencia do tío Grandet e coñece-la causa da querela.

—Regalou o seu ouro.

—E logo, ¿non era seu? —preguntou o notario.

—¡Todos me din o mesmo! —dixo o bo home, deixando cae-los brazos cun xesto tráxico.

—¿E vostede, por unha miseria —continuou Cruchot—, vaille poñer trabas ás concesións que lle terá que pedir á morte da súa nai?

—¡Ah! ¿Chámalle unha miseria a seis mil francos en ouro?

—¡Ai, vello amigo! ¿Sabe o que custarán o inventario e maila división da herdanza da súa muller se Eugénie o esixe?

—¿Canto?

—¡Dous... tres... catrocentos mil francos, quizá! ¿Non habería que licitar e vender para coñece-lo verdadeiro valor de todo?, mentres que entendéndose...

—¡Pola memoria do meu pai! —exclamou o viñateiro, que sentou palidecendo—, temos que ver iso, Cruchot.

Tras un momento de silencio ou de agonía, o bo home mirou para o notario dicindo:

—¡A vida é ben dura! Está chea de sufrimentos, Cruchot —proseguiu solemnemente—. ¿Non me enganará?, xúreme polo seu

honor, que iso que me conta ten fundamento en Dereito. ¡Móstrame o Código, quero ve-lo Código!

—Pobre amigo —respondeu o notario—, ¿non coñecerei eu o meu oficio?

—Logo é certo. Serei desposuído, traizoado, morto, devorado pola miña filla.

—É a herdeira da súa nai.

—¿Para que serven, logo, os fillos? ¡Ah!, á miña muller quéroa. Ela é forte, gracias a Deus. É unha La Bertellière.

—Non lle queda un mes de vida.

O toneleiro petou na fronte, andou dun lado a outro e dixo, botándolle unha ollada horrorosa a Cruchot:

—¿E que fago?

—Eugénie pode renunciar, pura e simplemente, á herdanza da súa nai. Vostede non quere desherdala, ¿non? Pero para obter un trato dese xénero, non a maltrate. O que eu lle digo, meu vello, vai contra os meus intereses. ¿A que me dedico eu?... a facer liquidacións, inventarios, vendas, repartos...

—Xa veremos, xa veremos. Non falemos máis diso, Cruchot. Revólveme as tripas. ¿Recibiu ouro?

—Non, pero teño algúns luíses antigos, unha decena, dareillos. Amigo meu, faga as paces con Eugénie. Mire, todo Saumur está contra vostede.

—¡Condenados!

—Veña, home, as rendas están a noventa e nove. Alégrese por unha vez na vida.

—¿A noventa e nove, Cruchot?

—Si.

—¡Ah, ah! ¡A noventa e nove! —dixo o bo home, acompañando ó vello notario ata a porta da rúa. Logo, demasiado axitado para permanecer inactivo despois do que acababa de oír, subiu onda a súa muller e díxolle:



—Veña, nai, podes pasa-lo día coa túa filla, vou para Froidfond. Sede boas, as dúas. Hoxe é o aniversario da nosa voda, muller: toma, aquí tes dez escudos para o teu altar do Corpus. Onde vai que queres facer un, ¡aproveita! Alegrádevos, pasádeo ben. ¡Viva a alegría!

Botou dez escudos de seis francos sobre a cama da súa muller e colleulle a cabeza para bicala na fronte.

—¡Ale, mulleriña!, xa vas mellor, ¿ou?

—¿Como pode pensar en recibir na súa casa ó Deus que perdoa tendo a súa filla exiliada do seu corazón? —dixo ela, con emoción.

—Ta, ta, ta, ta, ta —dixo o pai, pero con voz acariciadora— aínda veremos.

—¡Bendito sexa Deus!, ¡Eugénie —berrou a nai, poñéndose vermella de alegría—, ven bicar a teu pai, perdóache!

Pero o bo home xa desaparecera. Escapaba a todo correr, cara ás súas fincas tratando de poñer en orde as súas alteradas ideas. Grandet andaba entón polos sesenta e seis anos. Xa había dous que a súa avaricia se acrecentara como se acrecentan tódalas paixóns persistentes do home. Seguindo a mesma pauta de tódolos avaros, os ambiciosos e mailos que pasan a vida consagrados a unha idea dominante, o seu sentimento atárase especialmente a un símbolo da súa paixón. A contemplación, a posesión do ouro convertérase na súa monomanía. O seu espírito despótico medrara en proporción á súa avaricia e, abandona-la dirección da mínima parte dos seus bens á morte da súa muller, parecíalle algo *contra natura*. ¿Declararlle a súa fortuna á súa filla, inventaria-la universalidade dos seus bens mobles e inmobles para licitalos?...

—¡Sería como para esganarse! —dixo en alto no medio dunha viña, en tanto que examinaba as cepas.

Por fin, tomou unha decisión. Regresou a Saumur á hora da cea, resolto a dobregarse ante Eugénie, a mecala, a amansala, a fin de poder morrer coma un rei, levando ata o derradeiro suspiro as rendas dos seus millóns. Cando o bo home, que por un casual levara a súa chave, subía a escaleira silandeiro para ir onda a muller, Eugénie puxera sobre o leito da súa nai o fermoso neceser, e nai e filla, en ausencia de Grandet, entretíñanse en descubri-los trazos de Charles no retrato da súa nai.

—¡Son exactamente a mesma fronte e a mesma boca! —dicia

Eugénie no momento en que o viñateiro abriu a porta.

Ante a mirada que o seu home lle botou ó ouro, a señora Grandet exclamou:

—¡Meu Deus, tede piedade de nós!

O bo home saltou sobre o neceser coma un tigre sobre un neno durmido.

—¿Que é iso? —preguntou, collendo o estoxo e indo con el xunto á fiestra—. ¡Ouro do bo!, ¡ouro! —exclamou—. ¡Canto ouro!, debe pesar dúas libras. ¡Ah, xa, Charles cambiouche isto polas túas fermosas moedas! ¿Eh? ¿Por que non mo dixeches? Fixeches un bo negocio, filliña. Es unha Grandet, recoñézote.

Eugénie tremía coma unha vara verde.

—Isto é de Charles, ¿non é verdade? —preguntou o bo home.

—Si, pai, non é meu. Este estoxo é un depósito sagrado.

—¡Ta, ta, ta! El levou a túa fortuna, hai que restablece-lo teu pequeno tesouro.

—¡Pai!

O bo home quixo saca-la navalla para facer saltar unha placa de ouro e tivo que pousa-lo neceser nunha cadeira. Eugénie lanzouse a collelo; pero o toneleiro, que tiña os ollos postos á vez na súa filla e no cofre, estendeu un brazo con tal violencia para apartala, que Eugénie foi caer na cama da súa nai.

—¡Señor, señor! —berrou a nai sentándose no leito.

Grandet sacara a navalla e dispoñíase a arrinca-lo ouro.

—¡Pai —berrou Eugénie, caendo de xeonllos e avanzando así para chegar onda o bo home e alza-las mans cara a el—, ¡pai!, ¡por tódolos Santos, pola Virxe Santísima, por Cristo que morreu na cruz!, ¡pola súa salvación eterna!, ¡pai, polo que máis queira!, ¡non lle toque a iso! Ese neceser non é nin seu nin meu, é dun desgraciado parente que mo confiou e teño que devolverllo intacto.

—¿Por que o mirabas, se é un depósito? Mirar é peor ca tocar.

—¡Pai!, non o destrúa ou deshónrame. Pai ¿non me oe?

—¡Señor, por favor! —dixo a nai.

—¡Pai! —dixo Eugénie, dando un berro tan forte que Nanon, asustada, subiu.

Eugénie saltou cara a un coitelo que estaba ó seu alcance e armouse con el.

—¿Que? —dixo Grandet, sorrindo friamente.

—¡Señor, vostede asasíname! —dixo a nai.

—Pai, se a súa navalla raia o máis mínimo anaco dese ouro, eu crávome este coitelo. Xa puxo a miña nai mortalmente enferma, aínda ha matar á súa filla. ¿Que quere?, ¿unha ferida pola outra?

Grandet mantivo a navalla sobre o neceser e mirou á súa filla dubidando.

—¿Serías capaz, Eugénie? —preguntou.

—Sería, señor —dixo a nai.

—Hao facer como di —berrou Nanon—. Señor, sexa razoable por unha vez na vida.

O toneleiro mirou alternativamente ó ouro e á filla.

Á señora Grandet varréuselle o sentido.

—¡Mire, señor!, ¡a señora morre! —berrou Nanon.

—Toma, filla, non nos enfademos por un cofre. ¡Cólleo, logo! —exclamou vivamente o toneleiro, tirando o neceser sobre o leito—. Ti, Nanon, vai buscar ó señor Bergerin. Veña, nai —dixo, bicando a man da súa muller—, non é nada, ¡ale!: xa fixémo-las paces. ¿Non é verdade, filliña? Acabouse o pan duro, comerás todo o que queiras. ¡Ah!, xa abre os ollos. E ben, nai, mamáíña, naiciña, ¡veña! ¡Anda!, mira como lle dou un bico a Eugénie. Ela quere ó seu curmán, ha casar con el, se quere, gardaralle o pequeno cofre. Pero ti, vive moito tempo, miña pobriña. ¡Anda, móvete! Escoita, tera-lo altar máis bonito que nunca se teña feito en Saumur.

—¡Meu Deus!, ¿como pode tratar así á súa muller e á súa filla? —dixo a señora Grandet, con voz feble.

—Non o farei nunca máis, ¡nunca máis! —exclamou o toneleiro—.

Agora verás, mulleriña.

Foi ó seu gabinete e volveu cunha presa de luíses que estendeu polo leito.

—Toma, Eugénie, toma, muller, aí tedes, para vós –dicía axitando os luíses—. Veña, alégrate muller, ponte ben, non che faltará de nada e a Eugénie tampouco. Aquí tes cen luíses de ouro para ela. Estes non os regalarás, ¿eh, Eugénie?

A señora Grandet e maila súa filla miráronse pasmadas.

—Recóllaos, pai, nós só necesitámo-lo seu cariño.

—Ben, iso está ben –dixo el, metendo os luíses no peto—, vivamos coma bos amigos. Baixemos todos á sala para cear, xogar á lotería tódolos seráns a dous patacóns a partida. Habemos rir moito, ¿eh, muller?

—¡Ai!, ¡quen me dera!, xa que iso o comprace –dixo a moribunda—, pero non me podo erguer.

—¡Pobre nai! –dixo o toneleiro—. Ti non sabes canto te quero. ¡E a ti, miña filla!

Abrazouna e bicouna.

—¡Oh! ¡Que gusto abrazar a unha filla despois dun enfado!, ¡miña filliña! Mira, ves naiciña, agora estamos unidos. Vai, logo, gardar iso –díxolle a Eugénie, acenado para o cofre—. Vai, non temas nada. Nunca máis che hei falar del.

O señor Bergerin, o médico máis célebre de Saumur, chegou de seguida. Rematada a consulta, declaroulle a Grandet que, sen dúbida ningunha, a súa muller estaba moi grave, pero que con moita tranquilidade de espírito, un réxime suave e minuciosos coidados, a súa morte podería ser retardada ata a fin do outono.

—¿Custará moito? –preguntou o bo home—. ¿fan falta menciñas?

—Poucas menciñas, pero moitos coidados –respondeu o médico, que non puido evitar un sorriso.

—En fin, señor Bergerin –dixo Grandet—, vostede é un home de honor, ¿non é así? Fíome de vostede, veña ver á miña muller todas e cantas veces o xulgue conveniente. Consérveme a miña boa muller; quéroa moito, ¿non ve?, sen que o pareza, porque a min todo me anda por dentro e revólveme a alma. Estou

desgustado. Os desgustos empezaron coa morte do meu irmán, polo que ando a gastar en París, unhas sumas... en fin, ¡un ollo da cara! e nunca se acaba. Adeus, señor, se pode salvar á miña muller, sálvea, aínda que houbese que gastar cen ou douscentos francos.

Malia os ferventes desexos que Grandet expresaba pola saúde da súa muller, sendo que a súa sucesión aberta equivalía a unha primeira morte para el; malia a compracencia que manifestaba en toda ocasión polas mínimas vontades da nai e da filla, asombradas; malia os máis tenros coidados prodigados por Eugénie... a señora Grandet camiñou lixeira cara á morte. Cada día debilitábase un pouco máis e esmorecía como esmorecen a maioría das mulleres da súa idade, cando a enfermidade se apodera delas. Estaba transparente coma as follas das árbores no outono. Os raios do sol facíana resplandecer coma esas follas douradas que a luz atravesa. Foi unha morte digna da súa vida, unha morte moi cristiá ¿non é iso dicir sublime? Naquel mes de outubro de 1822, brillaron particularmente as súas virtudes, a súa paciencia anxelical e mailo amor pola súa filla; extinguiuse sen deixar escapa-la máis mínima queixa. Añó sen tacha, ía para o ceo e non lamentaba máis que deixar aquí a doce compañeira da súa fría vida á que as súas miradas parecían presaxiar mil males. Tremía por deixar aquela ovella, branca coma ela, soa nun mundo egoísta que lle quería arrinca-la súa pel de ouro.

—Miña nena —dixo antes de expirar—, non hai felicidade máis que no ceo, un día halo saber.

Ó día seguinte da súa morte, Eugénie atopou novos motivos para atarse a aquela casa onde nacera, onde sufrira tanto, onde súa nai acababa de morrer. Non podía contemplar-la ventá e a cadeira elevada da sala sen verter lágrimas. Pensou ter descoñecido a alma do seu vello pai ó verse obxecto dos máis tenros coidados del: ofrecíalle o brazo para baixar almorzar; mirábaa case con cariño durante horas enteiras; en fin, mecaba nela coma se fose de ouro.

O vello toneleiro parecíase tan pouco a si mesmo, tremía de tal modo ante a súa filla, que Nanon e os cruchotiños, testemuñas da súa fraqueza, atribuírona á súa avanzada idade e temeron un debilitamento das súas facultades mentais; pero o día en que a familia se puxo de loito, despois da cea á que foi convidado o notario Cruchot que era o único que coñecía o segredo do seu cliente, a conducta do bo home quedou perfectamente explicada.

—Querida filla —díxolle a Eugénie, cando a mesa estivo recollida e

as portas coidadosamente pechadas—, xa e-la herdeira da túa nai e temos uns asuntiños que arranxar entre os dous. ¿Non é, Cruchot?

—É.

—¿Cómpre ocuparse diso hoxe, pai?

—Si, si, filliña. Eu non podería seguir na incerteza na que me encontro. Non creo que ti queiras desgustarme.

—¡Oh, pai!

—Pois logo, hai que arranxar todo iso esta mesma noite.

—¿Que quere que faga?

—Pois, filliña, iso non é cousa miña. Explíquello vostede, señor Cruchot.

—Señorita, o señor seu pai non quería partir nin vende-los seus bens, nin pagar enormes dereitos polo diñeiro en metálico que poida posuír. Así que, para iso, habería que evitar face-lo inventario de toda a fortuna que hoxe se atopa indivisa entre vostede e o seu señor pai...

—Cruchot, ¿está ben seguro diso para falar así diante dunha nena?

—Déixeme falar, Grandet.

—Deixo, deixo, amigo meu. Nin vostede nin a miña filla me queren desvalixar. ¿Non é, filliña?

—Pero, señor Cruchot, ¿que teño que facer? —preguntou con impaciencia Eugénie.

—Pois ben —dixo o notario—, tería que asinar esta acta pola cal vostede renunciaría á herdanza da súa señora nai e deixaríalle ó seu pai o usufructo de tódolos bens indivisos entre vostedes dous, dos que el lle asegura a nuda propiedade...

—Non entendo nada de todo iso que me di —respondeu Eugénie—, déame a acta e ensíneme o sitio no que teño que asinar.

O tío Grandet ollaba alternativamente para a acta e para a súa filla sentindo tan violentas emocións que tivo que enxugar unhas pingas de suor que lle corrían pola fronte.

—Filliña —dixo—, en vez de asinar esta acta que custará moitos cartos rexistrar, eu prefería que renunciases pura e simplemente á sucesión da túa pobre nai, que en paz estea, e me deixases a min o control de todo, no futuro. Eu asignaríache unha boa renda de cen francos ó mes. ¿Ves?, poderás pagar tódalas misas que queiras por eses por quen as mandas dicir...¿eh? Cen francos ó mes, ¿en libras?

—Eu farei todo o que queira, pai...

—Señorita —dixo o notario—, é o meu deber facerlle observar que vostede queda despoxada...

—¡Ai, Deus! —dixo ela—, ¿e que me importa?

—¡Cala, Cruchot! Xa está todo falado —exclamou Grandet, collendo a man da filla e dándolle unhas palmadiñas—. Eugénie, non te volverás atrás, ti es unha rapaza de palabra, ¿verdade?

—¡A ver, pai!...

Bicouna con efusión, apertouna entre os brazos ata afogala.

—¡Ai, nena!, dáslle a vida a teu pai; pero devólveslle o que che deu: estamos en paz. Así é como se deben face-los negocios. A vida é un negocio. ¡Bendita sexas! Es unha filla virtuosa que lle quere ben ó seu papá. Agora fai o que queiras. Ata mañá, logo, Cruchot —dixo, mirando ó abraiado notario—. Mire de preparar ben a acta de renuncia na escribanía do xulgado.

Ó día seguinte, contra o medio día, asinouse a declaración pola que Eugénie perpetraba ela mesma a súa espoliación. Sen embargo, o vello toneleiro, malia a súa palabra, á fin do primeiro ano aínda non lle dera un céntimo dos cen francos por mes tan solemnemente prometidos á súa filla. Así que, cando Eugénie llo comentou rindo, non puido evitar poñerse colorado; subiu a escape ó gabinete, regresou e presentoulle ó redor da terceira parte das xoias que lle dera o seu sobriño.

—Toma, nena —dixo, cun ton cheo de ironía—, ¿queres isto polos teus mil douscentos francos?

—¡Oh, pai!, ¿de veras que mas dá?

—E dareiche outro tanto o próximo ano —dixo el, botándollas no mantelo—. Así, en pouco tempo terás tódalas *súas* chilindradas —engadiu, refregando as mans, feliz de poder especular cos sentimentos da filla.

Nembargantes, o ancián, se ben aínda rexo, sentiu a necesidade de iniciar á súa filla nos segredos da intendencia doméstica. Durante dous anos consecutivos fíxolle ordenar, en presenza súa, o menú cotián e cobrar-las rendas dos caseiros. Ensinoulle lentamente, un tras outro, os nomes, a superficie e maila capacidade de tódalas súas propiedades. Contra o terceiro ano, xa a acostumara tan ben a tódalas súas maneiras de avaro, tan ben as cambiara en hábitos para ela, que lle puido entregar sen temor as chaves da despensa e erixila en ama da casa.

Transcorreron cinco anos sen que ningún acontecemento marcasse a monótona existencia de Eugénie e do seu pai. Realizáronse constantemente os mesmos actos coa cronométrica regularidade do péndulo do vello reloxo. A profunda melancolía da señorita Grandet non era un segredo para ninguén; pero, se ben todos puideron presenti-la causa, xamais unha palabra pronunciada por ela xustificou as sospeitas que tódalas clases sociais de Saumur abrigaban sobre o estado do corazón da rica herdeira. A súa única compañía constituíana os tres Cruchot e algúns dos amigos que eles introduciran insensiblemente na vivenda. Ensináranlle a xogar ó *whist* e acudían tódolos seráns a bota-la partida.

No ano de 1827, seu pai, sentindo o peso dos achaques, viuse obrigado a iniciala nos segredos da súa fortuna territorial, e aconselláballe que, en caso de dificultades, acudira a Cruchot o notario, do que lle era coñecida a probidade. Despois, cara á fin daquel ano, o bo home, que xa andaba polos oitenta e dous, sufriu unha parálise que fixo rápidos progresos. Grandet foi desafiuzado polo señor Bergerin. Pensando que pronto se ía atopar soa no mundo, Eugénie estivo, por así dicir, máis cerca do seu pai e apertou máis fortemente aquel derradeiro anel de afecto. Como para tódalas mulleres cariñosas, para ela o amor era o mundo enteiro e Charles non estaba alí. Mostrouse sublime nos coidados e atencións polo seu vello pai, ó que lle empezaban a fraquea-las facultades, pero a súa avaricia mantíñase instintivamente. De modo que a morte daquel home non desentou coa vida que levara. Polas mañás, mandaba que o instalasen entre a cheminea do seu cuarto e a porta do gabinete, sen dúbida cheo de ouro. Permanecía alí, sen movemento, mirando ansioso, alternativamente, ós que o viñan ver e á porta forrada de ferro. Pedía explicacións sobre os máis mínimos ruídos que oía e, para grande asombro do notario, ata sentía o bocexo do can no patio. Espertaba do seu aparente estupor ó día e á hora exacta en que había que cobrar-los arrendos, facer contas cos caseiros, ou estender algúns recibos. Entón, axitábase na cadeira de rodas ata que se atopaba fronte á porta do gabinete.



Mandáballe abrir á filla e velaba por que ela mesma puxese, en segredo, as sacas de diñeiro unhas sobre as outras, ben colocadas, e que pechase a porta. Logo volvía ó seu sitio en silencio tan pronto como ela lle devolvía a preciosa chave, sempre gardada no peto do chaleco e que apalpaba de vez en cando.

Por outra banda, o seu vello amigo, o notario, comprendendo que a rica herdeira casaría necesariamente co seu sobriño o presidente, no caso de que Charles Grandet non retornase, duplicou os coidados e atencións: viña tódolos días poñerse ás ordes de Grandet, ía por encargo seu a Froidfond, ás terras, ós prados, ás viñas, vendía as colleitas e transmutaba todo en ouro e prata que se ía reunir secretamente ós sacos de diñeiro amontoados no gabinete.

Por fin chegaron os días da agonía, durante os cales a rexa armazón do bo home entrou en liza coa destrucción. Quixo ficar sentado onda o lume do seu cuarto, ante a porta do gabinete. Enrolábase nas mantas que lle botaban por riba e dicíalle a Nanon:

—Pecha, pecha ben, que non me rouben.

Cando conseguía abrir-los ollos, nos que toda a súa vida se refuxiara, dirixíaos inmediatamente cara á porta do gabinete onde xacían os seus tesouros, dicíndolle á súa filla:

—¿Están aí?, ¿están aí? —cun ton de voz que denotaba un medo cervical.

—Están, pai.

—¡Coida do ouro!, ponme ouro aquí diante de min.

Eugénie estendíalle uns luíses pola mesa, e el permanecía horas enteiras cos ollos fixos nos luíses coma un neno que, cando empeza a ver contempla embobado o mesmo obxecto; e, coma un neno, escapábaselle un penoso sorriso.

—¡Isto dáme calor! —dicía, por veces, deixando asomar unha expresión de beatitude.

Cando o cura da parroquia lle veu administra-los sacramentos, os seus ollos, mortos en aparencia dende había unha horas, reanimáronse á vista da cruz, dos candeeiros e da pía de prata que mirou con fixeza, e o seu lobiño axitouse por derradeira vez. No instante en que o sacerdote lle achegou ós beizos o crucifixo de prata sobredourada para que bicase a Cristo, fixo un

espantoso xesto para asilo e este derradeiro esforzo custoulle a vida, chamou por Eugénie, á que non vía aínda que estaba axeonllada diante del e bañaba coas súas bágoas unha man xa fría.

—¡Pai, bendígame...! —pediulle ela.

—Coida ben de todo. Hasme render contas aló enriba —dixo, probando con estas derradeiras palabras que o cristianismo debe se-la relixión dos avaros.

Eugénie Grandet atopouse, polo tanto, soa no mundo, naquela casa, sen ter a ninguén máis que a Nanon a quen mirar coa certeza de ser oída e comprendida. Nanon, o único ser que a quería por ela mesma e coa que podía falar das súas penas. A gran Nanon foi providencial para Eugénie. Xa non foi unha criada, senón unha humilde amiga.

Trala morte do pai, Eugénie soubo polo notario Cruchot, que posuía trescentas mil libras de renda en bens raíces no distrito de Saumur, seis millóns colocados ó tres por cento, a sesenta francos e que valían entón setenta e sete francos; máis dous millóns en ouro e cen mil francos en escudos, iso sen conta-los atrasos pendentes de cobro. A estimación total dos bens subía a dezasete millóns.

—¿E onde estará o meu curmán? —preguntábase.

O día que o notario Cruchot lle entregou á súa clienta o estado da herdanza, agora clara e nítida, Eugénie quedou soa con Nanon, sentadas unha e a outra a ámbolos lados da cheminea daquela sala tan baleira, onde todo eran lembranzas, dende a cadeira con tacos na que sentaba a súa nai ata o vaso no que bebera o seu curmán.

—Nanon, estamos soas.

—Si, señorita; e se eu soubese onde está el, ese santiño, iría polo meu pé buscalo.

—Hai un mar entre nós —dixo ela.

Mentres que a pobre herdeira choraba así na compañía da vella criada, naquela fría e escura casa que, para ela, compoñía todo o universo, desde Nantes a Orleáns só se falaba dos dezasete millóns da señorita Grandet. Un dos seus primeiros actos foi outorgarlle mil douscentos francos de renda vitalicia a Nanon que, posuíndo xa seiscentos francos, converteuse nun bonito partido.

En menos dun mes, pasou do estado de solteira ó de casada, baixo a protección de Antoine Cornoiller que foi nomeado garda xeral das terras e propiedades da señorita Grandet. A señora Cornoiller tiña unha considerable vantaxe sobre as súas contemporáneas. Aínda que xa tiña cincuenta e nove anos, non aparentaba máis de corenta. Os seus trazos ordinarios resistiran os ataques do tempo. Gracias ó réxime da súa vida monástica, desafiaba a vellez coa pel coloreada e unha saúde de ferro. Quizá nunca estivera tan ben coma o día da súa voda. Aproveitou as vantaxes da súa fealdade, apareceu grande, grosa e forte, cun indestructible aire de felicidade que lles fixo a moitas persoas envexa-la sorte de Cornoiller.

—¡Que boas cores ten! —dicía o comerciante en panos.

—É capaz de ter fillos —dixo o comerciante de sal—; está conservada en salmoira, con perdón.

—É rica, e ese rapaz, o Cornoiller, deu un bo golpe —dicía outro veciño.

Ó saír da vella vivenda, Nanon, que era querida por toda a veciñanza, só recibiu cumpridos segundo baixaba a rúa tortuosa para acudir á parroquia. Como presente de voda, Eugénie deulle tres ducias de cubertos. Cornoiller, sorprendido por tanta magnificencia, falaba da súa ama con lágrimas nos ollos: deixaríase facer picado por ela.

Transformarse en muller de confianza de Eugénie, causoulle, de alí en diante, á señora Cornoiller unha felicidade igual cá de ter un marido. Por fin, tiña unha despensa que abrir e pechar, unhas provisións que distribuír ás mañás, como facía o seu defunto amo. Ademais tivo que gobernar a dúas criadas, unha cociñeira e unha doncela encargada de menda-la roupa branca da casa e de confecciona-los vestidos da señorita. Cornoiller acumulou as funcións de garda e de administrador. É inútil dicir que a cociñeira e maila doncela escollidas por Nanon eran verdadeiras *perlas*. A señorita Grandet dispuxo, así, de catro serventes dunha abnegación sen límites. Os caseiros non notaron a morte do bo home, pois aquel establecera severamente os usos e costumes da súa administración, que foi escrupulosamente continuada polo señor e a señora Cornoiller.

Con trinta anos, Eugénie aínda non coñecía ningún dos praceres da vida. A súa pálida e triste infancia transcorrera a carón dunha nai cun corazón descoñecido e atropelado que sempre sufrira. Ó abandonar con alegría a existencia, esa nai apiadouse da súa filla

por ter que seguir vivindo e deixoulle na alma lixeiros remordementos e eterno pesar. O primeiro, o único amor de Eugénie, era para ela un manancial de melancolía. Entrevira ó amado só algúns días, déralle o corazón entre dous bicos furtivamente dados e recibidos; logo, el partira, poñendo todo un mundo entre os dous. Ese amor, maldicado polo seu pai, case lle custara a vida á súa nai e non lle causaba máis que dores mesturadas con leves esperanzas. Así que, ata alí, só se lanzara cara á felicidade perdendo as súas forzas, sen recibir nada a cambio. Na vida moral, coma na física, existe unha aspiración e unha expiración: a alma necesita absorbe-los sentimentos doutra alma, asimíalos para restituírllos máis ricos. Sen este marabilloso fenómeno humano, non hai vida no corazón: fáltalle o aire, sofre e perece. Eugénie comezaba a sufrir. Para ela, a fortuna non era nin un poder nin un consolo; ela non podía existir máis que para o amor, para a relixión, para a súa fe no futuro. O amor explicáballe a eternidade. O seu corazón e o Evanxeo sinalábanlle dous mundos a esperar. Día e noite sumíase no seo de dous pensamentos infinitos que, se cadra, para ela, non constituían máis que un só. Illábase en si mesma, amando e crendo ser amada. En sete anos, a súa paixón invadíraa toda. Os seus tesouros non eran os millóns dos que se amonaban as rendas, senón o cofre de Charles, os dous retratos colgados onda o seu leito, as xoias rescatadas ó seu pai, despregadas orgullosamente nun caixón do baúl forrado de veludo. A alferga da súa tía, que usara a súa nai e que, tódolos días, collía relixiosamente para traballar nun bordado, obra de Penélope, empezada só por poder poñer no dedo aquel ouro cheo de recordos.

Non parecía verosímil que a señorita Grandet quixese casar mentres durase o seu loito. Coñecíase a súa piedade verdadeira. Así que, a familia Cruchot, cunha política que era sabiamente dirixida polo vello abade, contentouse con cerca-la herdeira rodeándoa das máis afectuosas atencións. A súa sala enchíase tódalas tardes cunha sociedade composta polos máis entusiastas e devotos cruchotiños da comarca, que se esforzaban por cantalas loanzas da ama da casa en tódolos tons. Tiña alí o seu médico ordinario de cámara, o seu capelán, a súa primeira dama, o seu primeiro ministro, o seu chanceler sobre todo, un chanceler que falaba sempre. Se a herdeira desexase un encargado de levarlle a cola, teríalle atopado un. Era unha raíña, a máis habilmente adulada de tódalas raíñas. A adulación non emana nunca das grandes almas, é atributo dos espíritos mesquiños, que logran empequenecerse aínda máis para entrar mellor na esfera vital da persoa arredor da cal gravitan. A adulación comporta un interese. As persoas que viñan tódalas tardes ocupa-la sala da señorita

Grandet, á que chamaban señorita de Froidfond, conseguían abafala de gabanzas.

Aquel concerto de eloxios, novidade para Eugénie, ó primeiro facíaa ruborizarse; pero pouco a pouco e, por moi comúns que fosen, o seu oído acostumouse tanto a oír gaba-la súa beleza que, se algún acabado de chegar a atopase fea, o reproche había sorprendela entón moito máis que oito anos antes. Máis tarde, acabou por apreciar aquelas loanzas que ela poñía secretamente ós pés do seu ídolo. Gradualmente foise habituando a deixarse tratar coma unha soberana e a ve-la súa corte moi concorrida tódalas tardes. O señor presidente de Bonfons era o heroe daquel pequeno círculo, onde non se cesaba de chufa-la súa intelixencia, a súa persoa, a súa instrucción e a súa amabilidade.

Un facía observar que, dende había sete anos, aumentara en moito a súa fortuna; que a propiedade de Bonfons producía, polo menos, dez mil francos de renda e que se atopaba enclavada, como tódolos bens dos Cruchot, nos vastos dominios da herdeira.

—¿Sabía vostede, señorita —dicía un dos visitantes habituais—, que os Cruchot teñen, entre todos, corenta mil libras de renda?

—E mailos os seus aforros —continuaba unha vella cruchotiña, a señorita de Gribeaucourt—. Un señor de París veu recentemente ofrecerlle ó señor Cruchot douscentos mil francos pola súa notaría. Terá que vendela se o nomean xuíz de paz.

—Quere suceder ó señor de Bonfons na presidencia do tribunal e vaise preparando —continuou a señora d'Orsonval—, porque o señor presidente chegará a conselleiro e despois a presidente do Tribunal, sóbránlle medios para chegar aló.

—Si, é un home moi distinguido —dicía outro—. ¿Non llo parece, señorita?

O señor presidente tratara de poñerse en harmonía co papel que quería xogar. Malia os seus corenta anos, malia a súa cara morena e avinagrada, murcha coma case tódalas fisionomías xudiciais, vestía con estilo xuvenil, manexaba habilmente a súa cana de xunco, non aspiraba rapé na casa da señorita de Froidfond, chegaba sempre de gravata branca e cunha camisa de encaixes historiados que lle daban un aire de familia cos individuos do xénero pavo. Trataba con familiaridade á bela herdeira e chamáballe "A nosa querida Eugénie".

En fin que, fóra do número dos personaxes, mudando a lotería

polo *whist* e suprimindo as figuras do señor e a señora Grandet, a escena coa que comeza esta historia era, máis ou menos, a mesma que no pasado. A manda seguía perseguindo a Eugénie e os seus millóns; pero aquela recua, agora máis numerosa, ladraba mellor e pendía sobre a súa presa con afán.

Se de pronto chegase Charles do cabo das Indias, atoparía os mesmos personaxes e os mesmos intereses. A señora des Grassins, que Eugénie trataba con moita gracia e bondade, persistía en atormentar ós Cruchot. Pero agora, coma antano, a figura de Eugénie dominaría o cadro: como antano sería Charles alí o soberano.

Nembargantes, houbera un progreso. O ramo co que noutrora o presidente agasallaba a Eugénie nos días do seu aniversario fixérase periódico. Tódolos días lle traía á rica herdeira un ramo enorme de magníficas flores que a señora Cornoiller poñía ostensiblemente nun floreiro e tiraba secretamente nun recanto do patio en canto os visitantes marchaban.

Ó comezo da primavera, a señora des Grassins intentou apaga-o entusiasmo dos cruchotiños falándolle a Eugénie do marqués de Froidfond, coa casa arruinada que se podería levantar se a herdeira quixese devolverlle a súa terra mediante un contrato de matrimonio. A señora des Grassins pregoaba a condición de par, o título de marquesa e, tomando o sorriso desdeñoso de Eugénie por unha aprobación, ía dicindo que o casamento do señor presidente Cruchot non estaba tan adiantado como se cría.

—Por máis que o señor de Froidfond teña cincuenta anos —dicía—, non parece máis vello có señor Cruchot; é viúvo e ten fillos, certo; pero é marqués, será par de Francia e, cos tempos que corren, a ver onde se atopan partidos desa categoría. Eu sei, a ciencia certa, que o tío Grandet cando xuntou tódolos seus bens á terra de Froidfond, tiña a intención de entroncar cos Froidfond. Díxomo moitas veces. Era listo, o bo home.

—¿Como pode ser —dixo unha noite Eugénie ó deitarse— que non me escribise unha soa vez en sete anos, Nanon...?

Mentres todo isto acontecía en Saumur, Charles facía fortuna nas Indias. A súa mercadoría de pacotilla vendérase desde o principio moi ben. Axiña conseguira gana-la suma de seis mil dólares. O paso da liña do ecuador fíxolle perder moitos prexuízos; decatouse de que o mellor xeito de facer fortuna, nas rexións tropicais igual ca en Europa, era a compravenda de homes. De maneira que foi ás costas de África e dedicouse ó comercio de

negros, unindo ó seu comercio de homes o das máis vantaxosas mercadorías coas que se podía comerciar nos diversos mercados ós que o levaban os seus intereses. Despregaba nos negocios unha actividade que non lle deixaba un momento libre.

Estaba dominado pola idea de reaparecer en París con todo o esplendor dunha gran fortuna e de recuperar unha posición máis brillante aínda ca aquela da que caera. Á forza de andar ás voltas con diferentes homes e países e de observa-los seus costumes tan contradictorios, as súas ideas modificáronse, tornouse escéptico. Xa non tivo nocións fixas sobre o xusto e o inxusto, vendo cualificar de crime nun país o que era virtude noutro. No contacto perpetuo cos intereses, o seu corazón arrefriou, encolleuse e secou.

O sangue dos Grandet non faltou á cita. Charles fíxose duro, ávido de ganancias. Vendeu chineses, negros, niños de andoriñas, nenos, artistas; dedicouse á usura en grande escala. O costume de defrauda-los dereitos de aduana volveuno menos escrupuloso cos dereitos humanos. Entón ía a San Tomé comprar a vil prezo mercadorías roubadas polos piratas, e levábaas ás prazas onde escaseaban.

Se, na súa primeira viaxe, a nobre e pura figura de Eugénie o acompañou, coma esa imaxe da Virxe que os mariñeiros españois levan a bordo dos seus navíos, e se ben atribuíu os seus primeiros éxitos á máxica influencia dos votos e das pregarías daquela doce moza, máis tarde, as negras, as mulatas, as brancas, as xavanesas, as exipcias, aventuras e orxías de tódalas cores en diversos países, borraron completamente a lembranza da súa curmá, de Saumur, da casona, do banco, do bico roubado no corredor. Só se lembraba do pequeno xardín enmarcado por vellos muros, porque alí comezara o seu azaroso destino; pero renegaba da súa familia: seu tío era un can vello que lle estafara as xoias; Eugénie non ocupaba nin o seu corazón nin os seus pensamentos, ocupaba un lugar nos seus negocios como acreedora dunha suma de seis mil francos. Esa conducta e as súas ideas explican o silencio de Charles Grandet. Nas Indias, en San Tomé, nas costas de África, en Lisboa e nos Estados Unidos, o especulador adoptara, para non compromete-lo seu apelido, o pseudónimo de Sepherd. Carl Sepherd podía sen perigo mostrarse infatigable por todas partes, audaz, cobizoso, como home que, resolto a facer fortuna *quibuscumque viis*, ten présa por acabar coa infamia para ser logo un home honrado o resto dos seus días. Con ese sistema, a súa fortuna foi rápida e brillante.

En 1827 regresou a Bordeos, a bordo do *Marie-Caroline*, bonito veleiro pertencente a unha casa de comercio monárquica. Traía un millón novecentos mil francos en tres barrís de ouro en po, perfectamente selados, dos que contaba saca-lo sete ou oito por cento de ganancia ó vendelos en París. No navío viaxaba igualmente un xentilhome de cámara da S. M. o rei Carlos X, o señor d'Aubrion, un amable vello que cometera a loucura de casar cunha muller moi á moda, e a fortuna da cal estaba nas Illas. Para repara-las prodigalidades da señora d'Aubrion, fora vende-las súas propiedades. Os señores d'Aubrion, da casa d'Aubrion de Buch, da que morrera o último Xefe antes de 1789, reducidos a vivir cunhas vinte mil libras de renda, tiñan unha filla bastante fea que a nai quería casar sen dote, sendo a súa fortuna a penas suficiente para vivir en París. Era esta unha empresa que parecía de éxito problemático a tódalas xentes de mundo, malia a habilidade atribuída ás mulleres á moda. Así que, a mesma señora d'Aubrion, vendo a súa filla, case desesperaba de facerlle cargar con ela a quen fose, mesmo a algún home ansioso de títulos nobiliarios.

A señorita d'Aubrion era unha damiña longa coma o insecto seu homónimo en francés; fraca, delicada, de boca desdeñosa sobre a que descendía un nariz demasiado longo, de punta grosa e amarelenta en estado normal, pero completamente vermella despois de comer, especie de fenómeno vexetal, máis desagradable naquela cara pálida e aburrída que en ningunha outra. En fin, era tal e como a podía desexar unha nai de trinta e oito anos que, fermosa aínda, aínda tiña pretensións. Pero, para contrarrestar tales desvantaxes, a marquesa d'Aubrion déralle á súa filla un aire moi distinguido, sometéaa a unha hixiene que mantiña provisionalmente o nariz cun ton carnal razoable, aprendéralle a arte de vestir con gusto, dotáaa de modais elegantes, ensinálle a botar esas miradas melancólicas que fan que un home se interese e crea que atopou o anxo tan en van buscado; ensinálle esa manobra do pé que consiste en adiantalo a propósito para facer admira-la súa pequenez, no momento en que o nariz cometía a impertinencia de subir de cor; en fin, sacara da súa filla un partido moi satisfactorio. Por medio de anchas mangas, corpiños enganosos, vestidos con moitos voos, coidadosamente provistos de corsés a alta presión, obtivera uns produtos femininos tan curiosos que debería depositalos nun museo para instrucción das nais.

Charles anoou unha estreita amizade coa señora d'Aubrion, que era precisamente o que ela quería. Varias persoas pretenden mesmo que, durante a travesía, a bela señora d'Aubrion non desperdiçou ningún medio para capturar un xenro tan rico. Ó



desembarcar en Bordeos, no mes de xuño de 1827, o señor, a señora, a señorita d'Aubrion e Charles aloxáronse xuntos no mesmo hotel e marcharon xuntos para París. A casa d'Aubrion estaba cribada de hipotecas, Charles íaa liberar. A nai xa falara do pracer que tería en cede-la planta baixa ó seu xenro e á súa filla. Non compartindo os prexuízos do señor d'Aubrion sobre a nobreza, ela prometéralle a Charles Grandet conseguir do bo Carlos X unha orde real que o había autorizar, a el, Grandet, a leva-lo apelido d'Aubrion, a adopta-lo seu escudo de armas, mediante a constitución dun morgado de trinta e seis mil libras de renda a favor de d'Aubrion, e a herda-lo título de Xefe da casa de Buch e o marquesado. Xuntando as súas fortunas, vivindo en bo entendemento e mediante algunhas sinecuras, poderíanse reunir cento e pico mil libras de renda no palacio d'Aubrion.

—E cando se teñen cen mil libras de renda, un nome, unha familia, e se frecuenta a corte real, pois eu fareino nomear xentilhome de cámara, chégase axiña a onde se quere —dicíalle ela a Charles—. Así que vostede será, á súa elección, relator do Consello de Estado, prefecto, secretario de embaixada ou embaixador. Carlos X quere moito a d'Aubrion, coñécense desde a infancia.

Embriagado de ambición por aquela muller, Charles acariciara, durante a travesía, todas esas esperanzas que lle foron presentadas por unha man hábil e a modo de confidencias vertidas de corazón a corazón. Pensando que o seu tío xa tería arranxado os asuntos do seu pai, xa se vía ancorado de golpe no *faubourg* Saint-Germain, onde todo o mundo quería entrar daquela e onde, á sombra do nariz azulado da señorita Mathilde, reaparecía como conde d'Aubrion, como os Dreux reapareceron un día en Brézé. Cegado pola prosperidade da Restauración, que el deixara aínda cambaleando, impresionado polo brillo das ideas aristocráticas, a embriaguez que o invadira no barco, mantívose en París onde resolveu facer todo por uparse á alta posición que a súa egoísta sogra lle deixaba entrever.

A súa curmá non era xa para el máis que un punto no espacio desa brillante perspectiva.

Volveu ver a Annette. Esta, como muller de mundo, aconselloulle vivamente ó seu antigo amigo que contraese esa alianza e prometeulle o seu apoio en todas aquelas ambiciosas empresas. Annette estaba encantada de que Charles casase cunha muller fea e aburrída. A estancia nas Indias volvérao moi seductor: o seu cute estaba bronceado, a súa actitude era agora decidida e atrevida, a actitude dun home habituado a dominar, resolver e

conseguiu todo. Charles respirou de satisfacción en París, vendo que podía xogar un papel importante.

Des Grassins, informado do seu retorno, do seu próximo casamento e da súa fortuna, foino ver para falarlle dos trescentos mil francos mediante os que podía liquidar as débedas do seu pai. Atopou a Charles en conferencia co xoieiro ó que lle encargara as xoias para o regalo de voda da señorita d'Aubrion e que lle mostraba os deseños. Malia os magníficos diamantes que Charles trouxera das Indias, os deseños, a prata, as xoias aparatosas e as máis pequenas da nova parella aínda subían a máis de douscentos mil francos. Charles recibiu a des Grassins, a quen non recoñeceu, coa impertinencia dun mozo elegante que, nas Indias matara en duelo a catro homes. O señor des Grassins xa fora alí tres veces, Charles escoitouno con frialdade; despois respondeulle, sen telo comprendido ben:

—Os asuntos do meu pai non son os meus. Quédolle moi obrigado, cabaleiro, polo interese que tomou por min, pero que eu non sei en que me podería beneficiar. Non reunín preto de dous millóns coa suor da miña fronte para írrellos tirar ós pés dos acredores do meu pai.

—¿E se o seu señor pai, de aquí a pouco é declarado en quebra?

—Cabaleiro, de aquí a pouco eu chamareime conde d'Aubrion. Ben comprenderá que iso éme completamente indiferente. Ademais, vostede sabe mellor ca min que, cando un home ten cen mil libras de renda, seu pai nunca quebrou –engadiu, empuxando amablemente ó señor des Grassins cara á porta.

Nos principios do mes de agosto dese mesmo ano, Eugénie estaba sentada no pequeno banco de madeira onde seu curmán lle xurara amor eterno e onde adoitaba almorzar cando ía bo tempo. Era unha fermosa mañá fresca e alegre, e a pobre moza compraciábase en repasar na súa memoria os grandes e os pequenos acontecementos do seu amor e as catástrofes polas que fora seguido. O sol iluminaba o bonito pano de muro cheo de fendas, case en ruínas, que a soñadora herdeira prohibira tocar, aínda que Cornoiller lle repetía a miúdo á súa muller que calquera día lles ía caer enriba. Nese momento o carteiro petou á porta, entregoulle unha carta á señora Cornoiller que foi ó xardín berrando:

—¡Señorita!, ¡unha carta!

Deulla á ama dicindo:

—¿É a que vostede espera?

Estas palabras resoaron tan fortemente no corazón de Eugénie como resoaron realmente entre as murallas do patio e o xardín.

—¡París! ¡É del! Regresou.

Eugénie palideceu e mirou a carta durante un momento. O seu corazón palpitaba demasiado violentamente para permitirlle abrila e lela. A gran Nanon ficou alí de pé coas mans nas cadeiras, e a ledicia parecía escapar coma fume polas fendas da súa cara morena.

—¡Lea, dunha vez, señorita...!

—¡Ah, Nanon!... ¿Por que regresa por París se marchou por Saumur?

—Lea e saberao.

—Eugénie abriu a carta tremendo. Caeu dela un xiro contra a casa *Señora des Grassins e Corret* de Saumur. Nanon recolleuno.

*Miña querida curmá...*

"Xa non son Eugénie", pensou. E oprimíuselle o corazón

*Vostede...*

"¡Antes atuábame!"

Cruzou os brazos, xa non se atrevía a le-la carta, e enchéronse os ollos de grosas lágrimas.

—¿Morreu? —preguntou Nanon.

—Entón non escribiría —respondeu Eugénie.

E leu a carta que segue:

*Miña querida curmá:*

*Saberá, supoño que con pracer, os éxitos das miñas empresas. Vostede deume sorte, retornei rico e seguín os consellos do tío, da morte do cal e mais da da tía acaba de informarme o señor des Grassins. A morte dos pais é lei de vida, e nos débémolos suceder. Espero que hoxe xa se consolase. Nada resiste ó tempo, eu nótoo. Si, querida curmá, desgraciadamente para min, o momento das ilusións pasou. ¡Que lle quere! Viaxando por*

*innumerables países reflexionei sobre a vida. Cando marchei era un neno, agora volvo convertido en home. Hoxe penso en moitas cousas nas que non pensaba antes. Vostede está libre, curmá, eu tamén o estou aínda; nada impide, en aparencia, a realización dos nosos pequenos proxectos; pero eu teño demasiada lealdade de carácter para ocultarlle a situación dos meus asuntos. Non esquecín que non me pertenzo; sempre me lembrei, nas miñas longas travesías, do pequeno banco de madeira...*

Eugénie levantouse coma se estivese sobre carbóns ardentes e foi sentar nun dos chanzos do patio.

*...do pequeno banco de madeira no que nos xuramos amarnos sempre, do corredor, da sala gris, do meu cuarto na bufarda e da noite en que me fixo, coa súa delicada bondade, o futuro máis doado. Si, esas lembranzas déronme valor e pensei que vostede pensaba sempre en min como eu pensaba en vostede, á hora convida entre nós. ¿Mirou para as nubes ás dez? Si, ¿verdade? Así que non quero traizoar unha amizade sagrada para min; non, non a debo enganar. Neste momento, teño en proxecto unha alianza que satisface tódalas ideas que teño sobre o matrimonio. O amor no matrimonio é unha quimera. Hoxe, a experiencia dime que cómpre obedecer a tódalas leis sociais e respectar tódalas convencións establecidas polo mundo con respecto ó matrimonio. Agora ben, xa hai entre nós unha diferenza de idade que, quizá, influiría máis no seu porvir, querida curmá, que no meu. Non lle falarei nin dos seus costumes, nin da súa educación, nin dos seus hábitos que non están en absoluto en consonancia coa vida de París e que, sen dúbida, non cadrarían cos meus proxectos ulteriores. Entra nos meus planos ter unha casa luxosa, recibir a moita xente, e creo recordar que a vostede lle gustaba a vida sinxela e tranquila. Serei máis franco, quéroa facer árbitro da miña situación; correspóndelle coñecela e ten dereito a xulgala. Hoxe en día posúo oitenta mil libras de renda. Esta fortuna permíteme unir-me á familia d'Aubrion, a herdeira da cal, unha moza de dezanove anos, achégame en matrimonio o seu apelido, un título, a praza de xentilhome de cámara honorario da Súa Maxestade e unha posición do máis brillante. Confesareille, querida curmá, que non sinto amor ningún pola señorita d'Aubrion pero, coa súa alianza, asegúrolle ós meus fillos unha situación social con avantaxes serán un día incalculables: as ideas monárquicas recobran importancia día a día. Dentro dalgúns anos, o meu fillo, xa marqués d'Aubrion, cun morgado de corenta mil libras de renda, poderá desempeñar no Estado o cargo que máis lle conveña. Nós debémonos ós nosos fillos. Vexa, curmá, con que boa fe lle expoño o estado do meu corazón, das miñas esperanzas e da miña fortuna. É posible que, pola súa banda,*

*esquecese os nosos infantilismos despois de sete anos de ausencia; pero eu nunca dei a esquecemento nin a súa indulxencia nin as miñas palabras; lémbroas todas, mesmo as máis lixeiramente pronunciadas e nas que un mozo de menos conciencia ca min, cun corazón menos novo e menos honrado, nin sequera pensaría. Dicirille que só penso en facer un casamento de conveniencia e que aínda me lembro dos nosos amores de infancia, ¿non é quedar enteiramente a mercé da súa discreción, facela dona da miña sorte e dicirille que se tivese que renunciar ás miñas ambicións sociais, contentaríame gustoso con esa sinxela e pura felicidade da que vostede me ofreceu tan conmovedoras imaxes?...*

—Tan, ta, ta. - Tan, ta, ti. - Tin, ta, ta. - ¡Tun! - Tun, ta, ti. - Tin, ta, ta...,etc. - cantou Charles Grandet coa música de *Non piú andrai*, mentres asinaba:

*O seu afectísimo curmán,*

"Charles."

"¡Raios! Esto chámase sutileza", pensou. Foi buscar o xiro e logo engadiu:

*P.S. Axúntolle un xiro contra a casa des Grassins, por oito mil francos, pagadoiro en ouro á súa orde, comprendendo os intereses e o capital, pola suma que tivo a bondade de prestarme. Espero de Bordeos unha caixa na que se encontran algúns obxectos que me permitirá que lle ofrezca en testemuño do meu eterno agradecemento. Pode mandar pola dilixencia o meu neceser ó palacio d'Aubrion, rúa Hillerin-Bertin.*

—¡Pola dilixencia! —dixo Eugénie—. ¡Unha cousa pola que eu daría mil veces a miña vida!

Espantoso e completo desastre. O navío afundíase sen deixar nin unha corda, nin unha táboa no vasto océano das esperanzas. Ó vérense abandonadas, algunhas mulleres van arrinca-lo seu amante dos brazos dunha rival, mátana e foxen ó cabo do mundo, ó cadafalso ou á tumba. Iso é, sen dúbida, fermoso; o móbil dese crime é unha sublime paixón que impón á Xustiza Humana. Outras mulleres baixan a cabeza e sofren en silencio; van morrendo, resignadas, chorando e perdoando, rezando e recordando ata o derradeiro suspiro. Ese é o grande amor, o amor verdadeiro, o amor dos anxos, o amor orgulloso que vive da súa dor e que morre por ela. Este foi o sentimento de Eugénie despois de ler aquela horrible carta. Mirou ó ceo, pensando nas

derradeiras palabras da súa nai, quen, como moitos agonizantes, proxectara sobre o futuro unha mirada penetrante e lúcida; despois, Eugénie, lembrando aquela morte e aquela visión profética, mediu cunha ollada todo o seu destino. Xa non tiña máis que desprega-las alas, dirixirse ó ceo e vivir de rezos ata o día da súa liberación.

—Miña nai tiña razón —dixo, chorando—. Sufrir e morrer.

Foi lentamente do xardín á sala. Contra o seu costume, xa non pasou polo corredor; pero seguiu atopando o recordo do seu curmán naquel vello salón gris, sobre a cheminea do cal había un certo pratiño que utilizaba tódalas mañás no almorzo así coma o vello azucreiro de Sèvres. Aquela mañá ía ser solemne e chea de acontecementos para ela. Nanon anuncioulle o párroco. Aquel sacerdote, parente dos Cruchot, velaba polos intereses do presidente de Bonfons. Dende había uns días, o vello abade determináralo a falarlle á señorita Grandet, nun senso puramente relixioso, da obriga na que se achaba de contraer matrimonio. Ó ver ó seu pastor, Eugénie creu que viña recolle-los mil francos que lle daba mensualmente para os pobres e díxolle a Nanon que os fose buscar; pero o cura sorriu.

—Hoxe, señorita, véñolle falar duna pobre moza pola que toda a vila de Saumur se interesa e que, falta de caridade para si mesma, non vive cristianamente.

—¡Meu Deus!, señor cura, encóntrame nun momento en que me é imposible pensar no meu próximo, tan ocupada estou comigo mesma. Son moi desgraciada, non teño outro refuxio cá Igrexa; o seu seo é grande abondo para conter tódalas nosas dores, e os seus sentimentos son abondo fecundos para que poidamos sacar consolo deles sen medo de que se esgoten.

—Pois ben, señorita, ocupándonos desa moza ocuparémonos de vostede. Escoite. Se quere a súa salvación, non ten máis que dous camiños para seguir: ou abandona-lo mundo ou segui-las súas leis. Obedecer ó seu destino terrestre ou ó seu destino celeste.

—¡Ah!, fálame no momento en que quería oír unha voz. Si, ¡Deus diríxeo aquí, padre! Voulle dicir adeus ó mundo e vivir só para Deus no silencio e no retiro.

—É necesario, miña filla, reflexionar longo tempo sobre esa impulsiva decisión. O matrimonio é unha vida, o veo é unha morte.

—¡Pois ben!, ¡a morte!, ¡a morte axiña!, señor cura —dixo ela, con espantosa viveza.

—¡A morte! Pero vostede ten grandes obrigacións que cumprir coa sociedade, señorita. ¿Acaso non é a nai dos pobres ós que lles dá roupa, leña para o inverno e traballo no verán? A súa gran fortuna é un préstamo que hai que devolver, e vostede aceptouno así santamente. Enterrarse nun convento sería egoísmo; en canto a permanecer solteira, non debe facelo. En primeiro lugar ¿podería administrar soa a súa inmensa fortuna?, perderíaa, quizás. Pronto tería mil procesos e perderíase en inextricables dificultades. Crea ó seu pastor: un esposo élle útil, debe vostede conserva-lo que Deus lle deu. Fálolle como a unha ovella predilecta. Vostede ama demasiado sinceramente a Deus como para non gana-la súa salvación neste mundo, do que é vostede un dos máis fermosos adornos e ó que dá santo exemplo.

Nese momento, foi anunciada a señora des Grassins. Viña impulsada pola vinganza e por unha gran desesperación.

—Señorita —dixo—. ¡Ah!, velaquí o señor cura. Calo, víñalle falar de negocios e vexo que están vostedes en gran conferencia.

—Señora —dixo o cura—, déixolle o campo libre.

—¡Oh, señor cura! —dixo Eugénie—, volva dentro duns instantes, o seu apoio éme moi necesario neste momento.

—Si, pobre filla —dixo a señora des Grassins.

—¿Que quere dicir vostede? —preguntaron a señorita Grandet e o cura.

—Pois, ¿non acabo de coñece-lo retorno do seu curmán e a súa voda coa señorita d'Aubrion?... Unha muller nunca debe leva-la intelixencia no peto.

Eugénie ruborizouse e permaneceu muda; pero tomou a decisión de adoptar no futuro o continente impasible que soubera adoptar o seu pai.

—Pois ben, señora —respondeu Eugénie, con ironía—, eu debo te-la intelixencia no peto, non a entendo. Fale, fale diante do señor cura, xa sabe que é o meu director espiritual.

—Pois vexa, señorita, o que des Grassins me escribe. Lea.

Eugénie leu a carta que segue:

Querida muller:

*Charles Grandet chega das Indias, hai un mes que está en París...*

"¡Un mes!", pensou Eugénie, deixando cae-la man.

Tras unha pausa, continuou lendo.

*...Tiven que facer dúas veces antesala antes de poder falar con ese futuro conde d'Aubrion. Aínda que todo París fala do seu casamento e que tódalas amoestacións están publicadas...*

"Logo escribume no momento en que...", pensou Eugénie.

Non rematou, non exclamou como unha parisiense: "¡Que desvergoñado!" Pero non por deixar de expresarse o seu desprezo foi menos completo.

*... Esta voda está lonxe de realizarse: o marqués d'Aubrion non lle dará a súa filla ó fillo dun home que fixo bancarrota. Eu funlle dar conta dos coidados que o seu tío e máis eu lle prestamos ós asuntos do seu pai e das hábiles manobras coas que soubemos mante-los acredores tranquilos ata hoxe. Ese pequeno impertinente, ¿non tivo a desvergonza de responderme, a min, que durante cinco anos me dediquei día e noite ós seus intereses e ó seu honor, que os asuntos do seu pai non eran os seus? Un liquidador tería dereito a pedirlle trinta ou corenta mil francos de honorarios, o un por cento do total das débedas. Pero, paciencia, hai una débeda lexítima de un millón douscentos mil francos e vou facer declarar ó seu pai en quebra. Embarqueime neste asunto coa palabra dese vello caimán de Grandet e fixen promesas en nome da familia. Se o señor conde d'Aubrion se preocupa pouco polo seu honor, a min, sen embargo, o meu interésame moito. Así que lle vou explica-la miña posición ós acredores. Con todo, respecto demasiado á señorita Eugénie, coa alianza da cal pensáramos en tempos máis felices, como para actuar sen que ti lle fales antes deste asunto...*

Ó chegar a este punto, Eugénie devolveulle friamente a carta sen rematala.

—Agradézollo —díxolle á señora des Grassins, xa veremos...

—Neste momento ten a mesma voz có seu pai, que en Gloria estea —dixo a señora des Grassins.

—Señora, ten que pagarnos oito mil francos en ouro —dixo entón Nanon.



—É certo; fágame o favor de vir comigo, señora Cornoiller.

—Señor cura —dixo Eugénie, cun nobre sangue frío que lle inspirou o pensamento do que ía dicir—, ¿sería pecado permanecer en estado de virxindade no matrimonio?

—Ese é un caso de conciencia do que descoñezo a solución. Se quere sabe-lo que pensa na súa *Suma de Matrimonio* o célebre Sánchez<sup>17</sup>, pódollo dicir mañá.

O cura marchou, a señorita Grandet subiu ó gabinete do seu pai e pasou alí o día soa, negándose a baixar á hora da cea, malia as instancias de Nanon. Apareceu máis tarde, á hora en que chegaban os visitantes habituais. Xamais o salón dos Grandet estivera tan cheo de xente coma durante aquela velada. A noticia do retorno e da estúpida traizón de Charles estendérase por toda a vila. Pero, por moi atenta que se mantivese, a curiosidade dos visitantes non foi satisfeita. Eugénie, que xa esperaba aquilo, non deixou aparecer na súa cara tranquila ningunha das crueis emocións que a axitaban. Soubo mostrar unha faciana risoña para responder ós que lle quixeron testemuña-lo seu interese con miradas ou palabras melancólicas. Soubo, en fin, cubri-la súa desgracia baixo o veo da cortesía.

Contra as nove, as partidas remataban, os xogadores retirábanse das mesas, pagaban e discutían as últimas xogadas de *whist* mentres se ían reunido co círculo dos conversadores.

No momento en que a asemblea se levantaba en masa para abandona-lo salón, houbo un golpe teatral que repercutiu en Saumur, no distrito e nas catro prefecturas que o rodeaban.

—Quédese, señor presidente —díxolle Eugénie ó señor de Bonfons, cando viu que collía o bastón.

Ante estas palabras, non houbo ninguén naquela numerosa asemblea que non se sentise impresionado. O presidente palideceu e viuse obrigado a sentar.

—Os millóns son para o presidente —dixo a señorita de Gribeaucourt.

—Está claro, ¡o presidente de Bonfons casa coa señorita Grandet!  
—exclamou a señora d'Orsonval.

—Esa si que é unha boa xogada —dixo o abade.

—Un fermoso *schleem* —dixo o notario.

Cada un dixo a súa frase, ou o seu comentario máis ou menos enxeñoso, todos vían á herdeira montada sobre os seus millóns coma sobre un pedestal. O drama comezado nove anos antes chegaba ó seu desenlace. Dicirlle, en presenza de todo Saumur, ó presidente que ficase, ¿non era anunciar que quería facer del o seu home? Nas pequenas vilas, as convencións son tan severamente observadas que unha infracción dese xénero constitúe a máis solemne das promesas.

—Señor presidente —díxolle Eugénie, con voz emocionada, cando quedaron sos —sei o que lle gusta de min. Xure que me deixará libre durante toda a miña vida, que non me reclamará ningún dos dereitos que o matrimonio lle dá sobre min, e a miña man é súa. ¡Oh! —continuou, vendo que se axeonllaba ante ela—, aínda non dixen todo. Non debo enganalo, cabaleiro. Teño un sentimento inextinguible no corazón. A amizade será o único sentimento que lle poida conceder ó meu esposo: non o quero ofender nin contravi-las leis do meu corazón. Pero vostede non terá a miña man nin a miña fortuna máis que ó prezo dun inmenso favor.

—Ben o ve, estou disposto a todo —dixo o presidente.

—Velaquí un millón e medio de francos, señor presidente —dixo ela, sacando do seo un título de cen accións do Banco de Francia—, saia para París, nin mañá, nin esta noite, senón agora mesmo. Vaia onda o señor des Grassins, infórmese do nome de tódolos acredores do meu tío, reúnaos, pague todo o que a súa sucesión poida deber, capital e intereses ó cinco por cento dende o día da débeda ata o do reembolso, en fin, mire por facer unha liquidación xeral e ante notario, en forma legal. Vostede é maxistrado, só de vostede me fío neste asunto. Tamén é un home leal, un cabaleiro; comprométome coa fe da súa palabra, a atravesalos perigos da vida ó abrigo do seu nome. Teremos un polo outro unha mutua indulxencia. Hai tanto tempo que nos coñecemos, somos case parentes, vostede non querería facerme desgraciada.

O presidente caeu ós pés da rica herdeira palpitando de ledicia e de angustia.

—¡Serei o seu escravo! —dixo.

—En canto teña o recibo, señor —continuou, botándolle unha fría ollada —lévello con tódolos títulos ó meu curmán Grandet e déalle esta carta. Á súa volta eu cumprirei a miña palabra.

O presidente comprendeu que conseguía a señorita Grandet por

despeito amoroso; así que se apresurou a executa-las súas ordes coa maior presteza, a fin de que non dar tempo a unha reconciliación entre os dous amantes.

Unha vez que o señor de Bonfons partiu, Eugénie caeu na súa butaca e rompeu a chorar. Todo estaba consumado. O presidente colleu o coche correo e atopábase en París á tarde seguinte. Ó outro día pola mañá, acudiu á casa de des Grassins. O maxistrado convocou ós acredores na Notaría onde estaban depositados os títulos e nin un só faltou á cita. Aínda que fosen acredores, hai que facerlles xustiza: foron puntuais. Alí, o presidente de Bonfons, en nome da señorita Grandet, pagóulle-lo capital e os intereses que se lles debían. O pago dos intereses foi para o comercio parisiense un dos eventos máis asombrosos da época. Cando a liquidación foi rexistrada e des Grassins pagado polo seu traballo coa suma de cincuenta mil francos que lle asignara Eugénie, o presidente acudiu ó palacio d'Aubrion e alí atopou a Charles no intre en que volvía ó seu apousento, abafado polo seu sogro. O vello marqués acababa de declararlle que a súa filla non lle pertencería ata que tódolos acredores de Guillaume Grandet fosen pagados.

O presidente entregoulle, primeiro, a carta seguinte:

*CURMÁN:*

*O señor presidente de Bonfons terá a ben entregarlle o recibo do pago de tódalas sumas debidas polo meu tío e outro polo que eu recoñezo telas recibido de vostede. ¡Faláronme de quebra! Pensei que o fillo dun quebrado tal vez non podería casar coa señorita d'Aubrion. Si, curmán, xulgou ben o meu espírito e os meus modais: non teño, sen dúbida, nada de mundo, non coñezo ni os seus cálculos nis os seus costumes e non podería darlle os praceres que vostede busca aí. Sexa feliz, segundo as convención sociais ás que sacrifica os nosos primeiros amores. Para face-la súa dita completa, non podo ofrecerlle máis có honor do seu pai.*

*Adeus, sempre terá unha fiel amiga na súa curmá, Eugénie.*

O presidente sorriu ante a exclamación que non puido reprimir aquel ambicioso cando recibiu a acta legal.

—Anunciarémonos reciprocamente as nosas vodas —dixo.

—¡Ah!, casa con Eugénie. Ben, alégrome, é unha boa rapaza. Pero —repuxo, sorprendido de súpeto por unha reflexión

luminosa—, ¿é rica, logo?

—Tiña —respondeu o presidente cun aire burlón— preto de dezanove millóns hai catro días; hoxe só ten dezasete.

Charles ollou para o presidente, pampo.

—Dezasete... mill...

—Dezasete millóns, si, señor. A señorita Grandet e mais eu, casando, reunimos setecentas cincuenta mil libras de renda.

—Querido curmán —dixo Charles, recuperando un pouco a seguridade—, poderémonos empuxar un ó outro.

—De acordo —dixo o presidente—. Aquí ten, ademais, unha caixa que lle debo entregar —engadiu, depositando sobre unha mesa o cofre no que ía o neceser.

—Ben, querido amigo —dixo a señora marquesa d'Aubrion, entrando sen reparar en Cruchot —non faga ningún caso do que lle acaba de dicir ese pobre señor d'Aubrion a quen a duquesa de Chaulieu lle inchou a cabeza. Repítollo, nada impedirá o seu casamento...

—Nada, señora —respondeu Charles—. Os tres millóns que noutrora debía o meu pai foron pagados onte.

—¿En efectivo?

—Integramente, intereses e capital; e vou rehabilita-la súa memoria.

—¡Que parvada! —exclamou a sogra—. ¿Quen é este señor? —preguntoulle na orella ó xenro cando se decatou de Cruchot.

—O meu encargado de negocios —respondeulle el en voz baixa.

A marquesa saudou desdeñosamente ó señor de Bonfons e saíu.

—Xa nos empuxamos —dixo o presidente, collendo o sombreiro—. Adeus, curmán.

"Búrlase de min, esta cacatúa de Saumur. Danme ganas de meterlle seis polgadas de ferro no ventre."

O presidente marchara.

Tres día despois, o señor de Bonfons, de volta en Saumur, fixo

pública a súa voda con Eugénie. Seis meses despois, era nomeado conselleiro na Corte Real de Anxers. Antes de abandonar Saumur, Eugénie mandou fundi-lo ouro das xoias tanto tempo preciosas para o seu corazón e doounas, así como os oito mil francos do curmán, para unha custodia de ouro que lle regalou á parroquia na que tanto lle pedira a Deus por el.

Por outra banda, repartiu o seu tempo entre Angers e Saumur. O seu home, que mostrou abnegación en certa circunstancia política, foi nomeado presidente de Sala e presidente da Audiencia ó cabo duns anos. Agardou con impaciencia a reelección xeral coa fin de lograr un escano na Cámara. Xa cobizaba o título de Par de Francia, e entón...

—Entón, será curmán do rei —dicíalle Nanon, a gran Nanon, a señora Cornoiller, burguesa de Saumur, á que a ama lle anunciaba as grandezas ás que estaba chamada.

Nembargantes, o señor presidente de Bonfons (por fin abolira o apelido Cruchot) non conseguiu realizar ningunha das súas ambiciosas ideas. Morreu oito días despois de ser nomeado deputado de Saumur. Deus, que o ve todo e nunca golpea en falso, castigáboo, sen dúbida, polos seus cálculos e pola habilidade xurídica coa que especificara, *accurante Cruchot*, no seu contrato de matrimonio que os dous futuros esposos se legaban un ó outro, *no caso de non teren fillos, a universalidade dos seus bens, mobles e inmobles sen exceptuar nin reservar nada, en toda propiedade, dispensándose incluso da formalidade do inventario, sen que a omisión do dito inventario puidese ser oposta ós seus herdeiros ou posibles litigantes, entendendo que o dito legado sexa, etc.*

Esta cláusula pode explica-lo fondo respecto que o presidente manifestou constantemente pola vontade, pola soidade da señora de Bonfons. As mulleres citaban ó señor presidente da Audiencia coma un dos homes máis delicados, compadecíanos e moitas veces ían ata a critica-la dor, a paixón de Eugénie, pero, como elas saben acusar a unha muller, cos máis crueis miramentos.

—Ten que estar ben enferma a señora do presidente de Bonfons para deixar ó seu home tan só. ¡Pobre muller! ¿Sandará pronto? ¿Que terá, logo, unha gastrite, un cáncer? ¿Como non acudirá ós médicos? Dende hai algún tempo está amarela; debería consultar con algunha eminencia de París. ¿Como poderá non desexar ter un fillo? Disque lle quere moito ó seu marido, ¿como non lle dará un herdeiro, na súa posición? Saben que iso é horrible; e se fose por efecto dun capricho, sería ben condenable. ¡Pobre presidente!

Dotada dese tacto fino que o solitario exerce por mor das súas perpetuas meditacións e da vista exquisita coa que percibe as cousas que caen na súa esfera, Eugénie, acostumada ademais pola desgracia e pola súa primeira educación a adiviñar todo, sabía que o presidente desexaba a súa morte para entrar en posesión daquela inmensa fortuna, aínda aumentada coas herdades do seu tío o notario, e do seu tío o abade, que Deus tivo a fantasía de chamar a el. A pobre reclusa compadecía-se do presidente.

A Providencia encargouse de vingala dos cálculos e da infame indiferencia dun esposo que respectaba, coma a mellor das garantías, a paixón sen esperanza da que se nutría Eugénie. Darlle a vida a un neno, ¿non era mata-las esperanzas do egoísmo, as alegrías da ambición acariciada polo primeiro presidente? Deus botou, pois, masas de ouro sobre a súa prisioneira para quen o ouro era indiferente e que só aspiraba ó ceo, que vivía, piadosa e boa, en santos pensamentos, que socorría incesantemente ós indixentes, en segredo.

A señora de Bonfons quedou viúva ós trinta e tres anos, dona de oitocentas mil libras de renda, aínda fermosa, pero coa fermosura dunha muller que rolda os corenta anos. O seu rostro é branco, repousado, tranquilo. A súa voz é doce e recatada, os seus modais sinxelos. Ten toda a nobreza da dor, a santidade dunha persoa que non manchou a súa alma ó contacto co mundo, pero tamén a rixidez da solteirona e os hábitos mesquiños que dá a existencia estreita da provincia. Pese ás súas oitocentas mil libras de renda, vive como vivira a pobre Eugénie Grandet, non prende o lume no seu cuarto máis que nas datas en que antano seu pai lle permitía acende-la cheminea da sala e apágao conforme ó programa en vigor na súa mocidade. Viste como vestía a súa nai. A casa de Saumur, casa sen sol, sen calor, sempre en sombras, melancólica, é a imaxe da súa vida. Acumula coidadosamente as súas ganancias e quizá parecería avara se non desmentise esa maledicencia co nobre emprego da súa fortuna. Piadosas e caritativas fundacións, un hospicio para os anciáns, escolas cristiás para os nenos, unha biblioteca pública ricamente dotada, testemuñan cada ano contra a avaricia que lle reprochan algunhas persoas. As igrexas de Saumur débenlle algunhas melloras. A señora de Bonfons á que, por burla, algúns chaman *señorita*, inspira xeralmente un relixioso respecto. Ese nobre corazón, que só latía polos sentimentos máis tenros, debía someterse ós cálculos do interese humano. O diñeiro debía comunicarlle os seus tons fríos a aquela vida celeste e inspirar desconfianza polos sentimentos dunha muller que era todo sentimento.

—So me queres ti, Nanon —diciálle Eugénie.

A man desa muller cura as chagas secretas de tódalas familias.

Eugénie vai ó ceo acompañada dun cortexo de boas accións. A grandeza da súa alma diminúe as mesquindades da súa educación e os costumes da súa primeira vida.

Tal é a historia desa muller que non é deste mundo estando nel, que, feita para ser unha magnífica esposa e nai, non ten nin marido, nin fillos, nin familia.

Hai uns días que se fala dun novo matrimonio para ela. As xentes de Saumur falan dela e do marqués de Froidfond, a familia do cal empeza a cerca-la rica viúva coma noutroa fixeran os Cruchot. Nanon e Cornoiller están, segundo se di, a favor dos intereses do marqués, pero nada é máis falso. Nin a gran Nanon, nin Cornoiller teñen intelixencia abondo para comprende-la corrupción do mundo.

París, setembro de 1833.

Notas.

1.- Trátase de María du Fresnay, filla de Balzac, nada dunha corta relación o 4 de xuño de 1834 e á que el fixo un legado no seu testamento. Marie du Fresnay, que viviu ata preto dos cen anos, morreu en Niza en 1930.

2.- Xentilhomes de campá son os descendentes dos alcaldes e dos burgomestres de certas vilas nas que estes cargos ennobrecen. Chámanse así porque durante as asembleas nas que se elixían, tocábanse as campás.

3.- Pé: medida de lonxitude equivalente a 324 cm.

4.- Polgada : antiga medida de lonxitude equivalente a 2,33 cm.

5.- Pazzi :inimigos dos Medicis

6.-1811, ano famoso pola aparición do cometa.

7.- Buisson, personaxe real da Comedia Humana, era o xastre de Balzac que o cita a miúdo pagándolle así coa inmortalidade as

facturas que lle debía.

8.- Louis Breguet, reloxeiro suízo cuxa firma subsiste na actualidade, creou un famoso reloxo extraplano a comezos do século XVIII que varios personaxes da Comedia Humana posúen.

10.- A señora Campan, antiga camareira de María Antonieta, abriu un pensionado para señoritas en Saint-Germain.

11.- Madame de Mirbel : célebre miniaturista da Restauración, a miúdo citada por Balzac.

12.-"Cando Augusto bebía, Polonia embriagábase", este verso de Federico II, rei de Prusia, citado por Voltaire, refírese a Federico Augusto III, rei de Polonia.

16.- Esta é a frase exacta de Bossuet: "É coma os cravos cravados nunha muralla a certas distancias; parece que ocupan moito espacio, reunídeos, non hai nin para encher unha man."

17.- Tomás Sánchez, xesuíta español autor des *Disputationes de Sancto Matrimonii Sacramento*. P.113